



RESERVA DA
BIOSFERA
OS ANCARES
LUCENSES E
MONTES DE
CERVANTES,
NAVIA E
BECERREÁ

PEDRAS CON LENDA

XABIER MOURE SALGADO - PILAR CARPENTE LEIRA - JOSÉ ÁNGEL FERNÁNDEZ REVALDERÍA
COLECTIVO PATRIMONIO DOS ANCARES

PEDRAS CON LENDA

XABIER MOURE SALGADO - PILAR CARPENTE
LEIRA - JOSÉ ÁNGEL FERNÁNDEZ REVALDERÍA
———— (COLECTIVO PATRIMONIO DOS ANCARES)

Edita: Deputación de Lugo - Servizo de Medioambiente

Imprime: Gráficas Lar

Déposito legal - LU 53-2021

Reservados todos os dereitos, quedando rigorosamente rohibidos, sen a autorización escrita dos titulares do copyright, baixo as sancións establecidas nas leis, a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento, comprendidas a repografía e tratamento informático, e a distribución de exemplares dela mediante aluguer ou préstamos públicos.

PEDRAS CON LENDA

XABIER MOURE SALGADO - PILAR CARPENTE LEIRA - JOSÉ ÁNGEL FERNÁNDEZ REVALDERÍA
COLECTIVO PATRIMONIO DOS ANCARES

RESERVA DA
BIOSFERA
OS ANCARES
LUCENSES E
MONTES DE
CERVANTES,
NAVIA E
BECERREÁ

AS PEDRAS FALADOIRAS DOS ANCARES

José Tomé Roca – Presidente da Deputación de Lugo

Supón un pracer poder saudar a saída do prelo dunha nova publicación sobre a provincia de Lugo. Os seus autores, Xabier Moure, Pilar Carpenente e José Angel Fernández, non precisan doutra presentación que o aval que supón o seu traballo. Como membros do colectivo Patrimonio dos Ancares, levan anos dedicados ao estudo, á recuperación e á posta en valor do patrimonio desta rexión. Un traballo feito dende a seriedade, o coñecemento e a xenerosa colaboración coas institucións e a veciñanza.

Esta publicación Pedras con lenda, exemplifica moi ben a concepción que Patrimonio dos Ancares lle dá ao termo patrimonio. Este colectivo forma parte da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá como membro activo, recompila o material e inmaterial que atesoura o territorio. Dende unha visión inclusiva e contemporánea, o patrimonio inclúe tanto a natureza como as creacións culturais; as obras de arte como os obxectos vencellados ás tradicións ou aos oficios; o material e o inmaterial. Porque cómpre defender e coidar tanto os restos físicos e as paisaxes que aínda temos con nós, como a memoria das cousas que foron e que, se as lembramos, non se poden considerar perdidas.

A Historia de Galicia lese nas nosas pedras. Unha sorte de relato ininterrompido que abrangue dende os petróglifos ata as catedrais. Marcos e valados de pedra para marcar o noso, o que permanece, e pedras nos vaos e camiños para facilitar o paso a quen marcha ou chega. Nun barco de pedra arribou a Galicia un apóstolo morto para vivir a súa eternidade, e baixo unha lousa de pedra, marcada ás veces co símbolo dun oficio, quedaba a nosa memoria nos cemiterios das parroquias.

Nacidas da xeoloxía, serras, penas, penedos, rochas e covas pasan ao mundo da literatura oral e das lendas como escenarios ou protagonistas. É difícil saber se os contos voan polo aire e buscan unha pena na que pousar, ou se son as pedras as que, despois de ficar tempo nun sitio, se volven faladeiras e comezan a repetir aquilo que lles revelan os veciños. Lean este fermoso libro e xulguen vostedes mesmos. Non se sentirán defraudados cunha obra que nos devolve un retrato dos Ancares que mestura historia, toponimia, etnografía, xeoloxía... Unha mestura feita dende o rigor científico, pero tamén cun fermoso ton literario, que evoca o realismo máxico. Porque tan reais son as pedras dos Ancares como máxicas as lendas que xorden arredor delas.

Os autores deste traballo, aos que felicito sinceramente, deíxannos ademais unha proba evidente de como poden marchar da man tradición e modernidade. Cada un dos seus breves capítulos podería ser cualificado de microrrelato. Pola súa extensión, evocan os ritmos narrativos áxiles e impresionantes que marcan as redes sociais favoritas da mocidade. No seu fondo latexa o eco das historias que nos contaron os nosos maiores, moitas veces ao carón dunha lareira, esa pedra de cociñar contos.

XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ

Para todos nós teñen os penedos un fondo sentido e fan fuxir na nosa ialma un vello temor que o paso dos séculos non logrou apagar de todo. Son ises penedos o esquelete da nosa vella terra, postos ó descuberto polo tempo. Iles presiden o noso peisaxe e son algo tan noso e tan íntimo que definen o noso chan. Son iles o símbolo da nosa ialma e nils ollaron sempre as xente da Galiza a súa representación máis íntima.

PRESENTACIÓN

Os nomes que utilizamos para identificar un lugar foron, na súa orixe, un nome común cun significado moi claro para as persoas que comezaron a usalo. Estámonos a referir aos topónimos (do grego *topos*, lugar, e *onoma*, nome), nomes propios que serven para distinguir un lugar preciso nun espazo concreto. A toponimia, que se apoia en disciplinas como a xeografía, a historia e a lingüística, é útil para traballos de tipo etnográfico ou histórico, subministrando información para comprender as transformacións que sofren os territorios ao longo dos séculos, achegando indicios que nos poden axudar a descubrir restos arqueolóxicos, confirmar a existencia de cultivos desaparecidos, esquemas de propiedade, nomes dos propietarios, lugares de culto, etc.

Este non é un traballo sobre toponimia, con el pretendemos achegarnos ás historias, lendas, ritos e tradicións que ao longo dos séculos se foron tecendo arredor das pedras, moitas desaparecidas pero cuxo nome quedou gravado na denominación do terreo, protagonistas de acontecementos, reais ou imaxinarios, que nin a Igrexa, naquelas penas asociadas a rituais paganos, foi capaz de erradicar (no século VI, no Concilio de Braga prohibiuse, baixo pena

de excomuñón, o culto ás árbores, fontes e pedras) polo que acabou por cristianizar a maioría destes lugares. Porque para os galegos as pedras son algo máis ca un mineral: falan. Dalgunhas descoñecemos que propiciou o topónimo (quizais nunca o saberemos) pero que tamén incluímos por posuír un nome chamativo ou singular. Non nos esquecemos doutras historias relacionadas con construcións (de pedra, naturalmente) feitas por man humana que tamén agochan secretos e misterios. Por medio da cartografía histórica e actual, antigos documentos, e sobre todo pola información oral, nos concellos obxecto deste traballo (Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna), que forman parte da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses, sabemos de 1.249 pedras que foron bautizadas cun nome. No traballo mencionamos arredor de 500; relacionadas con historias, lendas ritos e tradicións algo máis de 300.

Non é unha esaxeración afirmar que con cada persoa que morre ou abandona o campo, coa apertura dunha nova estrada, pista ou cortalumes, coas plantacións indiscriminadas de árbores alóctonas, coa galopante despoboación... desaparece unha parte da nosa historia. De nós depende que esa riqueza non quede relegada ao esquecemento.

AGRADECIMENTOS

Anuncia do Mesón Catroventos, Asunción Pin, Carmen de Sarceada, David Ramos, Domingo de Robledo, Eladio Fernández, Fidel Quindós Mon, Gerardo “O Minero”, Gonzalo García, Helena Villar Janeiro, Henrique Fernández-Mon, Herminio Pérez, Hugo Pardo-Vivero Vilares, Iago López Fuenteseca, Isabel Moreira García, Isolina de Coro, Javier Fernández García, Josefa Fernández, José Fernández (“José de Vilarín”), José Antonio García, José L. Digón, José Osorio Fernández, Jesús Telo Gómez, Jesús Telo Sánchez, Luis de Robledo, Manolo G. Trabada, María Novo, Manuel Méndez, Manuel Santín, Ramón da Braña, Ramón Fernández, Nemesio de Laxo, Sabino García González, Sergio Fernández, Sergio Núñez Cubero, Severino Orozco Carro, Sonia Amigo Canedo, Suso Mon, Tito Fernández de Témez, Xosé Fernández Carrete, Xosé Manuel Vega, Vicente Pérez, Vicenta Rivero Pérez, Vicente de Vilouta... e a todas aquelas persoas que sen as súas achegas non sería posible este traballo.

CANTO DOS MEATOS OU MELATOS

Lugar situado en Coea, parroquia de Castañedo (Navia de Suarna). A primeira parte do topónimo deriva da raíz preindoeuropea **kant* ou **cant*, pedra, alusión a un sitio pedroso. O composto podería facer referencia a un lugar onde recluían aos leprosos (malatos). O asterisco (*) débese a que se trata dunha palabra dunha lingua desaparecida que se reconstrúe a partir doutras linguas, e non porque quedara un rexistro escrito sobre ela. O microtopónimo Canto, só ou composto, atópase maioritariamente no concello de Navia de Suarna, e en menor medida en Cervantes.

Un veciño, cando estaba a arar a terra, o arado quedou enganchado nunha pedra. Cando procedía a retirala, comprobou que se trataba dunhas tumbas feitas con laxes en cuxo interior había esqueletos humanos. A poucos colleu por sorpresa, dende sempre escoitaran que aquel sitio estivera habitado por unhas persoas de raza pequena. Nas inmediacións había unha fonte que utilizaban para beber e lavarse. No Canto enterraban aos seus defuntos.

CASTELO

Do latín *castellum*, diminutivo de *castrum*, referencia ao antigo emprazamento dun castelo defensivo ou torre de vixilancia. Nos concellos da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses (Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna) documéntanse 16 castelos e torres, se ben só permanecen en pé as fortalezas de Doiras (a única en bo estado), Quindous e A Proba de Navia. As antigas torres, do latín *turre*, perderon a súa configuración inicial cando as transformaron en pazos ou cando foron reutilizadas como casas de labranza. Tamén se conservan 34 escudos heráldicos. O topónimo Castelo dá nome a cinco núcleos de poboación dos concellos de Becerreá e Cervantes.

CASTELO DE AIROÁ

Case no límite coas parroquias de Vilapún e San Pedro (Cervantes). O Catastro de Ensenada cita un marco que actuaba como límite de freguesías, situado ao pé do coñecido como TESO DO CASTELO, un outeiro rochoso onde se localizaron restos de muros defensivos, anacos cerámicos e dúas moedas de cobre. Unha das moedas é do ano 1618, acuñada en tempos do rei Felipe III, que equivalía a catro maravedises; aínda que coa inscrición incompleta, no anverso lese PHILIPPVS III, cun castelo e o numeral IIII encerrado nun círculo; e no reverso HISPANIARVM REX e un león nun círculo. A inscrición da segunda moeda, moi desgastada, non foi posible descifrala. Segundo a tradición, na cima, “onde só subían os corzos”, houbo unha capela.

Dín que no castelo que alí había vivían os mouros, e outros que se construíra para defenderse dos *moros* (os mouros son os seres fantásticos asociados en Galicia a moitas lendas, os *moros* os musulmáns que invadiron a Península no século VIII). Se houbo un asentamento fortificado, pode ser de época romana relacionado coas explotacións mineiras (ao seu carón pasaba a Vía XIX) ou medieval, quizais unha torre de vixilancia relacionada co castelo de Doiras que se divisa dende o alto.

CASTELO DE ALTAMIRA

Na Proba de Navia (Navia de Suarna). Citado en documentos do século XI, cando Rodrigo Gutiérrez entrega a fortaleza como dote á súa muller Senior, alcumada como a doncela de Suarna. Pertenceu ás linaxes dos Osorio e dos Altamira. Foi derrubado polos Irmandiños no século XV, non podendo ser reconstruído en toda a súa primitiva fábrica. Despois foi pasando por distintas mans, ata caer nas do cura Manuel López Ernesto quen deformou a fortaleza. Construído por riba do río Navia, crese que foi erixido para a defensa da Ponte Vella. Conserva parte das primitivas murallas e torreóns, asentados en rocha de xisto, con portas situadas a diferentes niveis.

CASTELO

Parroquia de Castelo (Cervantes). Antigamente chamábase CASTELO DE CAIS. Se houbo unha fortaleza non se conserva ningún resto. Nun documento do ano 1380, o cabido de Lugo afora a Pedro Gómez e a súa muller o Val de Cancelada por unha renda anual de 300 maravedises máis a obriga de construír unha casa e plantar tres moios de videira. O foreiro doa ao arcediago de Triacastela un casal en Guntín e outro no Castelo de Cais, reservándose o usufruto. No ano 1275 aparece citado como *Castel de Canes*. Durante o afán castelanzador do Antigo Réxime chegou a chamarse *Castillo de Perros*.

CASTELO DE DOIRAS

Na Ponte de Doiras, parroquia de Vilarello (Cervantes). Data do século XIV ou XV, se ben algún investigador traslada a construción ao século XVI polo señor de Cervantes, Juan de la Vega Enriquez de Toledo, Capitan Xeneral de Galicia a quen Felipe III lle outorgará o título de conde. Coñecido tamén como da Ponte de Doiras ou da Ferreira, álzase sobre un rochedo a 77 metros sobre o río Cancelada ou Cervantes, na desembocadura do río Doiras. Pertenceu ao conde de Grajal de Campos (concello da provincia de León), señor de Cervantes, título que posuía o duque de Sexto ata o ano 1909, cando o vendeu. Na actualidade pertence á Fundación Soto de Fión. Con moito, é o mellor conservado da comarca dos Ancares.

Tirada dunha antiga lenda oral, *A Doniña Cerva*, que os veciños transmitiron de xeración en xeración, disque Gustavo Adolfo Bécquer teceu eiquí a lenda da *Corza Branca*. Cóntase que no castelo vivía un cabaleiro de nome Froilaz que tiña un fillo e unha filla, Egas e Aldara. O fillo doutro señor dun castelo próximo namorouse da moza. O seu amor foi correspondido e, co praxe dos proxenitores, anunciouse a voda. Unha tarde, Aldara desapareceu mentres paseaba polos bosques da contorna. Os pais, o irmán, o seu namorado e demais persoal da fortaleza foron na súa busca, infrutuoso cometido que os levou a imaxinar a peor das desgrazas. Un día Egas, estando de caza, viu unha fermosa cerva branca e, cunha certa frecha, acabou coa vida do inofensivo animal. Cando quixo levar a peza para o castelo, decatouse de que pesaba demasiado polo que decidiu cortarlle unha



Castelo de Doiras (Cervantes)

pata dianteira para demostrar a súa fazaña. Mais, cando foi amosarlle a seu pai para facelo partícipe do éxito na cazaría, o que sacou do zurrón deixounos sen fala xa que o que había na saca non era a pata da cerva senón unha man, unha branca e suave man dunha muller. Desesperados, correron na procura dos restos onde Egas matara a cerva branca. Cando chegaron comprobaron que Egas non matara unha cerva senón a súa fermosa irmá. A lenda asegura que debeu ser un mouro ou unha fada quen encantou á doncela, converténdoa en cerva, e só a morte foi quen de devolvela ao seu estado natural. Outra lenda conta que un afiador de Ourense levou o tesouro que se agochaba dende non se sabe canto tempo baixo o portón da fortaleza.

CASTELO DE FRADES

Nome dunha aldea da parroquia de Cereixedo (Cervantes). Non existen restos arqueolóxicos ou escritos sobre a existencia dunha fortaleza. Citado nun documento do mosteiro de Samos no ano 1091: “*in Castelo de Frs, cella integra*”. No ano 1262, os frades de Carracedo do Bierzo posuían herdades en *Castello de Fratribus*. No ano 1310 é nomeado como *Castello de Frades*. No lugar consérvase unha casa solariega con varios elementos singulares como unha

pedra arqueira de dúas pezas con varios motivos. No corpo inferior hai unha inscrición onde se le: “X ISTA PETRA ET SCVDVM CVI X LIBET NIHIL DE X BET NISI REG. TRIBVTVM X ET VECTIGALIA EST DOMI X NI IOSE LOPz OSOo X”, (“Esta pedra e escudo nada debe a ninguén senón o tributo ao Rei, e é patrimonio do señor Xosé López Osorio”. Tamén se distinguen as inscricións “QUYNDOS” e “LLAMAS”. Pola inscrición semella que a casa estaba exenta de todo tipo de tributos, agás os reais.

CASTELO DE PENA AGÜEIRA

Supostamente atopábase na Valiña, parroquia de Agüeira (Becerreá). Da fortaleza, orixinaria do século XI, non quedan restos. Foi destruída durante a Revolta Irmandiña (1467-1469). O dato proporciónao o preito Tabera-Fonseca, unha arbitrase que tivo lugar entre o arcebispo de Santiago de Compostela Alonso III de Fonseca e o seu sucesor Xoán Tabera. Este reclamáballe ao seu predecesor unha indemnización polos danos sufridos nos castelos pertencentes á mitra compostelá. Sábese da destrución deste castelo, que non pertencía á mitra, pola testemuña de Lope de San Silvestre, vasalo do mosteiro de Sarria que, xunto cos seus, atacara a fortaleza da dita vila e logo foron contra a de Pena Agüeira. Malia o anterior, no concello do Páramo, lindeiro con Sarria, estaba o castelo de Pena Agüeira onde aínda se conservan algúns restos, feito que leva a conxectar que o citado Lope de San Silvestre referíase a este e non ao de Becerreá. Outra Pena Agüeira atópase sobre o río Navia, no límite entre as parroquias de Liber e Ouselle.

CASTELO DE QUINDOUS

En Quindous (Cervantes). Do século XVI, é de traza regular con dous torreóns cilíndricos. Crese que a familia dos Quindós asentaron no lugar no século XV. O primeiro nome que soa é o de Paio de Quindós. Ata finais do século XIX habitárono os marqueses de San Sadurniño. Nunha pedra arqueira figura a inscrición: “*Soy de la casa de Quindos fundada en esta montaña*”. Segundo a tradición, debaixo había outra lenda, desaparecida, que rezaba: “Ao rei non debo nada se lle pago a cabana”. No interior consérvanse pinturas murais ao fresco do século XVI.

PENA DO CASTELO

Por riba das Pontes, na parroquia de Donís (Cervantes). Existe a tradición de que houbo unha torre de vixilancia de época romana. Debaixo da pena consérvase unha acea que ata ben entrado o século XX os veciños das aldeas da contorna baixaban a moer o cereal. Había tamén unha taberna onde era habitual ver a máis de vinte cabalarías esperando polos seus propietarios. Ata a instalación da luz eléctrica, os moradores da acea alumábanse por medio dunha dinamo que aínda se conserva.

PENA DO CASTELO

Sitúase a 836 metros de altitude, por riba do lugar de Vilarín, parroquia de Penamaior (Becerreá). Aínda que o topónimo fai alusión a un lugar fortificado, se existiu non se conservan restos. Segundo a tradición, eiquí houbo un castelo propiedade dos monxes-guerreiros do Temple, a poderosa orde monástico militar cuxos integrantes que lograron sobrevivir, despois da súa persecución e “ilegalización”, acusados de herexía polo papa Clemente V, presionado polo rei francés Felipe IV o Fermoso, ingresaron noutras ordes monacais, entre outras o Císter que rexentou o mosteiro de Penamaior.

PENA CASTELO

Na parroquia de Rao (Navia de Suarna). Trátase dun outeiro rochoso situado a 793 metros de altitude sobre o río Rao que puído acoller un castelo roqueiro. Cóntase que nun momento non precisado o castelo que alí se levantaba foi asaltado e destruído, disque o lugar onde os atacantes emprazaron os canóns quedou ermo para sempre pola gran cantidade de pólvora utilizada para derruílo, que por queimar queimou ata as pedras.

A media ladeira do monte hai unha cova que, asegúrase, vai dar ao río. Na saída, xunto o río, hai varias penedas que non chaman máis a atención que outras moitas que hai pola contorna. Mais hai unha, lambida pola auga, que posúe unha característica que a fai distinta: ten gravada unha serpe. Entre os veciños corría a historia de que alí había un tesouro, mais, a pesares das horas gastadas na súa procura, ninguén daba con el. Nun verán, a mediados do século XIX, a seca fixo que o río Rao mingudara o seu caudal ata

límites nunca vistos, feito que aproveitou un home de Laxo para examinar de cerca a PENA DA SERPE. A rocha, ademais da gravura, non amosaba, a simple vista, ningún elemento que denunciara algún indicio que levara ao devecido tesouro. Cando, farto, se dispoñía a abandonar o empeño, notou que algo se movía baixo os seus pés. Mirou cara o chan e observou que estaba apoiado sobre unha lousa perfectamente cadrada, feitura, cavilou o home, na que pouco tiña que ver a acción da natureza. Levantou a lousa, colleu o sachó que levaba canda el e comezou a cavar na branda terra que, para que non lle estorbara, ía bourando ao río. O corazón deulle un volco cando, despois de varias horas de inútil esforzo, petou con algo duro. Mais a esperanza axiña se esvaeu, non se trataba dun deses arcóns dos que falaban as lendas, era, simplemente, unha dura rocha imposible de fender. A noite botábase enriba cando, desanimado, entrou na súa casa. Canso, puxo as botas xunto a lareira e sentou no escano. Coa mirada fixa no lume, pensou como se deixara enganar por un fato de andrómenas: os tesouros, simplemente, non existían. Unhas cousas brillantes tintinearón sobre as botas. Muxicas que viñan do lume? Ergueuse, non fose que aviveceran e llas queimaran, os tempos non estaban para tirar cos cartos. Inclínouse para collelas, e así quedou,

Pena Castelo (Navia de Suarna)



como entalecido. Co resplandor da lareira, as botas adquiriran tal brillo que semellaban de ouro. Ouro? Sen pensalo dúas veces, colleu o sacho, un saco e un candil e regresou á Pena da Serpe. Foi, ao enfocar o profundo burato que fixera, cando se decatou de todo, a lousa que actuaba de tampa cubría unha arca de pedra. De xeonllos, frotou a arca coas mans que, ao achegalas ao candil, refulxían tanto que case o cegaban: a terra, que con tanto afán guindara cara o río, non era terra, era ouro! Dise que o home conseguiu recuperar algún po de ouro que vendeu por dezasete mil réas.

PICOS DA TORRE

En Piornedo, parroquia de Donís (Cervantes). Trátase dun outeiro granítico que puido acoller un castelo roqueiro que actuaría como atalaia de vixilancia e control da zona. No mes de xuño de 2016 atopouse un alquerque de tres, ou xogo do tres en raia, gravado nunha pena horizontal que sería utilizado polos vixiantes para pasar o tempo durante as longas horas de garda.

TORRE DE DUMIA

En Dumia (Cevantes). Ten a orixe no século XII. O topónimo xa figura como tal en documentos do século XI, "*hereditas de Guntrode Citiz in Dumia*". Para A. Holder o nome viría do céltico *dumjo-s*, cima, cumio, outeiro. En Galicia temos a *Sedes Dumenses* onde exerceu San Martiño de Dumio como titular de San Martiño de Mondoñedo, en Foz. Foi solar e casa da familia Neira ou Vázquez de Neira. Na actualidade atópase en serio perigo de derrube. O máis chamativo é unha gran pedra armeira situada nun muro exterior onde se le: "*Estas armas y blasones son de Neiras ynfanzones y estas son de los de Lamas de Álvarez Alba y de Canceladas, apellidos desta casa*", mandada colocar por Gil de Mosteyro Neyra no 1660, cando unhas obras de reedificación.

CASA-TORRE DE AGÜEIRA

En Horta, na parroquia de Agüeira (Becerreá). Atópase a carón do antigo Camiño Real. As súas orixes remóntanse ao século XI. A primitiva fortaleza ardeu no ano 1895, quedando só a parte da casa, moi reformada, que aínda se conserva. Durante

moito tempo estivo vencellada a Torés, así como ás casas de Noceda, Arandedo e Cancelada. Os apelidos máis frecuentes dos propietarios refírense aos Bolaño, Ulloa e Ribadeneira.

Nun documento do ano 1410, o escribán transcribe os desexos da propietaria, Blanca de Balboa, para que a súa sobriña, María de Lamas Fernández e Balboa, case con Marcos Gómez de Bolaño, dono da casa de Quintá, da xurisdición de Cancelada de Abaixo, “*con quien está tratado que tenga que casar*”, doándolle para soste as cargas do matrimonio o lugar de Horta e a ermida do San Bieito. No ano 1809, Ramón María Ulloa Santiso ingresou como alférez no exército do marqués De la Romana para loitar contras os franceses, para o que se lle esixiu un documento que probara a súa “limpeza de sangue”. Ata o ano 1811 era preciso demostrar a limpeza de sangue a todos os que ingresaban no corpo de oficiais do exército, é dicir, que non se descendía de conversos xudíos ou moriscos.

O Catastro de Ensenada cita unha Pena do Castelo que actuaba como marco entre as freguesías de Ribón e Vallo (Navia de Suarna).

CASTRO

A palabra castro vén do latín *castrum*, asentamento ou recinto, xeralmente fortificado, de forma oval ou circular, situado a maioría das veces no cumio de outeiros, mais tamén presentes en esporóns costeiros, ladeiras de zonas montañosas, chairas e illas. Teñen a orixe, cando menos, no século VIII a. C., perdurando nalgúns casos nos primeiros séculos despois do cambio de era. Na comarca dos Ancares a maioría foron romanizados, asociados ás explotacións mineiras. Polo xeral, estruturábanse nun núcleo central ou croa onde estaban as vivendas e outras construcións, protexido por murallas, terrapléns, parapeitos e foxos, en ocasións complementados por un ou máis antecastros con distintas funcións. Nos seis concellos da comarca dos Ancares documéntanse 140 castros, 75 nos concellos obxecto deste traballo: 32 en Becerreá, 14 en Cervantes e 29 en Navia de Suarna. Só o castro de Santa

María do Castro, en Cervantes, declarado Ben de Interese Cultural no ano 2019, foi escavado parcialmente.

Nos Interrogatorios do Catastro de Ensenada de mediados do século XVIII, nos tres concellos menciónanse 16 castros que actuaban como límites territoriais por si mesmos ou onde había un marco de pedra. Moitos destes asentamentos están asociados a historias, lendas e tradicións.

CASTRO DO CALDEIRO ou BECERREÁ

Entre as parroquias de Becerreá e Cadoalla. Dise que foi construído polos mouros. Hai un túnel que comunica co castro de Ouselle. Na Noite do San Xoán, nunha fonte próxima, vese unha moura cunha galiña de ouro. O Catastro de Ensenada cita o marco de Tras do Castro que actuaba como divisorio de freguesías.

CASTRO DE VILAR DE OUSÓN

En Vilar de Ousón, parroquia de Cruzul (Becerreá). As pedras calizas que hai na croa foron levadas por unha moura. Foi entre as penas onde unha muller atopou unha cadea de ouro medio soterrada que se rompeu cando tirou dela; cando foron a buscar a parte que quedara no castro desaparecera.

CASTRO DE FONTES

En Fontes, parroquia de Furco (Becerreá). Un home que estivo emigrado en Madrid, cando regresou pasaba os días no castro na procura de tesouros; ao parecer só atopou varios muíños circulares e fragmentos cerámicos. Outro home, cando estaba a arar a terra, sacou á luz unha ola cerámica chea de po de prata. Hai outra lenda que fala de que hai soterrado un carro de ouro.

CASTRO DA SERRA OU DO CASAR

En Furco (Becerreá). Hai soterrada unha Virxe de ouro.

PICO DO CASTRO

Entre as parroquias de Agüeira, Cruzul e Ouselle (Becerreá). Estivo habitado polos mouros que se defendían dos atacantes tirándolles pedras dende o cume.

CASTRO DE VILAR DE FRADES

En Vilar de Frades, na parroquia de Ouselle (Becerreá). Hai unha mina onde os rapaces acostumaban tirar pedras para escoitar o seu son ao bater coa auga. Unha lenda conta que se se araba o castro con dous bois xemelgos atopábase un xugo de ouro.

CASTRO DE DONÍN

En Sevane (Becerreá). Aínda se conservan os restos dunha antiga casa cuxo propietario escavou en varias partes do xacemento porque lera nun libro que había enterrado un tesouro. Ninguén sabe se o atopou. O Castastro de Ensenada cita no lugar un marco que actuaba como límite de freguesías.

CASTRO DE SEVANE

En Sevane (Becerreá). Hai un lugar coñecido como A Furada dos Mouros onde estes lendarios habitantes custodiaban un tesouro.

CASTRO DE EIXIBRÓN

En Eixibrón, parroquia de Tortes (Becerreá). Uns veciños atoparon un muíño circular e outro naviforme. No interior do castro hai unha “cheminea”, tapada hoxe en día, que dá a unha cova que agocha un tesouro.

CASTRO DE CANTIZ

En Cantiz, parroquia de Vilachá (Becerreá). Non hai moitos anos uns furtivos sacaron á luz varias moedas utilizando un detector de metais. Segundo a lenda, dende o castro sae unha galería que vai dar a un manancial situado fóra do recinto. A aldea do Lago, en Becerreá, tomou o nome dun gran lago que había no lugar; agora nada queda do lago porque asegúrase que os mouros que habitaban no castro de Cantiz levaron a auga.

PENEDO DO CASTRO

En Veiga (Becerreá). Hai un túnel cheo de tesouros custodiados polos mouros. Contan que ao golpear o penedo escóitanse unhas campás. Por debaixo da pena pasa un túnel onde se atoparon armas e moedas de ouro.

CASTRO DE VILOUTA

En Vilouta (Becerreá). Víase unha vella fiando pero cando se achegaban a ela desaparecía. Tamén hai un túnel, habitado polos mouros, que comunica este asentamento co castro de Vilouta de Arriba.

CASTRO DE SANTA MARÍA DO CASTRO

O Castro (Cervantes). Debaixo da igrexa de orixe románica construída sobre o asentamento hai un túnel que vai dar ao río. Cando as escavacións saíron á luz tumbas baixomedievais feitas con laxes. Foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 2019.

CASTRO DA AIRA DOS MOUROS ou de CELA

En Cela (Cervantes). Un bo día chegaron os mouros a Cela para apoderarse da aldea, mais os habitantes fixéronlle fronte e conseguiron expulsalos para o lugar onde logo construíron o castro. No asentamento hai un pozo e unha pena que ten unha pegada como dun zapato que, asegúrase, correspondía a un mouro. Dise que onde estaba a primeira uceira onde daba o sol, preto da pena e do pozo, había un tesouro; a xente buscouno pero non o atoparon ata que un día houbo un incendio; cando o lume chegou xunto a uceira, viron como o ouro baixaba por unha rebola. Na Campa do

Castro de Santa María do Castro (Cervantes)



Fieiró (Cervantes), tamén na primeira uceira onde dá o sol a mañá do día do San Xoán, vese baixo dela unha arca chea de ouro.

CASTRO DE CORNEANTES

En Corneantes, parroquia de Donís (Cervantes). Nas inmediacións hai un lugar coñecido como A Franxoeira ou A Franxueira, un terreo pino e pedroso que cae cara o río Ser. Alí xuntábanse as bruxas da zona co demo.

CASTRO DA PENA TALLADA

Trátase dun castro situado entre as parroquias do Mosteiro, San Pedro e Vilasante (Cervantes), nas inmediacións da Vía Romana XIX e de varias minas auríferas. Existe un túnel polo que baixaban os mouros ata o río para que bebesen as cabalarías e para fuxir eles mesmos cando había liortas. Abaixo no río hai un gran barcal feito na pena para que bebesen sen ser vistos. O castro, logo romanizado, foi cristianizado coa construción dunha capela posta baixo a advocación de Santa Catarina; a imaxe foi trasladada á capela do Pazo do Fabal no ano 1726, ao seren derrubada a primitiva ermida. O nome dállo unha gran pena que hai no cume que foi cortada artificialmente.

COROA DO CASTRO

Unha veciña orixinaria do Padornelo (Cervantes) contounos que de nena, cando ía co gando ao castro, víanse unhas estruturas pétreas. Un seu avó díciulle que eran as sepulturas dos mouros.

CASTRO DO TESO DA VELLA ou PENA DOS MOUROS

En San Tomé de Cancelada (Cervantes). Na parte máis alta hai unha pena onde unha vella fiaba fíos de ouro que despois colgaba dos carballos.

CASTRO DE CASTAÑEDO

En Castañedo (Navia de Suarna). Víanse unhas fogueiras feitas polos mouros onde ninguén ousaba achegarse. Á mañá seguinte, cando os mouros xa se foran, os veciños ían recoller as moedas que deixaran entre as cinsas.

CASTRO DE FOLGUEIRAS

En Folgueiras (Navia de Suarna). Vivían os mouros. Unha mouroa aparecíase en días bretemosos a uns pastores, dicíndolles: “Vádevos nebras, levantade o cu das pedras”. Outras veces os pastores escapaban berrando: “Vámonos, levantouse a preguiza pra salvar a Galiza”.

CASTRO DE CABANELA

En Cabanela (Navia de Suarna). Nunha das paredes dun acubillo que hai no castro había escritas unhas letras que destruíu un home de Galegos cunha maza porque dicía que era a chave para atopar un tesouro, e non quería que ninguén o atopara, só el que reproduciu as letras nunha folla. Neste acubillo metíanse os nenos de Cabanela para xogar.

CASTRO DO CANTÓN

En Cabanela (Navia de Suarna). A mediados dos anos cincuenta do pasado século, un veciño atopou un anel de ouro no castro. Ao parecer, polas mesmas datas, chegou á aldea un descoñecido que pasou varios días escavando no castro. Canda el traía un libro, disque escrito en portugués, que falaba dun tesouro alí agochado. Ignórase se o atopou.

CHAO DO CASTRO

En Busto (Navia de Suarna). Hai unha fonte que agocha un tesouro, mais, polo de agora, ninguén deu con el.

CASTRO DA LAGÚA

En Mosteiro (Navia de Suarna), no límite coa aldea da Lagúa, no concello de Ibias (Asturias). Na Noite do San Xoán vese unha mouroa cunha galiña de ouro. Hai unha gran viga de ouro que chega ata a Fontiña; ninguén a viu, pero cóntase que en tempos os carros rozaban con algo moi duro que soaba a metal. O Catastro de Ensenada menciona un marco que actuaba como límite.

CASTRO DE MÉIXAMO

En Méixamo, parroquia de Queizán (Navia de Suarna), coñecido tamén como O Castrín. Agocha unha viga de ouro, outra de prata

e outra de alcatrán custodiadas polos mouros; se alguén elixe a de alcatrán estoupa. Hai unha cova onde se agochaban os mouros cando eran atacados polos romanos. O Catastro de Ensenada cita un marco como límite de parroquias.

CASTRO DE AIGAS

En Aigas, parroquia de Rao (Navia de Suarna). Nos anos corenta ou cincuenta do pasado século XX, mentres traballaban a terra para sementar patacas, atoparon un forno circular e restos de carbón.

CASTRO DOS VILARES

Nos Vilares, parroquia de Barcia (Navia de Suarna). Hai soterrado un fabuloso tesouro.

PENEDO DO CASTRO

En Cantorcía, parroquia de Ribón (Navia de Suarna). Hai unha pena cun tesouro enterrado nun oco tapado por unha tampa que ten unha argola para levantala. Nas noites de lúa chea aparece unha moura, pero se alguén se achega desaparece.

Castro da Lagúa (Navia de Suarna)



CERVANTITA

En xeoloxía, a cervantita, presente en depósitos de antimonio asociados con estibnita, leva o nome do municipio de Cervantes onde se describe este primeiro mineral descuberto nestas terras no ano 1850. Foi o xeólogo norteamericano James Dwight Dana (1813-1895) quen o bautizou con este nome.

CORNO MALDITO

Na parroquia de Donís (Cervantes), lindeiro co Bierzo, a 1.849 metros de altitude sobre o nivel do mar. O primeiro elemento semella ter a orixe na raíz precéltica **corn*, pedra, referido a un lugar pedroso, sen desbotar o latín *cornu*, corno, pola forma máis ou menos puntiaguda do monte. O composto vén do latín *maledictus*, que acaso recibe o nome polo extraordinario acontecemento que narramos a continuación.

Un día chegou unha muller ao municipio de Cervantes, dise que proveniente dalgún lugar de Asturias. A toda persoa que atopaba no camiño lle preguntaba se coñecía unha fonte de poderes milagreiros que lera nun pergameo moi antigo. Mais ninguén soubo darlle resposta. A muller, enferma e case ao bordo da morte, chegou a Piornedo. Foi alí onde un veciño lle dixo onde estaba, mais advertíndoa de que non se quedara no lugar de noite, xa que podía morrer de frío ou ser devorada polos lobos. Pasou un día, e outro... e a muller non daba sinais de vida. Mais ao noveno día, os veciños vírona baixar polo mesmo camiño que percorrera días antes. O seu aspecto xa non era o dunha muller moribunda, a cor da vida retornara ao seu lívido rostro. Cando chegou xunto os habitantes de Piornedo contoulles que se bañara na fonte nove veces ao día durante os nove días que permanecera no lugar e que o último, unha nube negra baixou do Corno Maldito. Cando a envolveu a nube, dos seus peitos manou un sangue negro e fedorento. Mais, de súpeto, a nube desapareceu como tragada pola auga do manancial. Cando a muller mirou para

os seus peitos, viu que cada un tiña unha cicatriz que é por onde se fora o terrible mal. Dende aquel suceso, a fonte coñécese co nome da muller: Fonte de María González.

CORTÍN

O cortín ou curtín, ou alvariza, é unha construción popular formada por un muro de pedra de planta circular ou elíptica, alto e grosa, que rodea os trobos ou colmeas para protexelos. Como nolo amosan os Interrogatorios do Catastro de Ensenada de mediados do século XVIII, as colmeas estaban presentes en case todas as parroquias. Nos últimos anos estanse a restaurar e reutilizar algúns cortíns, regresando á produción artesanal.

Na prensa de finais do século XIX ata os anos trinta do XX lese habitualmente que para “*preparar la invernada*” hai que realizar os arranxos precisos tanto nos cortíns como nas colmeas ás que convén mudar os “caparuchos” de palla de centeo: “*Una*

Cortín (Navia de Suarna)



y otras colmenas deben estar provistas de víveres y de abejas; ellas pasarán muy bien el invierno aun cuando sea riguroso, y el apicultor podrá dormir tranquilo. La suerte de vuestras queridas abejas estará asegurado". Os inimigos das colmeas son os ratos, que poden entrar, comendo tanto o mel como a cera. "*También el pico verde (pájaro carpintero), gallego peto, este pájaro es terrible, perfora las colmenas y chupa miel, el medio más seguro es rodear las colmenas con alambre de red*". A partir dos anos corenta celébranse varios cursos sobre as distintas formas de que poden valerse para a produción de mel, mudando "los viejos usos" por "un colmenar moderno".

COVA

Cova deriva de *covum*, latín vulgar *cova*, cavidade no terreo, oco. Un sinónimo de cova e pala. Pena das Paleiras, topónimo que atopamos no Couso, parroquia de Quintá (Becerreá), e Pena do Paleirón en Rao (Navia de Suarna). Foncova e Valcova son aldeas do concello de Becerreá, e As Covas de Cervantes e Navia de Suarna. Na comarca dos Ancares contabilízanse máis de 150 cavidades.

COVA DO BARREIRO

No monte do Barreiro, parroquia de Liber (Becerreá). O composto vén do prerromano *barro*, lama, fango, que non debemos confundir co *barrum* céltico, barreira, estacada. Por veces pode indicar o oficio de alfareiro.

Segundo nos contou un veciño, cando era mozo acostumaban tirar unha pedra dentro da cova porque resoaba. Disque nela vivían os mouros. Unha vez caeu na cova unha pita que foi aparecer, despois de pasar baixo o río Navia, en Liber.

COVA DA MEIGA

Eladio Rodríguez González (1864-1949), no seu Dicionario, editado postumamente, sitúaa no concello de Cervantes, pero non aclara onde. Di que está formada en terreos calizo-cambrianos, na cal

se oculta a corrente do regueiro de Covas, cuxas augas reaparecen de novo máis abaixo. A palabra meiga remonta a *magicus*. *Meigu* xa aparece en documentos galegos do ano 1175. A meiga é o ser sobrenatural tan arraizado nas nosas lendas; muller que, segundo a crenza popular, ten pauto co demo.

COVA DA PENA

Entre Pando e Deva (Cervantes). O segundo elemento vén do céltico **penn* e do latín *pinna*, pedra grande que sobresae no terreo.

Trátase dunha especie de sima onde hai tres olas: unha con ouro, outra con prata e a terceira con alcatrán. Quen as atope, se abre as dúas primeiras farase rico, mais se abre a de alcatrán estoupará todo. Dise que na parede da sima vense coma uns chanzos esculpidos na rocha para baixar.

COVA DOS PENEDOS

En Furco (Becerreá). Penedo deriva de pinnetum, do latín *pinna*, pedra que sobresae no terreo.

Atopouse un puñal de antenas de bronce, probablemente da Primeira Idade do Ferro, cachos de hasta de animais e ósos humanos. Segundo información recollida do Boletín da Academia Galega: *Un nuevo puñal de antenas*, de Ángel del Castillo López (1886-1961), o puñal, datado na primeira Idade do Ferro (700-500 a. C.), ten unhas



Cova dos Penedos (Cervantes)

medidas de 28,2 cm e un peso de 176 gramos. Anteriormente, a mediados dos anos trinta, foi explorada polo mestre Gonzalo Martín March, logo trasladado para a provincia de Pontevedra, e Blas Ferreiro, un estudante de Becerreá, quen atoparon un martelo, un puñal que foi depositado no Museo de Lugo e varias ferramentas. Segundo a lenda, no seu interior había tesouros ocultos, de onde saíron varios obxectos metálicos, entre eles unhas campás.

COVA DOS PENEDOS

En Vilapún (Cervantes). Trátase dunha galería asociada á mineralizacións de ferro e sulfuros de chumbo e zinc de época romana.

Cóntase que un estranxeiro estivo durante meses buscando un tesouro, guiándose por un antigo libro. Un bo día desapareceu sen deixar rastro. No sitio atoparon un sacho e un caldeiro.

COVAS DE CASTAÑEDO

Na aldea de As Covas, parroquia de Castañedo (Navia de Suarna). Coñecidas tamén como Penas do Real. Castañedo fai alusión a un sitio poboado de castiñeiros, nome científico *castanea sativa*.

De Río de Piñeira, na Fonsagrada, desapareceu unha moza de forma misteriosa, por máis que a buscaron non deron con ela. Pero ao pasar sete anos, os veciños escoitaron como cantaba dende as Covas de Castañedo: “*Rapaciñas de Río de Piñeira, siete moritos me tienen eiquí;/hace siete años, tengo siete hijos,/todos son moi guapos,/todos están arredor de mí*”. Foron buscala e trouxérona para a aldea. Dos fillos e dos moritos non se sabe que foi.

COVAS DE VALDAVARA

Na parroquia de Ousón (Becerreá). O segundo elemento semella estar formado pola voz latina *vallis*, val, e o vocábulo vara. O lingüista e etnógrafo Elixio Rivas fala da *vara de monte*, vara de doce palmos, a antiga medida de lonxitude equivalente a 1,10 metros. *Bara* é tamén unha divindade prerromana que contén o radical indoeuropeo **bar*, auga. O topónimo tamén podería estar relacionado co irlandés *bara*, xenitivo *baranu*, cimrico *bar*, ira, furor.

O primeiro xacemento de Valdavara foi descuberto a finais dos anos cincuenta do pasado século por don Carmelo Alonso, veciño de Becerreá, pero non será ata o ano 2007 cando comece as escavacións grazas á súa filla, Susana Alonso, estudante na Universitat Roviri i Virgili de Tarragona que mostrou os materiais atopados a Eduald Carbonell, profesor da Universidade e codirector das escavacións de Atapuerca (Burgos). Nas covas escondeuse temporalmente un zapateiro perseguido polos falanxistas, que vivía na Casa de Valdavara, que logrou salvar a vida polas súas destrezas na escapatoria.

EPÍGRAFE DE SAN ROMÁN DE CERVANTES

Atópase en San Román de Cervantes. É a inscrición máis antiga da comarca dos Ancares. Unha epígrafe, derivado do latín medieval *epigrapha* e este do grego *epigraphé*, é unha inscrición ou escrito curto, para conservar a memoria dunha persoa, cousa ou suceso importante. Trátase dunha ara granítica de época romana. Unha ara, do latín *ara*, é un altar onde se celebran ritos relixiosos, unha pedra consagrada á divindade. En Galicia son relativamente numerosas as ofrecidas por galaicos e romanos. O primeiro que cita a peza, antes de 1959, é Justiniano Rodríguez Fernández, e coas súas fotos publicouna García y Bellido (1903-1972) en 1966. Uns anos máis tarde os editores do *corpus* epigráfico da provincia de Lugo revisárona de novo. A ara foi descuberta “*A kilómetro y medio de distancia de San Román de Cervantes (Lugo), sobre la ladera septentrional sobre la ladera del llamado valle del Oulivar y a un kilómetro del río Navia, enquistada en el muro que cierra por el suroeste, frontero del camino de Vilar de Cancelada a Seixas, la finca de D. Antonio del Río, vecino de Vilarello. Al tiempo de su descubrimiento, ya hace algunos años, estaba unida a una pila*”, escribiu Rodríguez Fernández. Nese ano atopábase “*a la intemperie, colocada sobre el rellano de una escalera exterior*” na vivenda de D. José Antonio García, na Casa da Queitana, en San Román. No 1979 foi vista de novo debaixo dunha árbore, nunha propiedade do anterior. Segundo nos contou don José, antes de ser levada para actuar como peche estaba na capela de Santiago,

hoxe en día desaparecida. Na actualidade atópase no interior da vivenda. Trátase dun prisma rectangular apoiado nunha basa con tres molduras. Na cara menor dereita ten unha inscrición baixomedieval na que se le: ERA/(M)CXX/FROI/LA PSR/FECI. A inscrición romana di: [---] AE/[SACRVM]M/C(AIVS) VALERIVS/CARVS/MILES L(EGIONIS X [G(EMINAE)]/V(OTVM) S(OLVIT) L(IBENS) M(ERITO). Estaría datada no século I d. C., dedicada por un soldado galaico romanizado que serviu na *Legio X Gemina*.

Epígrafe en San Román de Cervantes




ESCUDO DA CASA DO AVOGADO

A Casa do Avogado, do latín *advocatus*, atópase en Vilouta de Abaixo (Becerreá). Ten unha pedra heráldica con casas, barras e lanzas, coroada por celada mirando á dereita.

Antes de ser trasladado para o emprazamento actual o escudo estaba tirado nun alpendre o que propiciou que uns ladróns o roubaran, pero non contaban cos cans da aldea que foron tras deles ata Guilfrei onde tiveron que abandonalo porque lles impedía escapar. Dise que quen o colocou no lugar actual foi un avogado de nome Manuel Pérez de Linares que se namorara dunha moza da aldea pero, debido a que non era moi agraciado, rexeitábao, mais el convenceuna cando lle regalou unha moeda de ouro.

Escudo na Casa do Avogado (Becerreá)



FITO MIRIAMÉTRICO DE AGÜEIRA

Trátase dun poste de pedra situado en Agüeira (Becerreá), a carón do Camiño Real que unía Madrid con Galicia, que se colocaba cada 10 quilómetros. Na parte frontal indicaba a distancia a Madrid, e nas laterais ás capitais máis próximas, León e Lugo. A súa colocación foi a finais do século XIX. A maioría destes fitos perdéronse polo que este exemplar é un dos poucos que se conservan en Galicia. No ano 2017 solicitouse á Xunta de Galicia a súa inclusión na Catálogo de Bens Culturais, que foi atendida e publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2018.

OS GROBOS

Na parroquia de Agüeira (Becerreá). O topónimo non provén do latín *globus*, esfera, senón do gótico *groba*, fondal, desfiladeiro, depresión, paso entre montes.

Fito miriamétrico de Agüeira (Becerreá)



Trátase dunha paisaxe formada por centenarios castiñeiros e grandes rochas calizas que a erosión foi modelando ao longo dos séculos. Hai un forno de cal. No ano 1971 serviu de escenario para a película *El bosque del lobo*, dirixida por Pedro Olea. Xira arredor dun personaxe, Freire, interpretado por José Luis López Vázquez, do que se di padece a maldición da licantropía (persoa que se transforma en lobo nas noites de plenilunio).

O topónimo Os Grobos tamén se localiza na parroquia da Ribeira (Cervantes), unha explotación aurífera a ceo aberto de época romana.

FURADA DO CORVO

No Pando, parroquia de Cereixedo (Cervantes). O primeiro elemento do topónimo deriva do latín *foratu*, furado, por analoxía cova, tamén paso terrestre. O composto vén do latín *corvu*, o paxaro omnívoro de cor negra.

Estamos, pois, ante unha pena frecuentada polo corvo, o paxaro asociado á mala sorte. Di o etimólogo Nicandro Ares Vázquez (1926-2017) que dentro da patrística cristiá, o corvo era o símbolo do demo, do pagán ou do pecador. No lugar houbo unha explotación mineira a ceo aberto de época romana.

FURADA DOS MOUROS

O segundo elemento do topónimo pode derivar da raíz prerromana **mor*, pedra, pero tamén pode facer alusión á cor moura ou ao ser sobrenatural tan arraizado no imaxinario popular galego que deu multitude de lendas. O filólogo Isidoro Millán González-Pardo (1922-2002) di que o termo mouro procede do celta *mrvos*, relacionado co termo indoeuropeo *mr-tuos*, de onde provén tamén o latín *mortuus*. Os homes adoitaban ser de cor escura, pero as mulleres eran fermosas se ben nalgúns relatos preséntanas como vellas bruxas e meigas. Aparecíanse maiormente en mámoas, castros, fontes, penas, etc.

FURADA DOS MOUROS

En Souto, parroquia de Sevane (Becerreá). Dise que pola cavidade que hai na pena entrou un can que foi saír a un pozo distante máis de dous quilómetros.

FURADA DOS MOUROS

No castro de Sevane (Becerreá). Os mouros agochaban un tesouro.

FURADA DOS MOUROS


En Sinada, parroquia de Mosteiro (Navia de Suarna). Galería de prospección de época romana.

HOME CHANTADO

Entre Monel e A Muñeiz, parroquia de Vilachá (Becerreá). Home deriva do latín *homo*, *-nis*. O segundo elemento provén do galego chantar, fixar verticalmente, alusión a unha *petra plantata*, fincada no chan que delimitaba territorios ou comunidades distintas.

Ademais do nome tan suxectivo, non conseguimos máis información. As persoas coas que falamos descoñecían o porqué

Home Chantado (Becerreá)



do topónimo. Unhas mulleres contáronos que de nenas, cando ían co gando, acostumaban subirse á pena.

IGREXA DE SAN PEDRO DE CADOALLA

En Saa, parroquia de Cadoalla (Becerreá). Igrexa deriva do latín *eclesia*, templo adicado ao culto cristián. Coñecida tamén como Mosteiro do Ecce Homo ou O Santo, con famosa romaría. O culto ao Santo vén do ano 1727. No ano 1815, o administrador do santuario mercou un reloxo de sol de lousa por 370 réas que mandou colocar na torre do campanario.

A romaría celébrase os días 14 e 15 de setembro en honra do Ecce-Homo que se venera na igrexa parroquial. Ademais do ritual relixioso, durante uns días os veciños acostuman a montar uns casetos no Souto da Bouza de Saa, xunto un primitivo castro, ateigados de comida e bebida. O culto ao santo vén do ano 1727 cando o cura, don Xosé Valcárcel Quiroga, mercou a imaxe, pagando a metade en cartos e a outra metade en misas. En tempos, os veciños acudían á igrexa con trigo ou centeo que logo era vendido para mantemento do santuario. Destes cartos, o párroco recibía unha parte xa que, segundo sentenza do Tribunal Eclesiástico de 1761, tiña dereito á quinta parte das esmolas que se recadaran durante o ano. Ao santo acódesse para pedir un favor ou para agradecerlle un xa conseguido. Como protección, adoitábase arrincar unha estela da porta do templo e gardala na casa. O párroco impón a imaxe do santo por riba da cabeza do devoto, dicindo a seguinte xaculatoria: “Que el sexa para ti, o camiño, a verdade e a vida”. Moitos penitentes pasan un pano pola imaxe do Santo e logo úsana cunha finalidade preventiva e curativa. Hai algúns anos traían exvotos representando o corpo humano e tamén animais: vacas, cochos, xatos, etc. Nos arredores apareceron tumbas de laxas, hoxe en día desaparecidas, onde, segundo a lenda, nunha había enterrado un rei. O día da romaría viñan soldados para evitar as frecuentes liortas, pagándolles coas doazóns dos asistentes.

LUGO

Lugo provén do latín *lucus* que significa bosque sagrado, ou espazo consagrado nun bosque, que adoita identificarse como un lugar onde se practicaba o culto á divindade celta *Lugh* ou *Lug*, considerado como o deus da luz.

Pode que chame a atención que traigamos eiquí este topónimo que dá nome á capital e á provincia. Pero en Vilaquinte (Cervantes), o Catastro de Ensenada cita o MARCO DA LEIRA DE LUGO que actuaba como límite entre freguesías. E en Murias de Rao (Navia de Suarna), preto do río Balouta, está a PORTA DE LUGO, un gran furado practicado en rocha xistosa que semella unha ponte.

MARCO

Marco deriva do latín *marco* e do xermánico **mark*, pedra fincada no chan que delimita os lindes dunha terra. O primeiro documento onde se menciona a utilización de monumentos prehistóricos como marcos é o *Parochiale Suevorum*, do século VI. Na Idade Media os límites territoriais definíanse mediante marcos que en moitas ocasións eran mámoas, pedrafitas, petróglifos, castros, etc. Os historiadores Xeús Ferro Couselo (1906-1975) e Florentino L. Cuevillas (1886-1958), entre outros, xa constataron que as mámoas ou medorras foron utilizadas como puntos de referencia nas demarcacións ao longo da historia.

Nos Interrogatorios do Catastro de Ensenada do ano 1752, nas sesenta e seis parroquias dos concellos obxecto deste traballo (Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna), cítase a palabra marco en 413 ocasións, fitos de pedra que actuaban como divisorios entre as distintas freguesías, concellos ou provincias. Puidemos comprobar que un bo número de nomes de marcos e penas só perviven no Catastro, na actualidade ninguén os coñece. Por outra parte, resulta practicamente imposible cuantificar os pequenos marcos de pedra colocados por man humana lindeiros de herdades que se contan

por miles. En Galicia, marcar onde comezaba e remataba unha herdade sempre foi fonte de conflitos, moitos cruentos, como nolo achegan os abundantísimos preitos e litixios. Quen non escoitou falar algunha vez de liortas por “mover os marcos”?

MARCO DA ABELLEIRA

En Mosteiro (Navia de Suarna). Latín *apicularia*, relacionado con *apicula*, diminutivo de *apis*, abella. Pode facer alusión a un colmear ou á herba abelleira ou cidreira (*Melissa officinalis*), frecuentada polas abellas, que as atrae polo seu cheiro semellante a limón.

Frei Martín Sarmiento (1695-1772), en *Nombres de plantas y comunes recogidos en el Viaje a Galicia de 1745*, ao falar das árbores e plantas di que “*Llaman así, y bien, a la melisa, y al torongil*”.

MARCO DO BUGALLÓN

En San Tomé de Cancelada (Cervantes). Di o P. Sarmiento: “*El nombre bugallón, que se usa y di como propio del pé de lobo o pé de puldriño, conviene a muchos géneros. Las árnicas, la lenzoaá, el dicho pé de lobo y otras muchas diversamente cáusticas: ya regadíás, ya secanas: todas de flor amarilla, ya simple, ya llena: todas éstas son bugallóns, o digamos, ranúnculos, si no hay inconveniente... Sábesese que si el ganado vacuno, ovejuno o mular comen esos ranúnculos, que los gallegos llaman bugallóns en común, en particular pateos y lanzoas, mueren sin remedio*”.

MARCO NO CAMIÑO REAL

En San Román de Cervantes, a carón do Camiño Real a Vilafranca do Bierzo. Camiño vén do latín vulgar *camminus*, sitio polo se pasa cando se vai dun lugar a outro. Real deriva do latín *regalis*, e

este de *rex, regis*, rei, pertencente ou relativo ao rei ou á realeza. No Camiño da Lagoa, en Castelo, e no Camiño Novo, en Lamas (Cervantes), había outros marcos.

Ata non hai moitos anos, a reparación dos camiños corría a cargo dos veciños que, ademais da man de obra, achegaban ferramentas e medios de transporte. A participación nos traballos era obrigatoria, o incumprimento dese deber, agás causa xustificada, podía carrexar a imposición dunha multa.

MARCO DA CAMPA DO CENTINELA

Na Proba de Navia (Navia de Suarna). Campa vén do latín *campus*, campo, pero de extensión máis ampla, que identifica un lugar do monte onde a herba medra espontaneamente. A abrupta orografía obrigou aos habitantes das zonas montañosas da comarca a buscar uns lugares situados en penichairas, aptos para levar o gando e sementar os cereais. En ocasións construíanse cabanas de pedra que actuaban como asentamentos temporais. Centinela deriva do italiano *sentinella*, e este de *sentire*, oír, sentir.

Dise que no sitio había unha torre de vixilancia relacionada co castelo de Altamira, na Proba de Navia.

En Ferreirúas, na parroquia de Cabanela (Navia de Suarna), recibe o nome de Campa das Penas unha necrópole megalítica formada por sete medorras. O Canto da Campa atópase en Savane, no mesmo concello.

MARCO DA CAMPIÑA

Actúa como límite entre Murias (Navia de Suarna) e Moreira (Cervantes). Campiña vén do mozárabe **kampínya*, e este do latín tardío *campania*, espazo de terra chá adicada a labores agrícolas.

Trátase dunha pedrafita con tres coviñas artificiais gravadas nunha das caras que se di foron feitas polo Choco, un trasno (latín *trans*

gradi) que vive nos montes de Cervantes e Navia de Suarna. Imita o son dos chocallos das vacas extraviadas, e fai que o dono o persiga a el en lugar de atopar a súa vaca. É unha especie de demo invisible, coñecido tamén como diaño pero distinto ao demo, e nunca tan maligno. Acostuma andar de noite polos bosques e camiños que é cando pon en práctica as trasnadas argalladas polo día. Existe un truco para librarse del que consiste en deixarlle unha boa presa de grans de millo; como non sabe contar máis de cen, cando chega a esta cifra ten que comezar de novo, e así manterse ocupado.

MARCO DA CANCELA DO CASTRILLÓN

Na parroquia de Becerreá. Cancela deriva do latín *cancelu*, estrutura que se coloca nunha portela ou parte do curro onde se mete o gando.

Citado no Catastro de Ensenada. Críase que xunto a cancela que daba acceso ao Castrillón xuntábanse as almas dos defuntos, por iso ninguén quería pasar polo lugar, nin sequera as vacas que ao aproximarse negábanse a continuar.

No concello de Cervantes cítanse os marcos da Cancela, Cancela de Navallos, Cancela da Roda, Cancela da Viña, da Canceliña, do Cancelón e Pena Cancela. Marco das Cancelas, en Vallo (Navia de Suarna).

MARCO DE CANCELLÓS

En Vilaquinte (Cervantes). Ares Vázquez di que a orixe podería estar nun primitivo posuidor do lugar chamado *Cancilius* que tivese o xenitivo en *-onis*, dunha **(villa) Cancilionis*. Eladio Rodríguez González, no seu famoso *Diccionario*, conta que reciben o nome as dúas pezas do carro que se cravan na parte inferior de cada banda. Cancellós é tamén unha aldea da parroquia de Cereixedo (Cervantes). Eiquí funcionou un mazo documentado no ano 1752.

MARCO DO CARBALLO DAS TRES PERNAS

Na Fonte do Lobo, parroquia de Guillén (Becerreá). O segundo elemento deriva do latín *quercus robur*, e Tres Pernas, do latín *tres* e *perna*.

Citado no Catastro de Ensenada, non atopamos a ninguén que nos informara porque bautizaron un marco con ese nome, quizais tivera algo que ver coa forma da árbore situada a carón do marco.

MARCO DA CASA DO ROGO

En Vilaquinte (Cervantes). Citado no Catastro de Ensenada. Rogo, do latín *rogare*, pedir algo a alguén como graza ou favor, rezar ou pedir por alguén ou algo.

MARCO DO CASTIÑEIRO DO FORCADO

Entre Veiga e Vilachá (Becerreá). Castiñeiro, árbore que dá as castañas, *castanea sativa*. O último elemento deriva da voz latina *furca*, forza, estrutura construída para aforcar.

Recibe o nome porque no castiñeiro que había xunto o marco aforcaron un home que roubara na igrexa e que logo enterraron xunto unha fonte próxima.

MARCO DE CESPEDEDO

Citado nun documento do ano 1815, que fala doutro anterior, sobre distintas lindes de herdades do matrimonio formado por Manuel Gómez Fernández e Gumersinda Barreiro, da freguesía de Rao (Navia de Suarna). Di que este marco de Cespdedo é pena traballada con fendeduras que chaman cuncas. Pode tratarse dunha pedrafita (*menhir*) prehistórica, gravada con coviñas, que logo foi reutilizada como marco.

MARCO DO CHAO DO MARCO

Entre as parroquias de Fontarón e Sevane (Becerreá). O segundo elemento do nome deriva do latín *planu*, planicie elevada. Trátase dun marco de cuarcita, situado xunto un grupo de medorras, que se di foi cambiado de sitio varias veces.

MARCO DO CHAO DO POZO

Entre Vilapún e Vilaspasantes (Cervantes). O último elemento vén do latín *puteum*, escavación profunda na terra para depósito de auga, burato que hai no terreo e que está cheo de auga. Para os celtas, certos pozos e lagoas eran sagrados, un lugar de entrada ao Outro Mundo.

Nunha casa abandonada, situada entre as dúas parroquias, hai un cartel que di: “*Casa López. Chao do Pozo. Entre términos*”. Nas inmediacións está o marco de pedra.

MARCO DO CHAO DAS TRABES

En Donís (Cervantes). Unha trabe, do latín *trabs*, *trabis*, é un madeiro goso e longo que adoita colocarse para soste o piso dunha casa. Tamén pau atravesado en calquera sitio para atrancalo. Da mesma orixe sería o Marco de Trabado, en Rao, e a aldea de Trabadelo (Navia de Suarna).

En Galicia, a trabe tamén se asocia cunha viga que, segundo a lenda, podía conter ouro, prata ou alcatrán custodiadas polos mouros; se alguén elixe as dúas primeiras faise rico, se escolle a de alcatrán estoupa.

MARCO DO CIRCO

Segundo os Interrogatorios do Catastro de Ensenada dividía as parroquias de Noceda e Vilarello (Cevantes) e Valboa (O Bierzo). O sitio tamén se coñece como A Horta do Circo. En principio, a segunda parte do topónimo, do latín *circus*, denuncia un terreo de forma circular ou semicircular nun monte, arrodeado de paredes abruptas.

En Galicia están documentados algúns circos líticos, construcións prehistóricas formadas pola disposición, en círculo, de pedrafitas. Pero no presente caso leva o nome por unha estrutura tirando a rectangular coas esquinas arredondadas que pode semellar un circo romano. No lugar, os romanos construíron un campamento temporal do que aínda se conserva a parte situada no Bierzo, a galega foi arrasada por plantacións forestais e un cortalumes. Este campamento, xunto co da Serra da Casiña, en Valverde (O Bierzo), gardan certa relación co trazado da vía XIX do Itinerario de Antonino a través do porto do Portelo ou cos pasos naturais existentes con anterioridade á calzada romana. As características destes sitios arqueolóxicos indican que se trata duns *castra aestiva* de cronoloxía altoimperial romana, construídos polo exército no decurso das campañas militares durante as Guerras Galaico-Astur-Cántabras (29-19 a. C.). Estas construcións actuaban como base de operacións onde se acuartelaban as tropas, onde se abastecían ás que estaban no fronte, lugar de retirada no caso de seren fustrigados polas forzas locais, exploración dunha zona con recursos mineiros, infraestrutura de apoio á construción de camiños, etc. A uns 300 metros de distancia atópase a necrópole do período Neolítico da Cortiña dos Mouros.

MARCO DO CORRO DE LOUXAS

Louzas é unha aldea que se atopa entre A Fonsagrada e Navia de Suarna. Segundo o Catastro de Ensenada marcaba o límite entre as parroquias de Cabanela (Navia de Suarna) e Lamas de Moreira (A

Fonsagrada). A segunda parte do nome vén do latín vulgar *currale*, céltico **cor*, curral, construción circular que serve para recoller o gando. O terceiro elemento deriva do prerromano *lausa*, lousa, rocha sedimentaria xistosa de cor escura que, fendida en láminas, utilízase, entre outros usos, para cubrir tellados e enlousar vías públicas.

A Medorra da Louseira atopámola en Furco (Becerreá), alusión a un enterramento do período Neolítico. A Pena Louseira en Guillén (Becerreá), citada no Catastro de Ensenada. A Louseira en Penamil e Rao (Navia de Suarna). A Pena do Corro en Mosteiro (Navia de Suarna).

MARCO DO COUTO

En San Tomé de Cancelada (Cervantes). O Catastro de Ensenada di que se atopaba xunto o Camiño Real que ía cara As Pontes de Gatín (Becerreá). Do latín *cautus*, defendido. O couto era o conxunto de aldeas e lugares que formaban parte dun territorio señorial, ou fito para sinalizar a división de téminos ou herdades.

Na documentación do ano 1691 sobre a fundación dunha capela en San Martiño das Canadas, mandada erixir polo matrimonio formado por Bartolomé Rodríguez de Barcia y Rosón e Agustina de la Torre y Prado, figura este marco como límite do desaparecido mosteiro de San Salvador de Cancelada. Grazas aos documentos pódese delimitar de forma bastante aproximada onde quedaba o cenobio do que, polo de agora, non apareceron restos.

MARCO DAS CUADRAS

En Lamas (Cervantes). Cremos que o último elemento do topónimo non é unha castelanización de corte, o lugar cuberto onde se garda o gando, senón que fai referencia a cada unha das catro vigas horizontais que se asentán sobre os pés do hórreo.

MARCO DA ENCRUCILLADA

Nas parroquias da Ribeira, San Tomé de Cancelada e Vilapún (Cervantes), e en Mosteiro (Navia de Suarna), o Catastro de Ensenada cita o Marco das Encrucilladas. En Castelo (Cervantes), Marco da Encrucillada.

Unha encrucillada é o lugar onde se cruzan dúas ou máis rúas ou camiños. Nas encrucilladas deteñíanse os enterros para orar polos defuntos. Nos cruces de camiños invocábase ao díaño e tamén se manifestaban as ánimas e a Compañía. Mais, nas encrucilladas tamén se curaba o mal de ollo e o angaraño, e prendíanse as purificadoras fogueiras na Noite do San Xoán, ademais de seren un lugar propicio para os rituais de fecundación. Polas encrucilladas transitaban o ben e o mal, a vida e a morte. Cómpre lembrar que os enterramentos efectuábanse á beira dos camiños e nas encrucilladas (meníños que morrían sen bautizar, suicidas, etc.), e tamén se practicaban bautizos prenatais ou manifestábanse as ánimas en pena, o que dá idea do medo histórico que estes lugares infundían pola noite.

No Alto do Restelo, entre os concellos de Baleira, Becerreá, A Fonsagrada e Navia de Suarna, hai unha necrópole megalítica formada por cinco mámoas. En tempos, no cruce de camiños que comunican os catro municipios había unha cruz de pedra, hoxe en día desaparecida, de aí que o lugar reciba tamén o nome de Cruz do Restelo. Contáronos que ao seu pé enterraran varios nenos que non recibiran o bautismo e, tamén, ao menos, un adulto que se suicidara e ao que o párroco non quixo dar sepultura en lugar sagrado. En Savane (Navia de Suarna) poñíanse as fogueiras nos cruces dos camiños para que por riba pasara o gando para curarlle o mal dos pés.

MARCO DA ERMIDA DE SANTA ISABEL

Ermida deriva do latín *eremus* co significado de deserto, solitario, ermo, lugar afastado escollido polos eremitas para dedicarse á vida contemplativa. Isabel deriva do nome de orixe hebrea *Elisabeth*.

Santa Isabel, filla do rei André II, naceu en Hungría no ano 1207 e morreu vinte e catro anos despois vítima dunha enfermidade.

Marco e ermida cítanse no Catastro de Ensenada como límite da freguesía de Cadoalla (Becerreá), pero o problema radica na súa localización xa que nin do un nin da outra quedan restos. Malia o anterior, non moi lonxe da igrexa parroquial do Cereixal localízanse uns terreos que levan o nome de A Ermida e Riba da Ermida, topónimos precisos que apuntan a que no sitio houbo unha antiga capela. Cómpre precisar que cando os Interrogatorios do Catastro de Ensenada O Cereixal non existía como parroquia, pertencía a Cadoalla.

O citado catastro nomea outros marcos situados xunto ou próximos a ermidas: Marco da Lagúa da Ermida, en Quintá de Cancelada (Becerreá). Marco da Ermida de Santo Estevo, entre Ambasvías e Vilaver (Cervantes). Marco da Ermida de San Pedro de Olmos (Cervantes). Marco da Ermida Vella, en Quindous (Cervantes). Pena da Ermida de San Froitoso, na Ribeira (Cervantes). Marco da Ermida de Murias, en Ribón (Navia de Suarna).

MARCO DA FONTE DO ABADE

En Ferreirós de Valboa (Becerreá). Fonte deriva do latín *fons*, *-ntis*, referido a un lugar onde mana a auga. Abade vén do latín *abbas*, *-atis*, alusión a un monxe que ten ao seu cargo unha abadía ou mosteiro. Nalgunhas partes de Galicia tamén adoita chamarse así ao sacerdote que ten ao seu cargo unha parroquia.

En Galicia, a fonte ocupa un lugar destacado no eido da lenda. Xa no século VI, Martiño de Dumio denunciaba que o campesiño galego facía ofrendas de pan e viño ás fontes. Críase que nelas habitaban certas fadas que, coa fin de atraer aos humanos, prometían grandes riquezas. Din que cando se soña cunha fonte de auga clara é sinal de riqueza, cando a auga sae toldada anuncia unha desgraza. Moitas fontes posúen propiedades creadoras, salutíferas e sandadoras. Beber de sete fontes despois das doce da Noite de San Xoán cura

o bocio; lavarse coa auga recollida en sete fontes na mesma noite, adobada con flores aromáticas, é boa para a pel. Xunto ás fontes, ao igual que nas praias, as meigas celebraban os aquelarres.

En Fontarón (Becerreá) está a PENA DA FONTE DOS MOUROS, alusión a unha pena situada xunto unha fonte frecuentada por estes míticos seres.

O Catastro de Ensenada cita na Borquería, parroquia de Ouselle (Becerreá), o MARCO DA FONSAGRADA, do latín *fons sacrata*, fonte sagrada ou santa.

MARCO DA PEDRAFITA

Citado no Catastro de Ensenada na antiga freguesía de Nantín, na actualidade pertencente a Cascallá, e en Veiga (Becerreá), composto que tamén atopamos no Rego de Pedrafita, na parroquia de Fontarón. De *petra ficta*, alusión a unha pedra fincada no chan que delimitaba territorios ou comunidades distintas.

Un documento do ano 1600 fala de *Petra Ficta*. O vocábulo correspóndese co termo bretón *menhir* que en Galicia recibe, entre outros, os nomes de pedrafita, parafita, pedra chantada... das que pouco sabemos. As prehistóricas quizais estiveran relacionadas co culto á fertilidade.

Centos de pedrafitas, consideradas pola Igrexa como pagás, foron destruídas para evitar que as xentes seguisen a depositarlle ofrendas e facer rogativas.

O Catastro de Ensenada cita en Vilachá (Becerreá) o MARCO DA PEDRA CHANTADA, latín *petra plantata*, fixada, cravada na terra, que equivale a pedrafita. Co mesmo significado temos Chanteiro, na Ribeira (Navia de Suarna).

MARCO DE PEDRAS APAÑADAS

O último elemento vén do verbo apañar, recoller ou coller unha cousa onde estaba, particularmente do chan. Situado entre o Corno Maldito e o Pico dos Charcos, no límite coa provincia de León, a carón dun antigo camiño que comunicaba Vilarello de Donís (Cervantes) coa aldea de Campo del Agua (O Bierzo).

No desaparecido xornal *El Norte de Galicia* do 14 de setembro de 1903, o autor do artigo, Ildfonso Fernández, narra unha camiñada que con varios amigos fixo a través da zona montañosa da serra dos Ancares, entre outras por Pedras Apañadas. O topónimo tamén se localiza na parroquia de Cascallá (Becerreá).

MARCO DO PORTELO

O Portelo é un pequeno lugar con catro casas, tres no concello de Valboa (O Bierzo) e unha no concello de Cervantes. Na actualidade non vive ninguén, só no verán se ve algunha actividade.

Pero non sempre foi así, ata ben entrados os anos sesenta do pasado século era paso obrigado para as persoas que ían ás feiras do 5 e 21 de Pedrafita do Cebreiro e do 6 e 22 de Veiga de Valcarce que, a través de antigos camiños (Vía romana, Rudeira dos Galegos, Camiño Real...), converxían na pequena aldea que contaba con mesón e pousada. Pola prensa de entre finais do século XIX ata os anos corenta do XX sabemos que as liortas eran bastante frecuentes, mesmo algunhas remataban de forma cruenta. Pero hai unha, que recollimos tanto na Braña (O Bierzo) como en Vilarello (Cervantes), que quedou especialmente gravada. No ano 1934 produciuse no Portelo un dobre crime debido a unha discusión por unha partida de cartas. Unha das persoas, que morreu a estacazos, ocasionou un conflito xurisdiccional sen precedentes entre a xustiza, e todo porque o morto caeu nos dous territorios, quedándolle os pés nun lado e a cabeza no outro. Os xulgados de Galicia e León non se poñían de acordo para ver quen levantaba o cadáver. O tempo pasaba sen que as autoridades foran quen de ditaminar a quen lle correspondía actuar. A expectación

medraba co transcurrir das horas. Ao final foron os máis vellos da zona os que alumaron a solución: Galicia tiña que facerse cargo porque fora onde lle quedaran os pés ao morto. Razoouse así porque os pés ían sempre para onde lles mandaba a cabeza.

O MARCO DA PORTELIÑA

En Cruzul (Becerreá), cítase no Catastro de Ensenada. Diminutivo de porto. Estaba nas inmediacións do Castro Roto. Cóntase que se chama Porteliña porque había unha entrada que ía dar a un tesouro, pero para poder acceder había que levar un ovo negro posto por unha pita negra e dicir un esconxuro escrito nun libro.

En Bustelo, na parroquia de Vilachá (Becerreá), están as Penas do Portelo.

MARCO DO POUSADOIRO

En Cabanela (Navia de Suarna). O último elemento deriva do verbo pousar, latín tardío *pausare*, deter, repousar.

En tempos, acostumaban facer un descanso no sitio pousando a carga, de aí o nome.

En Penamaior (Becerreá), o Catastro de Ensenada nomea o MARCO DA MODORRA DO POUSADOIRO, situado preto do camiño que ía de Liñares a Vilarello (Baralla) que debía cumprir a mesma función.

MARCO DA POZA DO PREGUNTOIRO

En Ousón (Becerreá). Poza deriva do latín *puteus*, pozo, escavación profunda na terra para depósito de auga, burato que hai no terreo e que está cheo de auga.

Sobre o último elemento, no *Vocabulario popular galego-castelán*, de Filgueira Valverde, Tobío Fernandes, Magariños Negreira e Cordal Carús, publicado por entregas en *El Pueblo Gallego* no 1926, di: “*Lugar donde se publicaban los pregones*”. A filóloga Dolores González, nun artigo publicado no seu blog no

ano 2013, escribe que pode vir do latín *pergere*, camiñar, dirixirse, seguir, termo do que tamén procede peregrino. Por outra parte, na Compostela da Idade Media non existían leis que controlaran os prezos dos comerciantes que tiñan como obxectivo os peregrinos polo que o arcebispo Xelmírez, para protexelos, lexislou os prezos dos comerciantes e os salarios das distintas profesións, vixiando a revenda de produtos e o engano. Os prezos pregoábanse no *Preconitorium*, de aí o nome de Preguntoiro.

No presente caso, a lenda di que esta poza, da que non se ve o fondo, está encantada. Na parte máis profunda vive unha moura a quen, en determinados días do ano, se lle pode preguntar calquera cousa. Sempre responde, aínda que anuncie unha desgraza polo que moitas persoas prefiren non preguntar. Ás veces tamén se ve como a moura se peitea cun peite de ouro.

MARCO DO POZO QUE RONCA

En Agüeira (Becerreá). O último elemento deriva do latín tardío *ronchare* e este do grego *rónychos*, facer moito ruído.

O pozo cítase como “*Pozo Corronco*” nunha Provisión “*del real tribunal de Galicia*” a petición de Thomás de los Cobos, “*señor de la fortaleza de Torés*”, sobre reclamación dunha serie de bens en varios lugares.

MARCO DOS PRÉSTAMOS

En Castelo (Cervantes). Do latín *praestare*, entregar algo a alguén para que o utilice durante algún tempo e despois o devolva.

Xunto o marco colocábanse uns usureiros que emprestaban cartos cuns xuros moi elevados; quen non podía facer fronte aos pagos corría o risco de perder todas as súas propiedades. O marco deixou de utilizarse para estas prácticas cando un prestamista da Proba de Navia apareceu aforcado.

MARCO DA RAÑA

En Donís (Cervantes). O historiador e lingüista Ramón Menéndez Pidal (1869-1968) relaciona o étimo co verbo galego rañar, rascar, en alusión a un monte formado por vexetación raquíca que, pola súa altura, é raída polos axentes atmosféricos. Para Carré Alvarellos (1888-1976) sitio de brañas. Segundo Elixio Rivas, monte baixo con carpazo, moi roído polo gando. E para Otero Álvarez (1911-1974), prado de mala calidade. Da mesma orixe semella o Marco de Rascadelle, de rascar, latín vulgar *rasicare*, en Folgueiras (Navia de Suarna).

MARCO DO RETORNO

En Vilaquinte (Cervantes). Elixio Rivas Quintas, en *Frapmas, contribución al diccionario gallego* (1988), di que retorno fai alusión a un camiño moi pendente xa que torno aparece en Galicia aplicado ao camiño pendente con grandes voltas.

No sitio poñíase unha muller de Vilarnovo. Era unha vedoira que posuía o don de “ver” ou adiviñar a presenza da morte ou dalgunha desgraza, triste facultade reservada a aquelas persoas que foron bautizadas con auga bendicida utilizada nun enterro, ou porque o cura que lles administrou o sacramento do bautismo levaba posta unha estola que utilizara para o mesmo fin.

MARCO DO RÍO SAGRADELO

Citado no Castastro de Ensenada entre as parroquias de Freixís e Pin (Navia de Suarna). A segunda parte do topónimo deriva do latín *rivu*, corrente fluvial. Rivas Quintas relaciona o vocábulo *sagra* cun lugar sagrado, di que en documentos antigos aparece *Ordes sagras*, referidas a ordes sacerdotais. Outros autores dánlle unha orixe árabe co significado de campo cultivado.

Unha Noite do San Xoán, un mozo quixo roubar un pito de ouro, pero cando lle botou a man o pito, que se converteu en culebra,

mordeuno. O home salvouse grazas a unhas herbas que lle puxo na ferida unha curandeira de Galegos.

MARCO DE SIÓN

En Folgueiras (Navia de Suarna). Chama a atención o composto do que non atopamos referencias en Galicia. Sión, Tzion ou Zion, *Tsiyyon* en hebreo, ten o significado de terra prometida. O nome lévanos ao outeiro de Xerusalén en que foi construída a cidade do rei David, que sería a orixe do pobo de Israel. Daríalle o nome unha persoa que tiña como relixión o xudaísmo? Non cremos que teña nada que ver coa orde militar e relixiosa de Sión fundada en Xerusalén por Godofredo de Bouillón durante a Primeira Cruzada (1096), cuxos monxes que aínda quedaban da orde pasaron aos resuítas no 1617.

MARCO DO TEIXO

En Noceda (Cervantes). Sitio plantado de teixos, latín *taxus baccata*, con froitos en forma de bagas vermellas. Nalgunhas partes da comarca dos Ancares recibe o nome de teixo o teixugo (*meles, meles*), mamífero da familia dos mustélidos de pelo longo e espeso que vive en tobos profundos e costumes nocturnos. Din que hai dous tipos, o porco teixo e o porco can, segundo a forma do pé.

Verbo desta árbore conífera, Floro, historiador latino do século II d. C., menciona o asedio do Monte Medulio no ano 19 a. C., cando os romanos, ante a imposibilidade por conquistalo coa súa poderosa maquinaria de guerra, cécano cun foxo de quince millas ao que os galaicos respostan, denantes caeren escravizados, cun holocausto colectivo por medio do veneno do teixo e as propias armas. O mítico Monte Medulio é un dos montes máis buscados pero, ata o presente, ninguén foi quen

de dar con el. Del falan o citado Floro e o teólogo cristián Paulo Orosio (século IV-V d. C). As hipóteses sobre a súa ubicación son moitas: Ribeiras de Lea (Castro de Rei); Monte Cido (Folgozo do Courel); Monte Medela (Xove); na confluencia dos ríos Miño e Sil nos Peares; Monte Medelo, en Santa Cruz de Arrabaldo (Ourense); Monte Castelo (Pereiro de Aguiar); Santa Trega (A Guarda); Monte Aloia (Tui); preto das Médulas (O Bierzo)... e tamén en Becerreá.

Unha noticia aparecida no xornal *El Pueblo Gallego* do 14 de agosto de 1935, nun pequeno artigo asinado por Luis Otero que fala do mal estado de conservación da igrexa e dos restos do mosteiro de Penamaior, chamounos a atención un parágrafo: “*El viejo monasterio de Penamayor, emplazado en las estribaciones de la montaña que le da nombre, y la que algunos historiadores localizan el fabuloso Monte Medulio...*”.

MARCO DE TODÓN

En Todón, parroquia de Cascallá (Becerreá). Alusión a unha **(villa) Tetoní*, dun propietario de orixe medieval de nome *Teton*.

Marco do Val de Solleiro (Cervantes)



Atopábase no castro, actuando como límite de parroquias, cando Todón pertencía á desaparecida freguesía de Nantín. No lugar houbo unha cruz de pedra que foi destruída cando a creación da parroquia de Cascallá. Nas noites de brétema, quen ousara pasar polo sito escoitaba o tanxido dunha campá; o número de badaladas anunciaba cantos días lle quedaban de vida.

MARCO DO VAL DE SOLLEIRO

Val deriva do latín *vallis*, chaira de terra entre montes ou alturas. O último elemento denuncia un sitio onde dá o sol ao abrigo; lugar onde en inverno se pode tomar o sol ao abrigo do vento. O lingüista Joaquín Caridad Arias faino derivar do nome persoal *Sollarius*, alusión ao sol, astro ou divindade.

En tempos, actuaba como linde entre os concellos de Cervantes, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro. Na actualidade como divisorio entre Cervantes e Pedrafita, feito que moveu ao Concello das Nogais a unha desputa co de Pedrafita porque, disque, se apoderou de terras que dende antigo lle pertencen.

O Catastro de Ensenada recolle o Marco do Carballo do Solleiro en Donís, e o Marco do Solleiro en Mosteiro (Cervantes).

MARCO DE VILOUTA

Vilouta (Becerreá) fai alusión a unha vila alta, a un pobo situado nun lugar outo, elevado.

Trátase dunha pena de cuarcita de sección rectangular de pouco máis de un metro de altura. Dise que foi chantada por unha moura e que os mouros que habitaban no túnel que comunicaba os castros de Vilouta de Arriba e Vilouta de Abaixo ataban os seus cabalos ao fito. Cando o vimos, o marco estaba tumbado no chan.

MARCO DE XUNQUIÑAS

O segundo elemento é un diminutivo de xunco, latín *incus*, planta que nace en lugares húmidos.

Aínda que nalgũa cartografía figura como un só marco, Marco do Pozo ou de Xunquiñas, un documento do ano 1788 (escritura rexistrada no 1838) di que se trata de dous fitos distintos. O Marco do Pozo, que na actualidade separa a provincia de León de Galicia, actuaba como marco de término entre as aldeas de Poso e Moreira (Cervantes), Murias (Navia de Suarna) e Suárbol (León). O primitivo marco de pedra desapareceu, sendo substituído por un de cemento. O Marco de Xunquiñas ou do Camín delimita o monte da Cespedosa, en Cervantes, e o monte de Murias, en Navia de Suarna. Utilízase para anunciar un couro de caza.

MARCOS E PENAS CON NOME DE PERSOA

Os Interrogatorios do Catastro de Ensenada celebrados nas freguesías dos concellos obxecto deste traballo tamén nos

Marco de Xunquiñas (Navia de Suarna)



achegan marcos divisorios de parroquias que foron bautizados con nomes de persoa, masculinos e femininos, que se correspondían cos propietarios e propietarias dos terreos onde se emprazaban.

MARCO DA AIRA DE MÍGUEZ

En Lamas (Cervantes). Míguez, patronímico “fillo de Miguel”. Pode ser unha forma evolucionada do apelido Amiquiz, de *amicus*, amigo.

MARCO DA BOCA DE GOZENDE

Na Proba de Navia (Navia de Suarna). De *Gundesindici* ou *Godesindi*. Orixe nun antropónimo (nome de persoa) bitemático de filiación xermánica, *wabi*, país, e *sinbs*, camiño.

MARCO DO CHAN DE BIBIÁN

No Alto de Bibián, entre as parroquias de Castelo, Lamas e O Mosteiro (Cervantes). Do latín *Vivanus*, patronímico de *Vivius*.

MARCO DO CHAO DE MARCELÍN

En Marcelín (Navia de Suarna). Marcelín deriva do nome latino *Marcellinus* que vén a significar martelo ou relativo ao deus Marte.

MARCO DA CHOUA DE DON BERNARDO RIVERA

En Vilouta (Becerreá). Bernardo deriva da voz xermánica *berin-hard*, que significa oso forte. Rivera vén do latín *riparia*, alusión a unha persoa que o tomou dunha zona de terra que está en contacto ou próxima ao mar, un lago ou un río.

MARCO DE DONA ELVIRA

En Castañedo (Navia de Suarna). A forma máis aceptada para o nome feminino Elvira é unha procedencia do xermánico visigodo *Gelvira*, formado por *gaisl* (lanza) e *wers* (amigable).

MARCO DE FROILÁN SANÁN

No Pontorrón (Cervantes). Froilán, do xermánico *Froilanen*, acusativo de *Froila*, do gótico *fraujis*, amo, señor. Hai autores que o fan derivar do xermánico *fraw* que tamén daría Fruela.

MARCO DO LAMEIRÓN DE CHAO NÚÑEZ

En Galegos (Navia de Suarna). Núñez, patronímico do nome propio Nuno que nos documentos galegos de época medieval aparece como *Nunnus*.

MARCO DA MARCADA DE DON BERNARDO SANTÍN

No Mosteiro (Cervantes). Bernardo deriva da voz xermánica *berin-hard*, que significa oso forte. Santín, de *Sendinus*. *Santius* é tamén unha divindade céltica de onde derivarían os topónimos e antropónimos galegos Sante, Vilasante, Vilasantán, etc. Ares Vázquez di que foi xenitivo dun nome persoal *Sanctinus* ou *Sanctinius*, diminutivo de *Sanctus* ou *Sanctius*.

MARCO DE PEDRO LEDO

Na Ribeira (Cervantes). Pedro, do latín *petrus*, pedra. Ledo é un apelido proveniente de Galicia e Portugal, co significado de alegre, que sente ledicia.

MARCO DA PENA DE DONA ALDONZA

En Moia (Navia de Suarna). Para algúns autores o nome Aldonza, bastante común en época medieval, ten unha orixe xermánica, composto pola voces *ald*, importante, e *gundi*, famoso.

PENA DO PRADO DE MARTÍN MERLÁN

En Tortes (Becerreá). Martín, latín *Martinus*, adicado á veneración do deus Marte, home belicoso, guerreiro. Merlán, orixe nun fitotopónimo, un nome referido ás plantas? Ou quizais do antropónimo *Merila*, *-anis*, como propoñen Piel e Kramer.

PENA DE REGOSMIL

En Regosmil, parroquia de Fontarón (Becerreá). Citada no Catastro de Enseanda. **(Villa) Recomiri*, dun propietario medieval de orixe xermánica que atendía polo nome de *Recomirus*.

PENA DE RODIZ

En A Muñeiz (Becerreá). Alusión a un propietario de orixe xermánica de nome *Roderici*.

PENA DO RUBIO

Na parroquia de Santa María do Castro (Cervantes). Quizais do nome de persoa *Rubidus*.

PENA DE SANDOMIL

En Penamaior (Becerreá). Do nome de orixe xermánica *Sandemirus* que figura no onomástico medieval nos anos 983 e 987.

PENAS DE RIANDE

Preto da Casa de Riande (Cervantes). Riande, de *Randius*, de orixe, quizais, gótica.

PENAS DE RUBIAIS

En Santa Mariña, parroquia de Ribón (Navia de Suarna). Alusión a unha herdade propiedade dun home de nome *Rubianus*.

MEDORRA/MÁMOA

Mámoa vén do latín *mammula*, monumento prehistórico en forma de meda ou túmulo que sinala o lugar dun enterramento megalítico. O Megalitismo, do grego *megas*, grande, e *lithos*, pedra, desenvolveuse en Galicia a partires do IV milenio a. C, acadando o máximo apoxeo no III milenio e mantendo o seu uso ata o 1500 a. C., xa na Idade do Bronce. No seu interior poden atoparse estruturas pétreas (dolmen). Ata o presente, nos concellos de Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna lévanse documentado máis de cen tumbas en desigual estado de conservación. Nos Interrogatorios do Catastro de Ensenada, nos concellos citados menciónanse varios enterramentos do período Neolítico que actuaban como marcos divisorios de freguesías.

ALTO DA MODORRA

En Borzoado (Cervantes). Había un tesouro enterrado que estaba debaixo da primeira uz que tocaba o sol pola mañá.



Dolmen da Pedra Cobertoira (Becerreá)

CORTIÑA DOS MOUROS

A 300 metros do campamento temporal de época romana do Campo do Circo, entre Cervantes e Valboa (O Bierzo). Necrópole formada por tres medorras que o imaxinario popular identificou con tres fornos onde os mouros facían o cal que, asegúrase, foi utilizado na construción do castelo de Doiras.

DOLMEN DE FERREIRÚAS

En Ferreirúas (Navia de Suarna). Unha moura secuestrou a unha muller para que lle cuidara os fillos. Cando os mourinhos fixéronse maiores, a nai moura ceibouna e deulle moito ouro.

DOLMEN DA PEDRA COBERTOIRA

En Vilouta (Becerreá). Recibe o nome un enterramento de época prehistórica formado por tres pedras de cuarcita horizontais chantadas no chan con forma de caixa sobre as que asenta unha gran pena a xeito de tampa. Dise que a tampa ou pedra cobertoira (de aí o nome) foi levada alí por unha moura que a trasladou sobre a súa cabeza. No número IV da revista *Galicia* do ano 1935 aparece citado como “*dolmen de Vilonta*”.

MEDORRA DA LOUSEIRA

En Furco (Becerreá). Había unha capela onde vivían os mouros.

MEDORRA DA PEDRA DA ACHADEGA

Entre Folgueiras e Son (Navia de Suarna), citada no Catastro de Ensenada como marco. Recibe o nome porque xunto dela achéganse (xúntanse) as dúas parroquias.

A mámoa ou medorra, ou unha pedra colocada sobre ela, que nalgúns casos sería o propio dolmen, actuaba como marco. En Becerreá: Marco da Modorra en Cascallá, Medorra da Cruz da Serra en Guillén e Modorra do Pousadoiro en Penamaior. En Cervantes: Medorras da Coriscada e Coutarelo en Vilaquinte. En Navia de Suarna: Medorras das Laxas ou do Couto na Tumbiadoira e Marco das Modorras en Galegos, As Modorras en Coea.

MINA DOS MOUROS

En Casares, parroquia de Vilaiz (Becerreá). O primeiro elemento vén do latín *meina*, paso subterráneo para a extracción de mineral, ou nacemento dun manancial.

Segundo nos contaron unhas veciñas, de nenas acostumaban adentrarse na longa gruta con fachos acesos. Xunto a entrada había dúas “camas” de pedra onde durmían os mouros para vixiar o fabuloso tesouro que agochaban na cova.

Monolito no cemiterio de Becerreá



MONOLITO NO CEMITERIO DE BECERREÁ

Segundo a tradición, o único resto que se conserva da desaparecida igrexa, posiblemente románica, de San Xoán de Becerreá é unha pedra que se atopa no cemiterio da vila. As noticias sobre o antigo templo son escasas, só atopamos dúas aparecidas en *El Regional* do 10 de decembro de 1898 que fala dun roubo acontecido na igrexa, e en *El Norte de Galicia* do 3 de marzo de 1903, nunha visita que fixo a Becerreá o deputado Enrique Saavedra Bálgora, que informa que a igrexa xa estaba en ruínas. A construción da igrexa actual de San Xoán comezou no ano 1904 e foi consagrada no 1927.

MONTE LOURIÑA

En Castañedo (Navia de Suarna). Diminutivo de louro, vocábulo que deriva dunha base **lar*, **lor* ou **l´r*, rocha, pedra.

No monte hai unha cova cun carneiro de ouro encantado, para desencantalo hai que ler unha pasaxe dos *Evanxeos*, pero non se sabe cal, por iso ninguén o intenta porque se lee a pasaxe equivocada estoupa.

OURICEIRA

Tamén reciben o nome de uriceiras, corripas ou corrizas. A ouriceira é unha construción tradicional para gardar os ourizos das castañas no mesmo souto onde se recollen. Estaba formada por un valado circular de pedra de pouca altura, cunha entrada que se pechaba cun pequeno portelo. No interior botábanse os ourizos sen abrir. Con este sistema soltaban o froito con máis facilidade pero que tamén lle daban un sabor distinto, de aí o dito de que “esas castañas saben a ouriceira”. Permanecían alí durante un mes ou mes e medio. As ouriceiras construíanse pola necesidade de protexer as castañas dos animais, como o xabarín ou o porco bravo. O estado da maioría destas construcións é de total abandono.

PALLOZA

En liñas xerais, unha palloza é unha construción tradicional adicada a vivenda de persoas, corte para os animais e almacén, compartindo o mesmo espazo. No seu estudo sobre estas construcións na zona astur-galaico-portuguesa, o lingüista alemán Fritz Kruger (1889-1974) sinala que poden presentar planta oval, elíptica, elíptica truncada ou rectangular redondeada, adaptándose ao terreo onde asentan e encaixándose nel para protexerse dos ventos. A súa estrutura aílla do frío exterior, mantendo a calor producida pola lareira e a fermentación do esterco dos animais. Están realizadas en pedra granítica, lousa ou cuarcita, madeira de carballo e castiñeiro para vigas e soportes, e palla (colmo) para a cuberta. A distribución exterior variaba segundo as características e dimensións, dende as construcións máis modestas formadas por un único espazo, ata complexas edificacións cuxa organización interna estaba formada por varias dependenzas independentes, situadas nun ou varios niveis. A vida desenvolvíase arredor da lareira. O mobiliario era escaso, o xusto para cubrir as necesidades básicas.

Palloza (Cervantes)



Canto á forma redonda hai varias teorías. Vicente Risco (1884-1963) fala dunha “tendencia inconsciente de raza dun esquema tradicional”. López Cuevillas di que se debe á “torpeza do construtor”. Caro Baroja (1914-1995), xa dun xeito máis científico, atribúeo a unha evolución das primitivas cabanas do Neolítico, construídas con materiais perecedoiros, tese da que participa o arqueólogo J. María Luengo (1896-1991), engadindo que perviviron durante a Idade do Bronce, chegando a entroncar coa cultura céltica do Noroeste peninsular, liña que defenden outros autores. O historiador Ángel del Castillo (1886-1961), que en principio compartía a orixe celta, mudou logo de opinión dicindo que non existían probas concluíntes xa que a construción circular con muros baixos e grandes teitos é unha característica dos pobos que existiron en distintas partes de Europa. Como anécdota, Eugenio de Salazar, un madrileño que exerceu de xuíz e fiscal en Galicia entre os anos 1559 e 1560, deixou escrito que os habitantes dos Ancares “*Viven en casas redondas porque, para que quepa la ruindad de sus moradores, la figura redonda es la más capaz...*”. Os primeiros traballos acerca das pallozas na comarca dos Ancares foron publicados no Boletín da Real Academia Galega no mes de novembro de 1913, e no mes de abril de 1914.

En Galicia, estas edificacións concéntranse principalmente no oriente da provincia de Lugo. No ano 1984, o arquitecto Pedro de Llano catalogou nos concellos de Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, A Fonsagrada, Navia de Suarna e Pedrafita do Cebreiro 300 pallozas das que 50 aínda estaban habitadas. De Llano, xunto cos arquitectos Plácido Lizande e Alfonso Salgado, e outros especialistas en distintos campos (socioloxía, historia, etnografía ou economía), foi o encargado de desenvolver o proxecto de Piornedo, rehabilitando 16 pallozas entre o 1998 e o 2001 en que foi destituído polo daquelas conselleiro de Obras Públicas Xosé Cuiña. O motivo, ao menos oficialmente, debeuse a que tiñan diferenzas canto á idea de conservación do poboado. Como deixara claro De Llano no ano 1983, “A recuperación de Piornedo illada non ten moito sentido. Hai que plantexarse a conservación de toda a área de pallozas, e a deterioración desta aldea non é só o arquitectónico, senón tamén o social e o do medio”.

PEDRA DA CABEZA

Situada nun afloramento rochoso entre Pedrelada e Regochao, na parroquia de Fontarón (Becerreá). O composto deriva do latín *capitū*, parte superior do corpo humano e superior ou anterior de moitos animais.

Recibe o nome pola forma que pode semellar unha enorme cabeza humana. A principios do século XX xuntáronse corenta homes da parroquia para derrubala, utilizando pancas de ferro e cordas tiradas por bois. Pero, por moito que porfiaron, non foron quen de movela. Arredor dos anos setenta do pasado século, un grupo de mozos tentárono de novo, pero nesta ocasión utilizaron un cartucho de dinamita, que non chegou a estoupar, e despois un cable que engancharon á pedra tirado por un tractor, esforzo que tamén resultou infrutuoso.

Nos Interrogatorios do Catastro de Ensenada cítanse varias penas que fan alusión á parte superior do corpo que figuran como divisorias de freguesías: Marco da Cabeza dos Vales do Restelo e

Pedra da Cabeza (Becerreá)



Marco da Pena da Cabeza, nas parroquias de Galegos e Cabanela (Navia de Suarna); e Marco das Modorras de Cabeza do Río, en Furco (Becerreá), clara referencia a un enterramento megalítico.

PEDRA CALIZA NOS ANCARES

Entre as cuarcitas, xistos e lousas que predominan nos Ancares cóase a coñecida en xeoloxía como caliza de Vegadeo. Proveniente do norte da provincia de Lugo, atravesa Baralla, Becerreá e As Nogais, tocando algunhas zonas de Cervantes e morrendo en Pedrafita do Cebreiro, deixando ao seu paso a paisaxe de modelado kárstico (Os Grobos, en Becerreá), especies vexetais máis propias doutras zonas como faias (faial da Pintinidoira) e aciñeiras (aciñeiral de Cruzul ou de Ousón), ou covas que agochan importantes restos arqueolóxicos como as covas de Valdavara. A escasa acidez que este tipo de rocha achega ao solo permite a conservación de fósiles. As calizas só afloran no 5% do territorio galego. O centro desta veta caliza atópase en Becerreá, no entorno de Cruzul, Morcelle, Horta e Agüeira. En moitas vellas construcións utilizouse esta rocha, como aconteceu coa Ponte de Cruzul que foi levantada no Camiño Real de Galicia.

PEDRA DA COBRA

En Vilartote, parroquia de San Tomé de Cancelada (Cervantes). A cobra, do latín *copula*, é un réptil sen patas, de corpo longo e cilíndrico. Algunhas son venenosas.

Trátase dun escudo situado no muro dunha casa, coñecido popularmente como “A Pedra da Cobra”, posiblemente reaproveitado doutra construción. Sobre o campo, de forma cadrada, vese un círculo dividido en catro partes iguais. No cuartel superior esquerdo hai un castelo e ao seu carón, na parte inferior dereita, o que parece unha figura humana esquemática. Na parte superior dereita a lúa e catro estrelas e outra representación dunha persoa. Na parte

inferior esquerda, home a cabalo con lanza cuberto con helmo, debaixo deste o que semella un home suxeitando un cabalo. Na parte inferior dereita unha cobra ou serpe enrodelada. A pedra está coroada por un helmo que, pola forma, pertencería a un fidalgo. Segundo Elías Valiña (1929-1989), onde nós vemos uns cabalos el ve camelos, apreciación que cremos errada.

Nunha vella ficha confeccionada para incluír no *Diccionario Geográfico Español*, recóllese a testemuña dun veciño de San Tomé no que achega a súa versión sobre a procedencia do nome Cancelada. Nunha ermida que hai en Vilartote vivía unha gran serpe que devoraba a todo aquel que se achegara ata o lugar. O rei prometeu unha gran cantidade para quen lograra acabar con ela. Acudiron cabaleiros de toda a contorna pero nada conseguiron, as frechas e as espadas non conseguían penetrar as fortes escamas do animal. Mais un bo día aceptou o reto un fidalgo de Vilartote, acompañado polos seus cans Can e Celada. A serpe dispúxose a atacalos, mais cando abriu a boca o fidalgo lanzoulle sete bolas de la que se foron enrodelando nos dentes do ofidio, ocasión que aproveitou para cortalle a cabeza. Cando o rei foi a darlle a recompensa prometida, o fidalgo só pediu que, atopase onde se atopase, nunca lle faltara comida para el, para o seu cabalo e os seus cans Can e Celada. Dise que o dragón do escudo é o da lenda.

PEDRA DO ESTERCO

En Guilfrei (Becerreá), no límite con Cedrón (Láncara). O composto, do latín *stercus*, *-oris*, é o conxunto de materias orgánicas dos animais mesturados con palla ou outras materias vexetais que se lle bota á terra para facela máis fértil.

Eladio Rodríguez González recolleu varios ditos galegos sobre o esterco: “Bota esterco ó pan, que as terras cho pagarán. Con esterco e rega non hai mala terra. Esterco de charamela, todo é purrela. Esterco de fieito, grau polo peito. Esterco de folla, grau pola trolla. Esterco de palla, grau pola barba. Esterco de silva, grau pola crisma. Esterco de xesta, grau por enriba da testa. Fai

esterco na roda do ano, que non che será sobrado. O cabalo no seu esterco engorda, cando ben come e repousa. O esterco é o pai i a nai da terra. O esterco non é santo, pero onde cai fai milagros. O esterco na terra é a nai da colleita”.

PEDRA MOSTALLAL

Citada no Castastro de Ensenada na parroquia de Donís (Cervantes), lindeira con León. Situábase no Pico do Mustallar. A palabra mustallar ou mostallar reflicte un terreo plantado de mostallos, *sorbus aria*, árbores da familia das rosáceas, de madeira dura, que prefire os terreos calizos e altos e adáptase ben a climas fríos.

No mes de novembro de 2015 localizáronse nunha ladeira do Mustallar unhas penas con petróglifos. Posúen a singularidade de ser, ata o presente, os situados a maior altitude de Galicia, a 1.800 metros. Ata o momento obstentaba esta “distinción” o petróglifo das Arcas, a 1.770 metros, no concello ourensán de Manzaneda. Xa foron catalogados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Aos pés do Mostallar, na coñecida como Campa dos Estremeños, documentáronse máis gravuras.

PEDRAS DAS FERRADURAS DOS CABALOS

Unha ferradura é un ferro tirando a semicircular que se crava ás cabalarías nos cascós e a algúns vacunos nos pezuños. O último elemento deriva do latín *caballus*, o animal mamífero que se utiliza como montura ou animal de carga.

Atopábanse no antigo camiño que comunicaba Savane con Vilarpandín (Navia de Suarna), no lugar coñecido como A Canceliña. Tiñan gravadas varias ferraduras e coviñas. Dise que as ferraduras eran as pegadas dos cabalos dos mouros. Foron destruídas no ano 1969, esnaquizadas por unha máquina que estaba a ampliar o camiño.

PEDRAS CON NOME DE ÁRBORES E PLANTAS

Os fitotopónimos (árbores, plantas, flores, etc.) proporcionan datos interesantes de índole botánica e especies vexetais, que en moitos casos desaparecieron pero que aclaran o uso que tiña o territorio. As pedras que citamos fan referencia á vexetación que medra entre elas ou ao seu carón. Como curiosidade, non atopamos ningunha pedra que leve asociadas as palabras pino e eucalipto.

ACIÑEIRA

A aciñeira, latín *quercus ilex*, é unha árbore de madeira dura cuxo froito é a landra. O Aciñeiral de Cruzul ou de Ousón, ás beiras do río Narón, en Becerreá, está considerado como o situado máis ao norte da Península. Strabón, historiador grego nacido no ano 63 a. C., escribiu que os habitantes dos castros galaicos comían durante boa parte do ano pan de landra, afirmación dirixida a menosprezar a economía dos “bárbaros” do Noroeste e así xustificar a invasión romana. Penas do Enciñal (latín vulgar *ilicina*), en Cadoalla (Becerreá).

ACIVO

Do latín *aquifolium*, arbusto ou arboriña cuxa utilización como adorno navideño case provocou a súa desaparición de moitos montes de Galicia. Na comarca dos Ancares recibe o nome de xardón. A súa madeira, flexible e moi dura, emprégase en ebanistería. Da cortiza extraíase liga para cazar paxaros. O froito, alimento de determinados animais, é perigoso para o home polas súas características diuréticas e gomitivas. Segundo a lenda, posúe propiedades prodixiosas para atraer o amor. Penas de Acevedo e Teso de Acevedo, no Pando (Cervantes).

ARANDO

Nome científico *vaccinium myrtillus*, planta cuxo froito é o arando. Fitónimo de orixe incerta, talvez proveniente do céltico **aran* e o latín *rhododendron*, este último procedente do grego. Nalgunhas aldeas dos Ancares e do Courel, recibe o nome de “uva dos

montes” pola súa semellanza cos grans de certas uvas. Marco de Arandedo en Penamaior (Becerreá).

BIDUEIRO

Nome científico *betula pendula*, árbore da familia das betuláceas. O primeiro estudo sobre a abidueira ou bidueiro débese a Fr. Martín Sarmiento quen, no ano 1759, no seu traballo *Sobre a Betula ou Bidueiro*, di que no século XVIII aínda non se relacionaba o bidueiro coa *betula* latina. Para algúns pobos prehistóricos tiña carácter sagrado. Na Idade Media asociouse á bruxaría porque baixo del medra a amanita muscaria, un fungo alucinógeno. A súa casca foi utilizada como pergameo para escribir. Xa no eido da superstición, críase que as bruxas construían as súas vasoiras coa madeira desta árbore. Mais tamén posuía propiedades medicinais, a cortiza recomendábase para enfermidades da pel, reuma e gota. Pena de Biduedo, en Vallo (Navia de Suarna).

CARBALLO

Latín *quercus robur*; a especie, *robur*, é o nome dado polos romanos a certas árbores de madeira dura de boa calidade que se utilizou para as doelas dos bocois, na construción naval, etc. A casca, moi rica en tanino, utilizábase para o curtido do coiro. No toro críase un lique con que se tinguían os tecidos, cocéndoos en auga con cinza. Na antigüidade ao carballo considerábase coma unha árbore sagrada, ademais de curar a sarna, as quebraduras dos nenos, o lumbago ou enfermidades contaxiosas, tamén agochaba a *pedra do raio* polo que se consideraba unha árbore purificadora. Antigamente críase que ferramentas prehistóricas de pedra, prismas de cuarzo ou fósiles formábanse cando un raio impactaba na terra. Marco do Carballo de Tres Pernas, en Guillén (Becerreá). Marco do Carballo do Solleiro, en Donís (Cervantes). Marco do Carballón, na Ribeira (Cervantes). Marco dos Catro Carballos, en Rao (Navia de Suarna). Carballedo é unha aldea da parroquia de Penamaior (Becerreá).

CASTIÑEIRO

O fitónimo identifica nidiamente a árbore que dá as castañas, *castanea sativa*; a especie, *sativa*, significa plantado ou cultivado.

Dise que o castiñeiro chegou a Galicia traído polos romanos (investigadores actuais cren que xa estaba no país antes da súa chegada). O froito, a castaña, nome que deriva do grego *Kastana*, cidade do Ponto onde se cultivaba, tivo unha grande importancia antes da chegada da pataca (*solanum tuberosum*), tubérculo orixinario de Perú e Chile introducido en Europa dende o século XVI e cultivada de forma masiva dende o século XVIII. Ata ben entrada a segunda metade do século XX, a castaña foi indispensable na subsistencia da maior parte das familias dos Ancares, que se complementaba con carne de xabarín, corzo, porco, etc., consumíndose asadas ou cocidas con leite. O castiñeiro, pola dureza da súa madeira, é moi apreciado en ebanistería. A finais do século XIX secaron as tres cuartas partes dos castiñeiros ao seren atacados por uns fungos. En moitas aldeas da comarca, cando os castiñeiros estaban plantados en terreos comunais, cada propietario, para recoñecer os da súa propiedade, facíalle unha marca. Cando se compraba ou se vendía escriturábase como unha propiedade máis. Canto ao seu froito, a castaña, dise que non se poden deixar caer soas da árbore porque podrecen pronto, é preciso varexalas para que se conserven máis tempo e para que o castiñeiro colla forza para a súa reprodución, e canto máis forte se lle pegue ao varexalos, mellor. As castañas que caían no camiño non se recollían, deixándoas para os pobres e os peregrinos. Marco do Castiñeiro do Forcado, entre Veiga e Vilachá (Becerreá). Marco da Panda da Castañeira, en Penamil (Navia de Suarna).

CERDEIRA

Latín *prunus avium*, árbore da familia das rosáceas que ten como froito a cereixa, latín vulgar *ceresia*. Marco do Campo do Teso do Cereixal, en Vilaver (Cervantes). Penas Treixais (variante de cereixal), na Balsa (Navia de Suarna).

COLMO

O colmo é a palla, xeralmente de centeo ou de trigo, que se utilizaba para facer a cuberta dunha palleira, palloza ou hórreo, tradición que foi desaparecendo da comarca dos Ancares polo seu elevado custo. Pena do Colmo, entre O Pico e Liñares (Becerreá).

FOLGUEIRA

De *filicaria*, fieito, fento, planta que medra en lugares escuros, fríos e húmidos. Cos fentos tapábanse as fendas das portas das cortes durante o verán para que as moscas non molestaran á facenda. Do fieito macho (*Dryopteris filix-max*), unha das herbas que se recollen para botalas na auga na Noite do San Xoán para a mañá lavarse con ela, di *O Ciprianiño* (libro máxico que describe distintos ensalmos e rituais para atopar tesouros) que pondo un lenzo baixo do fento pola mañá estará cheo de demos pequenos. Pena da Folgueiriña, no Lago e Bustelo (Becerreá). Marco da Fiosa, en Noceda (Cervantes). Serra da Fiosa (Cervantes). Pico da Folgueiroa, en Dorna (Cervantes). Teso de Fieiró (Cervantes). Marco de Folgueira de Aígas (Navia de Suarna). A aldea de Folgueiroa está en Cervantes, e Folgueiras e Folgueiras de Aígas en Navia de Suarna.

FREIXO

De *fraxinus*, árbore da familia das oleáceas que medra, xeralmente, na beira dos ríos e en lugares húmidos. O xénero provén do grego *phraxis*, sebe, cercado, e a especie do latín *excelsior*, máis alto. Antigamente, o freixo utilizábase para facer os eixos dos carros, xugos dos bois, etc. A casca moumiña (a do medio) era boa para a dor de cabeza, ademais de ser eficaz contra as enfermidades venéreas e contra a mordedela das cobras, por iso dicían que ningunha se acercaba a esta árbore. A palabra freixo lese *frexeneto* nun documento de Sobrado do ano 951, e coa grafía actual noutro do mesmo mosteiro no ano 1155. Marco do Chao de Freixedo, en San Tomé de Cancelada (Cervantes). Penas de Freixedo, en Cereixedo (Cervantes). Marco do Fresno, en Galegos (Navia de Suarna). O Freixo é unha aldea do concello de Cervantes, e Freixeiro é Freixís de Navia de Suarna.

HEDRA

Hedra vén do latín *hedera*, arbusto araliáceo rubideiro que se fixa á superficie por medio de garfos. Pena da Edra, en Ferreirós de Valboa (Becerreá).

HERBA

Do latín *herba*. Pena do Herbado, na Ribeira (Cervantes).

MAZAIRA

A mazaira silvestre, *malus sylvestris*, diferénciase da cultivada, *malus domestica*, sobre todo no seu menor tamaño e porque o froito é de sabor agre. A mazaira era unha árbore sagrada para os celtas. Penas da Mazaira, en Bullán (Becerreá). Marco de Mazaeda, en Ribón (Navia de Suarna). Mazaira é unha aldea do concello de Navia de Suarna.

MOSTALLO

Sorbus aria, árbore da familia das rosáceas, de madeira dura, que prefire os terreos calizos e altos e adáptase ben a climas fríos. Pedra Mostallal e Pico Mustallar, en Donís (Cervantes).

OLMO

Latín *ulmus*, que en Galicia recibe tamén o nome de olmeiro, árbore da familia das ulmáceas que mesmo pode medrar ata unha altura de vinte metros. O olmo é tamén a folla do liño que envolve o bagareño. Pena do Olmo en Ferreiradevés e Vilaspasantes (Cervantes). Olmos é unha aldea de Cervantes.

ORTIGA

Latín *urtica*, a planta cuberta duns peliños que, ao tocala, producen un proído na pel. Tamén coñecida como herba de cego. Algunhas posúen virtudes terapéuticas. Penales de Ortigoso, en Vilarello de Donís (Cervantes).

PALLA

Latín *palea*, que se coloca na eira en forma de cono para que non lle entre a auga, e que se usa para dar de comer ou facer a cama do gando. Pena dos Palleiros, no Vimieiro (Cervantes).

RAMALLO

Identifica a rama ou póla dunha planta, especialmente de carballo. Pena do Ramallo, Pena do Ramisco e Penas Ramiscao (Becerreá). Marco da Fonte de Ramisquedo, en Son (Navia de Suarna).

REBOLA

Do latín *roburetum*, de *robur*, carballo. Na comarca dos Ancares adoitan denominar reboleira á carballeira. Marco da Rebola dos Casarois e Marco do Sitio do Rebola, en San Tomé de Cancelada (Cervantes). Pena Rebolín, en Vilaquinte (Cervantes). Teso da Reboleira, en Noceda (Cervantes). Canto do Rebolín, en Santa Mariña de Ribón (Navia de Suarna).

TEIXO

Sitio plantado de teixos, latín *taxus baccata*, con froitos en forma de bagas vermellas. Ten partes tóxicas: o latín *taxus* vén do grego *taxon*, que significa frecha envelenada. Pena de Teixeira, en Vilachá (Becerreá). Marco do Teixo, en Noceda (Cervantes). Penas do Teixidín, en Murias (Navia de Suarna).

UZ

Do latín *ulex*, *ulicis*, arbusto que tamén recibe os nomes de urce, carrouchas ou breixo. A uz moura ou vermella (*Erica australis*) é a máis frecuente en Galicia, utilizada para facer carbón para as fraguas. As flores aromáticas utilizábanse, mesturadas con aceite, para quitar as pencas. Penedo das Uces, en Donís (Cervantes).

VIMIEIRO

Nome científico *Salix viminalis*. Arbusto da familia das salicáceas con pólas delgadas e flexibles de onde se sacan os vimbios utilizados en cestería, e os máis finos para atar as videiras. Marco da Fonte do Vimieiro (Cervantes).

XESTA

De *genista*. As xestas utilizábanse como vasoiras e coañeiras, e as de gran tamaño para o lume. Marco da Xesta Branca, en Galegos (Navia de Suarna).

XUNCO

Do latín *iuncus*, planta que nace en lugares húmidos. Marco de Xunquiñas, en Murias de Rao (Navia de Suarna).

PEDRAS CON NOME DE ANIMAIS

Os topónimos relacionados coa fauna ou zootopónimos están amplamente retratados na toponimia de Galicia. Así temos constancia de nomes de animais cos que o ser humano tiña relación (animais domésticos) coma doutros que só se podían ver ao lonxe ou voando nos ceos (fauna salvaxe), tanto porque foran penas frecuentadas por eles como pola súa forma zoomófica, nomes aos que non son alleos os concellos de Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna.

AIGA

Latín *aquila*, aguia, a ave de presa diurna da familia das falcónidas. Aigas, aldea de Rao (Navia de Suarna). Marco de Folgueira de Aigas (Navia de Suarna), citado no Catastro de Ensenada. Marco da Pena da Aiga, en San Tomé de Cancelada (Cervantes). Pena da Aiga, en Cereixedo (Cervantes). Penas das Aigas, en Murias do Camín (Navia de Suarna).

ABELLA

Latín *apicula*, insecto da familia ápidos. Pena da Abella, en O Castro (Cervantes).

BOI

Latín *bos*, *bovis*. Pico de Bois, en Pena, parroquia de Cereixedo (Cervantes).

CABALO

Latín *caballus*. Pedras das Ferraduras dos Cabalos, en Vilarpandín (Navia de Suarna). En Son (Navia de Suarna), o Catastro de Ensenada cita o Marco da Pena dos Cabalos.

CABRA

Latín *capra*. Pena do Cabrón, en Vilachá (Becerreá). Pena dos Cabrois, en Agüeira (Becerreá). Penedo das Cabras, en San Pedro (Cervantes).

CARNEIRO

Pode referirse ao macho da ovella, latín *agnus carnarius*, ou derivar da base precéltica **carn*, pedra. O Carneiro é tamén unha constelación de Aries. Pena do Carneiro, en Quindous (Cervantes).

CERVO

Latín *cervus*. Pena do Cervo, en Vilarello (Cervantes).

CORVO

Latín *corvu*. Furada do Corvo, en Cereixedo (Cervantes). Pena do Corvo, en Vilarello (Cervantes) e Barcia (Navia de Suarna). Penedo do Corvo, en Tucende (Becerreá). Penedos dos Corvos, en Fontarón (Becerreá). Pena Corveira, en Corneantes, Quindous e Vilaquinte (Cervantes).

FORMIGA

Latín *formica*. Pena das Formigas, en Vilar de Frades e Sarceada (Becerreá). Pena Formigosa, en Bazal (Cervantes). Marco do Formigueiro, en Dorna e Vilaver (Cervantes).

GALIÑA

Latín *gallina*. Pena da Galiña, en Morcelle (Becerreá). Pena das Galiñas, en Bustelo (Becerreá) e A Ribeira (Cervantes). Pena Galiñeira, na Carunchada (Becerreá). Marco da Fonte do Val da Galiña, en Castelo (Cervantes), citada no Catastro de Ensenada.

GATO

Latín tardío *cattus*. Pena do Gato, en Castelo, Cereixedo, Noceda, San Rebordín e A Ribeira (Cervantes).

LAGARTO

Latín *lacartus*. Pena dos Lagartos, entre Barcia e Vilarpandín (Navia de Suarna).

LOBO

Latín *canis lupus*. Pena do Lobo, en Liber, no límite con Vilachá (Becerreá). Penas do Lobo, entre Dorna e Vilaver (Cervantes).

Marco da Fonte do Lobo, na Fonte do Lobo (Becerreá), citado no Catastro de Ensenada. Teso do Lobo, en Igón (Cervantes). Marco da Medorra da Horta da Loba, en Vilarpandín (Navia de Suarna). Marco das Terras Lobas, en A Ribeira (Cervantes).

MARTA

Martes martes. Pena da Marta, en Ousón (Becerreá).

OSO

Latín *ursus*. Pena do Oso, en Piornedo (Cervantes). Serra da Pena do Oso, en Murias de Rao (Navia de Suarna). Penadoso, en Pando (Becerreá).

PERDIZ

Latín *perdix*, *-icis*. Pena da Perdiz, en Ousón (Becerreá), Barcia e Moia (Navia de Suarna).

RAPOSA

Latín *rapum*. Furada da Raposa, en Vilasante (Cervantes). Pena da Raposa, en Vilapún e Vilasante (Cervantes). Pena do Raposo, en Vilarín (Becerreá). A Raposeira, aldea de Penamaior (Becerreá).

SAPO

Posible voz prerromana de orixe onomatopédica polo ruído que fai ao caer nun charco ou en terra mollada. Anfibio anuro. Pena do Sapo, en Penamaior (Becerreá).

TEIXO

Meles meles. Marco do Teixo, en Noceda (Cervantes). En Bustelo, parroquia de Vilachá (Cervantes), está a Pena de Teixeira, gorida do porco teixo.

PEDREIRA DA ARQUELA

En latín tardío, unha *petraria* era unha *via lapidibus munita*, camiño empedrado que mesmo podería ter a orixe nunha calzada romana. Tamén pode sinalar unha canteira. O segundo elemento deriva do latín *arca*, caixa coa tampa chata; tamén depósito de auga; mesmo pode identificar un primitivo enterramento megalítico. Dividía as parroquias de Dorna, Quindous e Vilaver (Cervantes).

Aconteceu nos anos corenta do pasado século XX en Estremar. Un día ía un mozo co gando cara o Chao da Arquela cando xunto a pedreira viu a cría dunha loba que estaba a laiar xunto o corpo morto da nai. Colleu ao lobiño e deulle leite das vacas, e así, ás agochadas, durante varias semanas. Durante moitos anos, sobre todo no inverno cando, debido ás fortes nevaradas, baixaban os lobos para procurarse comida, o gando do home nunca foi atacado, pola contra, as mandas de lobos pasaban de longo. Á cabeza ía o lobo que salvara.

O Catastro de Ensenada recolle tamén o Marco do Chao da Arquela na parroquia de Castelo (Cervantes), e o Marco do Pozo da Arquela en Vilaver (Cervantes). Pena da Arquela en Trigais (Cervantes). As Penas da Arqueira localízanse e Vilar de Cucos, parroquia de Vilasante (Cervantes), case no límite con Santo André das Nogais. O Canto da Arquela en Vilameixide (Navia de Suarna).

PEDRIZA VERDE

En Murias de Rao (Navia de Suarna). O primeiro elemento pode facer alusión a un terreo pedroso, ou á sarabia, a auga conxelada que cae das nubes en forma de grans máis ou menos duros. O composto vén do latín *viridis*, que por algún proceso de oxidación adquiriu esa cor.

Referencia a cores atopámolas na Pena Branca, xermánico **blank*, Pedra Alba e Penalba, latín *albus*, Penamarela, do latín *amarellus*, Pena Rubia e Penas de Rubiais, latín *rubeu*. É relativamente

abundante a Pena Parda, latín *pardus*, que se localiza en Liber e Sarceada (Becerreá); e en Folgueiras, Freixís, A Proba de Navia, Son e Vilarpandín (Navia de Suarna).

PENA DA AIGA

En Cereixedo (Cervantes). Latín *aquila*, agúa, a ave de presa diurna da familia das falcónidas. En *Antropología y Etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares* (1991), Clodio González Pérez recolle que tamén chamaban así á trabe do cumio das pallozas por ser a peza máis alta, o mesmo que as aguias que voan máis alto que os demais paxaros.

Din que debaixo había pebidas de ouro que transportaba unha aiga. A aiga era unha moura que traía o ouro dende a Campa do Circo.

PENA AVEADO

En Murias de Rao (Navia de Suarna). Alusión a unha pena que ten veas ou vetas de distintas cores. Malia este significado, Carré Albarelos, no *Diccionario galego-castelán* (1926-1931), e Ibáñez Fernández, no *Diccionario galego da rima e galego-castelán* (1950), dánlle o significado de “avenado”, que ten vea de tolo.

PENA DO BELAIRO

En Penedo, parroquia de Vallo (Navia de Suarna). Segundo Leandro Carré Alvarellos, no *Diccionario galego-castelán e Vocabulario castelán-galego* (1979), en Navia de Suarna chaman belairo a unha especie de palleiro onde se almacena a herba para alimento do gando durante o inverno. Para Aníbal Otero Álvarez, en *Contribución al léxico gallego y asturiano* (1964), o que queda no palleiro cando xa hai pouca herba en torno ao poste central que lle serve de apoio.

Trátase dunha pena gravada con coviñas. Dise que soa a oco porque dentro os mouros agochaban un tesouro e xunto dela celebraban as súas asembleas.

PENA DA BOULLOSA

O segundo elemento do topónimo deriva do latín *bullā*, burbulla, boullón, borbollón, buleiro, terreo con auga.

No seu *Viaje por los montes y chemineas de Galicia. Caza y cocina gallegas* (1962), no capítulo *Del oso filosofante y gruñón, que aún mora en los Ancares*, José María Castroviejo e Álvaro Cunqueiro falan do derradeiro oso pardo (*Ursus arctos*) que viviu nos montes dos Ancares galegos. Din que foi un home de Castelo de Frades (Cervantes), chamado Manuel Cedrón, quen despois de meterse na gorida do plantigrado matouno dun disparo. Contan que este home, de neno, dende a solaina do seu pazo vía os osos e os seus osiños (orgaños lle chaman por eiquí) andar polos prados próximos á aldea. Descoñecemos se se trata da mesma osa e unha cría, recollido nas crónicas da época, mortas na Pena da Boullosa no ano 1942 por un veciño da Freita, na parroquia de Cereixedo. Mais, trátase ou non do mesmo suceso, o certo é que na comarca dos Ancares a súa extinción estaba anunciada.

Do que non semella haber dúbidas, segundo unha noticia publicada no desaparecido xornal *El Pueblo Gallego* no ano 1946, é de que o derradeiro oso de Galicia foi abatido o 17 de xuño dese ano en Coucieiro, no concello ourensán de Paderne de Allariz. Relata que polo lugar roldaban tres osos. Camilo Lloves, un veciño, encarouse con un, pero o oso, ao verse ameazado, fíxolle fronte. Un mozo, de nome Roxelio, e o veciño Manuel Pérez Valeije acudiron na axuda de Camilo armados con apeiros de labranza. Finalmente, foi a Garda Civil quen rematou co oso dun disparo. A “fazaña” mesmo foi premiada polo gobernador civil da provincia de Ourense, Vicente Muñoz Calero.

PENA BRANCA

O composto deriva do xermánico **blank*, topónimo que atopamos en Porcís, Robledo de Donís e Vilarello (Cervantes), e Ribón e Virigo (Navia de Suarna). O Catastro de Ensenada nomea o Marco da Pedra Branca en Vilouta (Becerreá).

A Pena Branca de Porcís, na parroquia de Noceda, atópase no límite co Bierzo, a carón dun antigo camiño, a unha altitude de 1.350 metros. A pena é unha fermosa moza de cabelos louros que o díaño transformou en pedra por negarse a cumprir os seus desexos. Hai moitos anos uns homes, que regresaban pola noite da feira de Veiga de Valcarce pola Rudeira dos Galegos, escoitaron uns arrepiantes lamentos. Era a muller que chamaba polo seu amado co que non puidera casar pola intervención do demo.

PENA CABALGADA

Proveniente do latín vulgar *caballus*, cabalo. Máis que ao equido fai alusión a unhas pedras superpostas ou encabalgadas, por veces abaladoiras.

PENA CABALGADA DA CAMPA DO BARREIRO

Entre a Campa da Braña e Vilarello (Cervantes). Trátase dunha gran pedra de cuarcita que asenta sobre outras dúas, dándolle o aspecto dun trilito. Foi nesta pena onde unha moura encantou a un xastre. A poucos metros está a Fonte dos Namorados, un manancial que nace entre as penas cuxas augas baixan cara o rego do Nobreñal. A tradición di que cómpre beber dela tres veces para conseguir o favor da persoa amada. Mais a cousa non queda aí, tamén se asegura que se os namorados beben collidos da man, entón a parella contraerá matrimonio con total seguridade antes de que transcorra un ano. Nas inmediatecións localizáronse no ano 2013 os primeiros petróglifos prehistóricos da comarca dos Ancares. O topónimo tamén o atopamos en Castelo (Cervantes).

En Ardevila, parroquia de Dorna (Navia de Suarna), está a PENA ENCABALGADA. Trátase dunha gran pena que está apoiada sobre outra. Dise que foi unha vella fiando a que a colocou alí.

PENA DO CABRÓN

Na parroquia de Vilachá (Becerreá). Cabrón é sinónimo de castrón, o macho da cabra, latín *capra*, animal que se identifica cos aquelarres, xuntas ou reunións nocturnas de bruxas e bruxos coa intervención do demo en figura de macho cabrío.

Un día de verán estaban a mallar xunto a pena e presentouse unha enorme treboada. Un home estranxeiro, din que portugués, que vivía en Vilar, sacou un libro e púxose a ler. Os presentes, pasmados, comprobaron que chovía a chuzos nos arredores, pero xunto a pena non caía unha pinga. Din que o portugués, ou doutro sitio pero estranxeiro, tiña un pauto co demo.

PENA DOS CAMPUZOS

En Moreira, parroquia de Donís (Cervantes). De campo, latín *campus*, superficie de terra que en xeral se dedica a cultivo.

No mes de novembro de 2018 localizáronse unhas penas con petróglifos. En dúas rochas graníticas horizontais documentouse un círculo con coviña central e un semicírculo do que parte un apéndice ou liña, cazoletas e dúas gravuras que parecen representar as pegadas duns animais unglados. Son estas últimas insculturas as que máis chaman a atención xa que na provincia de Lugo non se leva descuberto ningún gravado destas características. Non resulta doado saber o significado destas pegadas, quizais vencelladas a representacións naturalistas duns mamíferos que se apoiaban e camiñaban co extremo dos dedos revestidos duns pezuños.

PENA DO CARNEIRO

En Quindous (Cervantes). O composto pode referirse ao macho da ovella, latín *agnus carnarius*, ou derivar da base precéltica **carn*, pedra, polo que estaríamos diante dunha tautoloxía ou repetición. O Carneiro é tamén unha constelación de Aries.

O “Carneiro do lobo” era un imposto que antigamente pagaban os labregos que tiñan ovellas aos cazadores de lobos que consistía nun carneiro ou nun real, imposto que xa figura recollido no ano 1631. Segundo a lenda, o “Carneiro negro” é o que acompaña á Compañía, a procesión nocturna de ánimas en pena. No *Diccionario gallego-castellano* (1913-1928) da Real Academia Galega, osario, depósito de ósos exhumados dos cemiterios. Sartego subterráneo.

PENA DO CARRO

Na parroquia de Son (Navia de Suarna). O composto deriva do latín *carrus*, o vehículo tirado por animais.

Sobre a importancia do carro galego escribiu o etnógrafo Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989), destacando unha curtametraxe sobre *O carro e o home* (1940) de inestimable valor etnográfica, documental dirixido por Antonio Román e producido por Carlos Serrano, reeditado en 1980 por Eloy Lozano. Don Xaquín, cando contaba con 16 anos, fixo un carriño de vacas cos nomes de todas as pezas.

A representación máis antiga coñecida dun carro en Galicia figura nunha estela atopada en Castrelo do Val por José Luis Lozano Rúa. Trátase dunha estela-menhir datada na Idade do Bronce que presenta as gravuras dun guerreiro armado con escudo, espada, lanza e arco, e un carro.

PENA DO CESTO

No Pico, parroquia de Penamaior (Becerreá). Un cesto é unha cesta pequena feito con vimbios ou varas entretrecidas de distintos tamaños segundo os usos e que consta dun aro para levalo colgado do brazo.

Hai un pita que pon ovos de ouro.

PENA DO CHAMADOIRO

En Vilaquinte (Cervantes). Do latín *clamator*, *-oris*.

Cóntase que recibe o nome porque os veciños que precisaban bois para arar a terra chamaban polos mouros que llos emprestaban a cambio de que non foran molestados.

PENA DO CHAO DA BANDEIRA

Entre Molmeán, parroquia de Mosteiro (Navia de Suarna) e A Lagúa, no concello de Ibias (Asturias).

No Chao da Bandeira había a estatua dun mouro que apuntaba cun dedo da man cara unha pena. Do pescozo tiña un letreiro colgado que dicía: “Onde apunta o mouro está o tesouro”. Pero por máis que buscaban non atopaban nada. Un día, un home de Molmeán, farto de buscar, colleu unha maza e partiu a pena. Dentro estaba o tesouro, converténdose no máis rico da contorna.

PENA COBERTOIRA

En Vilouta (Becerreá). Non moi lonxe do dolmen da Pedra Cobertoira. Trátase dun abrigo utilizado polos pegureiros que coidaban as ovellas na Serra do Pico para xantar. Hai unha especie de banzo onde se sentaban os mouros para deliberar.

PENA DO COLMEAR

Na Fonte do Lobo, parroquia de Guillén (Becerreá). Pena onde viven as abellas e gardan o mel. Colmea quizais proveña do céltico **kolmena*, derivado de **kolmos*, palla.

Cando se quería anunciar á veciñanza un suceso importante, un home subíase á pena e tocaba o corno. Segundo a importancia da noticia, tocábase dúas ou máis veces. Nos anos trinta do século XX, unha moza de Torés (As Nogais) matou xunto a pena a un home que abusou dela.

PENA DO CORVO

Corvo deriva do latín *corvu*, o paxaro omnívoro asociado á mala sorte.

PENA DO CORVO

En Barcia (Navia de Suarna). Situada debaixo dunha ouriceira, os mouros agochaban nun furado unha cociña de ouro. Ao chegar alí había que dar cunha pucha ou cun pano e dicir: “Toma a miña pobreza e dáme a túa riqueza”. Abríase o chan que levaba a outro furado onde lle cavaban o ouro ao que só tiñan acceso os veciños de Barcia. Xentes doutras aldeas veciñas, ciumentas, armáronse un día con chapos e fouzos para coller a cociña. Enterados os de Barcia, agocháronse no lugar e cando os usurpadores encomezaron a cavar, berraron: “Covardes, baixai, que hai carne fresca”. Os outros asustáronse, tiraron as ferramentas e fuxiron. Os de Barcia saíron do escondedoiro e levaron para eles as ferramentas.

PENA DO CORVO

Na Veiga de Son e en Vallo (Navia de Suarna). Houbo unhas explotacións auríferas de época romana.

PENA DO COUSO

A segunda parte do topónimo deriva do latín *causu*, leira para o cultivo de legumes, tamén depósito onde se gardan os cereais, ou foxo preparado para sitiar as feras.

PENA DO COUSO

Na Golada, parroquia de Liber (Becerreá), case na confluencia dos concellos de Becerreá, Cervantes e As Nogais. Cando se reunían as bruxas acendían unha fogueira.

PENA DO COUSO

Nas Cabanas, parroquia de Quintá de Cancelada (Becerreá). É tal a dureza que cando un home o aguanta todo, dise: “É duro como a Pena do Couso”.

O mesmo topónimo atopámolo entre Penamaior (Becerreá) e Lexo (Baralla).

PENA DA COVA

En Pin (Navia de Suarna). Do latín *pinna* e *covum*.

Hai unha cova na que un día entrou un can e foi saír ao Teso do Castro. Un trasno, que vivía xunto a pena, botáballe auga ás persoas que pasaban polo sitio. Houbo unha explotación aurífera a ceo aberto de época romana. Outras Pena da Cova hainas en San Pedro e Vilapún (Cervantes).

PENA DA CRUZ

No Cabo, parroquia de Penamaior (Becerreá). O composto deriva do latín *crux*, *crucis*, alusión a un topónimo viario, cruce ou confluencia de camiños, ou ao símbolo relixioso cristián.

Situada a 925 metros de altitude, a poucos metros da ermida do San Lourenzo da que se di que foi construída por uns eremitas procedentes da abadía de Carracedo do Bierzo que logo fundaron o mosteiro de Penamaior. Na actualidade non se conservan restos, pero é probable que en tempos si houbera algunha cruz, fincada ou gravada na pedra, colocada para cristianizar un lugar considerado como pagano. No Catastro de Ensenada cítase como Marco da Pena de San Lourenzo.

Tres homes da Lagúa, un da Casa Nova, outro da Casa de Nesa e un terceiro da Casa de Vázquez andaban a cavar nos montes de Penamaior para botar o pan cando, de súpeto, o ceo encomezou a anubrar, ameazando con treboada polo que decidiron voltar para a casa. Mais, como empezou a chover, dicidiron buscar acubillo na entrada da capela do San Lourenzo. Un deles, ao pousar a aixada por riba dunha lousa que había xunto a entrada, escoitou como soaba a oco, polo que lle dixo aos outros: “Así Deus me salve que eiquí hai un tesouro. Imos cavar”. “Que dis! Estás tolo, non ves que é un lugar sagrado?”, respondeu un dos compañeiros. Despois dunha forte discusión, decidiron non facelo. Rematou de chover e continuaron o camiño para a casa. Baixando polo Cereixal viron a un home moi ben vestido montado nun cabalo de cor branca que ao chegar xunto deles preguntoulles en castelán: “*Buenos días, señores, ¿ustedes no sabrán por donde queda la capilla de San Lourenzo?*”. Eles non dubidaron en facerlle as indicacións oportunas. Cando chegaron á Lagúa, un dos homes dixo: “Xa veredes como vai polo tesouro”. Os outros dixéronlle: “Estente calado que aínda van pensar que estás tolo”. Ao día seguinte regresaron para Penamaior e, ao pasar por diante da ermida, viron como a lousa estaba removida e ao seu carón as táboas dun pequeno baúl.

Cruces e cruceiros de pedra, tan numerosos en Galicia onde acostumaban parar os enterros, soterrar non-natos e suicidas, practicar bautizos prenatais, manifestarse as almas en pena, etc., son practicamente inexistentes nas montañas dos Ancares o que pode dar a impresión de que se carece, como dí González Reboledo, dun referente fundamental da relixiosidade galega. Mais, en troques, atopámonos cuns rituais que os substitúen.

En Rao (Navia de Suarna), no coñecido como Castiñeiro das Cruces, adoitábase cravar unha pequena cruz de madeira. Entre Murias e Robledo (Navia de Suarna), na baixada cara o río Balouta, había outro castiñeiro adicado ao mesmo fin. Entre as aldeas de Piornedo e Donís (Cervantes), existía un punto no que se detiñan as comitivas fúnebres; mentres o párroco aproveitaba para cantar o responso, un parente do defunto espetaba na terra unha pequena cruz de madeira. En todos os casos había tantas cruces como persoas morreran.

Nunha finca de Santa Cruz do Picato (Baralla) está a CRUZ DE HORTA. De granito, apoia sobre un basamento de pedras de xisto. Pero a cruz non foi colocada inicialmente neste sitio, senón que foi traída dende Horta, na parroquia de Agüeira (Becerreá), da casa-torre dos Ulloa. Na base orixinal aínda se observan nidiamente as marcas onde estaban colocadas dúas pranchas que posuían senllas inscricións. Que poñían? Descoñecemos, un veciño de Santa Cruz que podería sabelo, que interveu no traslado ben entrados os anos setenta do pasado século XX, o mesmo que construíu a base onde logo colocaron a cruz, faleceu.

No Catastro de Ensenada, na parroquia de Castelo (Cervantes), cítase o Marco da Cruz da Lagoa. En Donís (Cervantes), o Marco das Cruces. Na Ribeira (Cervantes) o Marco das Cruces de Cerredo. Os Tallos da Cruz atópanse en Vilaluz, parroquia do Castro (Cervantes). E o Marco da Cruz do Coto en Ribón (Navia de Suarna).

PENA DOS CUBELOS

En Penedo, parroquia de Vallo (Navia de Suarna). O topónimo semella facer alusión a unha especie de recipientes escavados na rocha. En Galicia tamén se lle chama cubelo a un pequeno torreón de defensa.

No mes de decembro de 2016 localizáronse varias coviñas de clara factura artificial que quizais lles deran o nome á pena. As coviñas son ocos de planta redonda e sección semiesférica

escavadas na superficie da rocha, sendo as representacións máis sinxelas da arte rupestre ao aire libre (aínda que quizais as máis enigmáticas) dentro do repertorio das insculturas galegas. Poden aparecer illadas, formando agrupacións como no presente caso e asociadas a outros motivos, tanto de temática naturalista como xeométrica, atopándose, en maior ou en menor medida, na maioría dos complexos rupestres. Dada a diversidade onde aparecen, temos que pensar que non terían un único significado: recipientes para ofrendas, lugares para recoller a auga que sería utilizada nalgún tipo de ritual, receptáculos para sacrificios, calendarios solares e lunares, símbolos de carácter sexual feminino relacionados coa fertilidade, delimitadores de espazos sagrados ou lugares máxicos, etc.

PENA DA ESCALEIRA

En Pedrelada, parroquia de Fontarón, e en Tortes (Becerreá). Do latín *scalaria*, conxunto de banzos que se usan para subir e baixar.

PENA DO ESCANO

Do latín *scamnum*, banco grande con espaldeira e caixón que en ocasións se utilizaba como mesa e para durmir. Tamén cadaleito.

A Pena do Escano dividía os montes do Comeal (Cervantes) e Castañeira, en Balboa (O Bierzo). Nunha especie de banzo labrado na pena sentaban os pastores cando andaban coa facenda. Xunto a pena aínda se poden ver os restos dun muro circular para meter o gando. O nome tamén o atopamos en Ambasvías (Cervantes).

O escano era un dos mobles principais nas pallozas. Di Eladio Rodríguez González: *“El escano constituye en la cocina un utensilio patriarcal, porque en el se sientan los petrucios que al pie del lar presiden las veladas invernales de la familia. Algunos tienen como complemento útil una armazón especial de madera movable, que*

hace de mesa de levante, y que por el día se sujeta a la pared lateral del hogar, por encima del respaldo, y por las noches se baja con objeto de cenar en ella cómodamente al calor de la lumbre”.

Distintos autores recollen a voz escano como cadaleito ou féretro, ou andas de madeira para transportar ata a igrexa e o cemiterio aos defuntos pobres cuxas familias carecían de recursos para mercar un ataúde. En varios libros parroquiais podemos comprobar a súa utilización dende o século XVII. Na igrexa de Ousón (Becerreá) consérvase un.

PENA ESCURA

En Ribón (Navia de Suarna). Do latín *obscurus*, que carece de luz.

Xunto a pena vivía un trasno que facía soar uns chocallos, as campás pequenas que se colgan ao pescozo do gando. Os pastores, crendo que eran as súas vacas, ían buscalas pero cando chegaban ao sitio non había nada.

PENA DAS ESTACAS

En Tortes (Becerreá). O composto quizais derive do gótico *stakka*, pau afiado nun extremo para cravalo na terra ou outros usos. Nalgunhas partes de Galicia chámase estaca ou plantón ao intermediario que intervéñen na compra de gando vacún, que aparecía en moitas feiras, impedindo a libre contratación de gando, coaccionando aos vendedores e encarecendo os prezos.

PENA FALLIDA

En Murias de Rao (Navia de Suarna). O composto vén do latín *fallere*, crebado, partido, que induce a erro.

PENA DA FE

En San Pedro de Cervantes. Citada no Castastro de Ensenada como límite de freguesías. Do latín *fides*, conxunto de crenzas dunha relixión.

PENA DO FERREIRO

En Ambasvías (Cervantes). O composto fai referencia ao oficio do traballador do ferro, do latín *ferrarius*.

A finais do século XVIII a produción das forxas en Galicia era de 20.000 quintais de ferro ao ano, cun valor de máis de dous millóns de réas. No século XVI, o licenciado Molina xa falaba das excelencias das ferrerías galegas. Na comarca dos Ancares acadaron certa sona as ferrerías de Neira de Rei e do Piago (Baralla), Fonquente e San Martín da Ribeira (Cervantes), Rao (Navia de Suarna), e Bois (As Nogais).

A Ferrería de Fonquente non debía existir no século XVIII xa que non a cita o Catastro de Ensenada, que si fala que na parroquia de Vilarello (Cervantes) había dous mazos: *“ai dos mazos de hierro que baten con agua del río y dos ruedas todo el año, y el uno de ellos se halla al sitio referido dos Cancillós. Perteneze a Juana González y Agustín Fernández, y el otro al sitio de Doiras, bate todo el año, perteneze metade de el a Domingo López y la otra metade a Santiago Lombardía y Martín Freijo y regulan el producto de cada uno dellos e cada un año en mil reales de vellón”*. A Ferrería de Rao atopábase xunto o río Balouta, foi construída a finais do século XVIII pola Compañía de la Vega de Ribadeo. Segundo as palabras do militar Datoli no ano 1797, falando da calidade dos minerais utilizados: *“finalmente que a la herrería de Ancares podrá aplicársele otro mineral que está a legua y media de ella, pasando el puerto de la Magdalena, jurisdicción de Galicia... Siendo así que la Compañía de la Vega de Ribadeo impidió a los dueños de la dicha herrería el que arrancasen aquel mineral que dice ser mejor, el qual es de ínfima calidad...”*. Tamén debeu existir outra ferrería e unha fábrica de potes entre Murias e Rao da que non quedan restos.

Segundo a tradición, a fundación de FERREIRÓS DE VALBOA (Becerreá) foi cara o ano 1600, cando catro ferreiros que vivían no alto da montaña baixaron ao val para buscar un sitio máis cálido para se regardar do frío; pouco a pouco foise poboando. O Catastro de Ensenada cita o Marco do Ferreiro Valín en Cascallá (Becerreá).

O MARCO DA CORTIÑA DOS FERRADORES atópase entre as parroquias de Becerreá e Cadoalla, non moi lonxe do castro de Saá. O segundo elemento, do latín clásico *cohors*, *-ortis*, diminutivo de corte, fai referencia a un terreo próximo á casa, xeralmente cercado, similar á horta, adicado a prado ou a cultivo. Un ferrador é unha persoa que ten por oficio ferrar as cabalarías ou outros animais. O sitio dos Ferradores aínda se conserva na toponimia actual. En Becerreá, na parroquia de Penamaior, está a Pena do Ferreirín.

PENA DO FRADE

En Penamaior (Becerreá). O segundo elemento provén do provenzal *fraire* e do latín *fratre*, frade, monxe, persoa que pertence a unha orde relixiosa.

Disque foi un frade quen lle fixo unhas marcas para sinalar ata onde chegaban as posesións do mosteiro cisterciense de Penamaior. Outra versión conta que a ela se subiu un frade para escapar dun lobo, e como agradecemento por se teren salvado gravoulle unha cruz.

O composto atopámolo en Vilar de Frades, unha aldea da parroquia de Ouselle (Becerreá), e en Castelo de Frades (Cervantes).

PENA FUNDICIO

En Murias de Rao (Navia de Suarna). Anibal Otero Álvarez, en *Vocabulario de San Jorge de Piquín* (1977), di que se chama fundicio o que tarda moito en gastarse ou consumirse. Alusión á constitución da pedra.

PENA FURADA

O segundo elemento do topónimo deriva do latín *foratu*, furado, por analoxía cova, tamén paso terrestre. En Galicia existen pedras furadas utilizadas con fins curativos.

PENA FURADA

No Lago, na parroquia de Fontarón (Becerreá). Caracterízase por posuír un enorme furado que semella unha ponte. Dise que o demo, encabuxado por non se sabe que causa, furou a pena dunha puñada.

PENA FURADA

Na Veiga do Seixo, na parroquia de Cereixedo (Cervantes). Corría o mes novembro do ano 1941, un mozo da Veiga do Seixo asomou á fiestra da casa, as primeiras nevaradas comezaban a branquexar a paisaxe, o inverno, pensou, ía ser cru. Así que se quería ver a súa noiva antes de que os camiños se fixeran intrasitables debía darse présa. Non o pensou dúas veces, enfundou a grosa zamarra e entrou na cociña para dicirlle aos seus pais e irmáns que estaría de volta á mañá seguinte. O pai, sen afastar os ollos do lume da lareira, díxolle: “Cóidate de non topar cos falanxistas, lembra o que lle fixeron ao Eduardo de Cela e ao Balbino de Vilanova”. “E cóidate, tamén, da pantasma, -falou a nai-, leva máis mortes ca os falanxistas”. Saíu da casa, atravesou a pontella sobre o río de Noceda e adentrouse no mesto monte polo camiño que leva a Vilarello da Irexá. Ao día seguinte, pouco antes de albear, xa estaba de volta. Os pais estaban xunto a lareira. Non foi necesario que lle dixeran nada, pero notábaselle nas caras que non pegaran ollo en toda a noite. “Viches aos falanxistas? E á pantasma?”, preguntou a nai. “Non, non vin aos falanxistas, pero si á pantasma”. Os pais mirárono, estarecidos. “Pero entón, non te viu?”, interrogou o pai. “Si me viu”, contestou o mozo. “E como puides fuxir das súas gadoupas?”, “Non fuxín, pegueille dous tiros, mateina”. “Non hai tiros que maten a unha pantasma”, dixo o pai con voz queda. Ese mesmo día,

a garda civil atopou un cadáver xunto a Pena Furada. Vestía enteiramente de negro, ao seu carón había unha pistola. Cando lle sacaron a carapucha, tamén negra, que lle cubría a cabeza, apareceu ante eles a cara dun home: a do cura de Vilarello. A morte apuxéronlla aos maquis.

PENA FURADA

Na parroquia de Son (Navia de Suarna), case no límite coa de Folgueiras, a uns 400 metros do castro de Folgueiras, preto dun pequeno regueiro. Ten dúas cavidades que semellan cabezas, de posible feitura artificial. Dise que no interior os mouros agochaban un tesouro. Puido ser utilizada polos romanos como mina de prospección. No Catastro de Ensenada cítase como Marco da Pena Furada.

Localízanse outras Pena Furada en Agüeira, case no límite coas parroquias de Liber e Ouselle (Becerreá), e no Chao de Vilarín (Cervantes). Na Ribeira (Cervantes), e en Pin (Navia de Suarna), o Catastro de Ensenada recolle o Marco da Pedra Furada.

Pena Furada (Becerreá)



PENA DA GALIÑA

En Morcelle (Becerreá). Do latín *gallina*, a ave de curral. Alusión a unha pena visitada por unha galiña, ou referida a unha persoa tímida ou cobarde.

En tempos, comer carne de galiña era un verdadeiro luxo, tanto é así que mesmo existía o cargo de *Galiñeiro Real* que se encargaba de subministrar esta ave aos monarcas. Como elemento simbólico, a galiña representaba á Nai Protectora. Arredor dos monumentos prehistóricos galegos é frecuente atopar lendas onde se ve unha galiña cos seus pitos de ouro.

PENA DOS GARABATOS

En Murias de Rao (Navia de Suarna). Palabra de posible orixe prerromana. Un garabato é un risco feito cun instrumento para escribir ou debuxar.

Pena dos Garabatos (Navia de Suarna)	
--------------------------------------	--



Asegúrase que nunha das penas hai escritos uns símbolos incomprensibles que só podía interpretar un rei que alí tiña o seu trono. Tamén hai unha gran pía onde se botaba o caldo para que comeran os mouros.

PENA DO GATO

O composto deriva do latín tardío *cattus*, o mamífero da familia dos félicos. Topónimo relativamente abundante no concello de Cervantes, nas aldeas de Castelo, Cereixedo, Noceda, A Ribeira e San Rebordín.

A PENA DO GATO de San Rebordín recibe o nome porque nela vivía unha bruxa que para que non a recoñeceran se transformaba en gato para entrar nas casas e na corte do gando para facer o mal. Un día unha muller estaba a cocer o caldo na lareira cando o pote se soltou da gramalleira. O caldo caeu sobre un gato que estaba xunto o lume e estoupou. Só quedou unha pucha que pertencía á bruxa.

PENA GOLOSA

En Vilarello, parroquia de Donís, no límite con Cereixedo (Cervantes). Para o composto non existe consenso entre os distintos autores. Para uns deriva de gola, garganta, gorxa, en alusión a unha canle por onde discorre a auga, para outros faría referencia ao oso que se come o mel dos panais das abellas.

PENA GRANDE DOS SOLDADOS

En Vilachá (Becerreá). Grande deriva do latín *grandis*. O último elemento vén do latín *solidatus*, de *solidus*, soldo. *Solidatus* era o que cobraba o estipendio en ouro, principalmente os que traballaban para o exército. De aí a soldada ou soldo. Persoa que serve no exército.

Desta pena, citada no Catastro de Ensenada, ningunha persoa soubo dicirnos o porqué de nome tan curioso, ademais de seren descoñecida para a maioría.

PENA DA GRANXA

En Cerredo, parroquia de Son (Navia de Suarna). O composto deriva de *grania*, *graña*, antigas fundacións eclesiásticas de rango inferior a mosteiros e priorados. Propiedade rural con casa, animais e todo o necesario para o traballo da terra. A forma granxa vén a ser un galicismo, francés *grange*, relacionado, segundo o filólogo alemán Joseph Maria Piel (1903-1992) , coa labor colonizadora dos monxes do Císter.

Un cura arengaba aos carlistas para que atacaran aos liberais. Cando os carlistas perderon a guerra, ao cura, en vez de apreixalo, déronlle un cargo en Lugo. Houbo unha explotación mineira de época romana.

PENA DO HOME

En Trabadelo, parroquia de Muñis (Navia de Suarna). Do latín *homo*, *-inis*. Trátase dun afloramento de lousa en cuxas inmediacións se atoparon varias penas con coviñas artificiais, posiblemente de Época Medieval, ademais dunha mámoa do período Neolítico. Cremos que recibe o nome porque no sitio houbo unha tumba antropeide escavada na pedra coa figura semellante a un corpo humano.

PENA DAS HUCHAS

Na parroquia de Vilachá (Becerreá). En principio, unha hucha, do gótico *hutche*, é unha caixa grande para gardar algo, arca. Nalgúns casos pode indicar unha arca (anta) dun enterramento megalítico.



Pena do Home (Navia de Suarna)

Ao pasar xunto a pena, tíñase o costume de coller un puñado de terra e botala sobre unhas pías que hai na mesma ao tempo que se facía unha petición relacionada, principalmente, coa saúde de persoas e animais.

PENA DOS LAGARTOS

Entre Barcia e Vilarpandín (Navia de Suarna). Dise que o lagarto é un animal velenoso, non só pola súa mordedela, senón polo aire que causa. Tamén transmiten o seu veneno as roupas que se puxeron a tender que pisou o lagarto, pezoña que causa o colleitizo, unha erupción cutánea debida á emanación maligna que solta. O lagarto arnal é inimigo das mulleres, pois ao velas pónselles unha enorme dor de cabeza, por iso as perseguen. Tamén se introducen polo sexo feminino, sobre todo cando a menstruación. Pero en troques son amigos dos homes, advertíndoos da proximidade das cobras. Juan Cuveiro Piñol, no *Diccionario Gallego* (1876), di que chaman Lagarto á espada vermella da orde de cabalaría de Santiago.

PENA DA LEIRA

Na parroquia de Ferreirós de Valboa (Becerreá). Do céltico **lar* que deu o vocábulo latino *larea* ou *glarea*. Terreo labradío ou cultivado.

No mes de novembro de 2020 documentouse no sitio unha mámoa, citada no Catastro de Ensenada como límite de freguesías entre Ferreirós de Valboa e Guillén. Hai agochadas dúas campás, unha de ouro e outra de prata.

PENA LOA

En Abrente, parroquia de Mosteiro (Navia de Suarna). Do latín *laudare*, loar, alabar.

PENA DO LOBO

En Liber, no límite con Vilachá (Becerreá). Latín *canis lupus*. O lobo, dotado, segundo a lenda, de poderes máxicos: quen o mira fixamente aos ollos queda enfeitizado polo poder da súa mirada. O mítico depredador protagonista de innumerables lendas, animal obxecto de culto primeiro e logo besta maldita fortemente perseguida, ata case o seu exterminio a partir da Idade Media. Manuel Valladares Núñez, no seu *Diccionario gallego-castellano* (1884), fala tamén do lobo negro, *Canis Lycaon*, variedade, quizais, do lobo común pero máis fero, delgado, cor negra uniforme, cunha mancha branca no fuciño e outra no peito. No escudo do Concello de Navia de Suarna aparecen dous lobos. Nunha foto do ano 1945, nalgunha parte do concello de Becerreá, vese un home acariñando un lobo.

PENA LONGA

Latín *penna longa*. Pena de grandes dimensións que actuaría como punto de referencia.

O Catastro de Ensenada di que o CHAO DE PENA LONGA, en Donís (Cervantes), linda por Levante cos bens “*del Real Mosteiro de Espinareda en el Reino de León de donde continúa hasta la Piedra Mostallal*” que actuaba como divisoria con Burbia, tamén na parte leonesa.

O PENALONGA é tamén un pico situado a 1.898 metros de altitude, entre Cervantes e a provincia de León. Cítase nunha vella lenda. Nunha cidade chamada Capara vivía un matrimonio moi rico que tiña unha fermosa filla á que pretendían dous mozos da zona. A nai da rapaza quería que casara co rico, mentres a moza só tiña ollos para o máis pobre. O pai, para solucionar o dilema, propúxolle aos pretendentes unha proba: aquel que rematase primeiro unha canle para levar a auga dende o Pozo de Ferreira, situado entre o Cuiña e o Penalonga, ata a cidade casaría coa filla. Despois dunha desputada carreira, foi o pobre o primeiro en rematar a obra. Mais a nai da moza, incumprindo o prometido polo seu home, non lla quixo dar en matrimonio. Pasou o tempo, e un malfadado día un apocalíptico diluvio asulagou a cidade de Capara, que desapareceu da terra. Dese suceso quedou o dito: “A cidade de Capara asulagouse por home bo e muller mala”.

Tamén atopamos este nome en Vilamane (Becerreá), entre San Pedro e Vilapún (Cervantes), e en Arcón (Navia de Suarna). O Marco de Penalonga en Tortes e en Veiga (Becerreá)

PENA DE MADRE

En Vilar de Ousón, parroquia de Cruzul (Becerreá), sobre un meandro do río Narón. Madre deriva do latín *mater*, *-tris*, muller que concibiu ou pariu un ou máis fillos. Pero no presente caso pouco ten que ver do que unha muller é para os seus fillos, ou

a femia dun animal para as súas crías. Deriva do latín *matre* que significa canle dun río ou presa de auga. Xa no terreo da mitoloxía pode facer alusión a unha das tres *Matres Gallaeciae* célticas.

Na parroquia de Noceda (Cervantes) están as covas de Madre de Auga de onde se extraía o ferro.

PENA DO MAISEIRO

En Vilachá (Becerreá). Terreo cuberto de plantas de millo, latín *millu*, a planta que ten como froito unha mazaroca formada por grans amarelos comestibles.

Segundo recolle Xaquín Lorenzo Fernández en *A Terra* (1982), polos traballos de Bouza Brey sabemos que o primeiro millo chegou no ano 1604 traído polo almirante Gonzalo de Castro e a súa muller Madalena de Luaces. Trouxérono en dúas arcas polo menos; unha perdeuse no século XIX, mais a outra consérvase en Casariego (Asturias), de

Pena do Pico (Becerreá)	
-------------------------	--



onde era o almirante. Este gran veu de Florida e el sementouno na súa terra mentres a muller facía o mesmo en Mondoñedo, súa patria. Sábese que o millo xa se cultivaba no ano 1749 nas parroquias de Galegos, A Pobra e Rao. En Galicia está documentado nos castros galegos o millo miúdo (*panicum miliaceum*).

No Maiseiro, en Penamil (Navia de Suarna), houbo unha explotación mineira en época romana.

PENA MAIOR

Penamaior é unha parroquia do concello de Becerreá posta baixo a advocación de Santa María de San Lourenzo. A segunda parte do nome procede do latín *maior, maioris*. Tamén é unha serra cuxo cume máis alto, situado a 1.184 metros de altitude, recibe o nome de PENA DO PICO ou Pena Maior, citada por este último nome nun documento do ano 572 como límite do *comitatus sarriensis levat se in Penam Majorem et pergit ad Pando*. No ano 1093 noméase como *Pena Maiore*. En días claros divisase a cidade de Lugo, mais nun número da *Revista Galicia* do ano 1935 asegúrase que tamén se pode ver Santiago de Compostela, incluso a cidade da Coruña.

En Penamaior houbo un mosteiro cisterciense fundado no século XIII polos monxes da orde do Císter, provenientes da abadía de Carracedo do Bierzo para acoller aos peregrinos. Hai quen sitúa eiquí aos cabaleiros do Temple, a famosa e misteriosa orde monástico-militar. No aleiro da igrexa hai dous canzorros que segundo a crenza popular representan a Sede e a Fame. Cóntase que cando a restauración do templo atoparon un alxube onde había un sistema para torturar aos presos polo método da goteira, que ben suxeitos cun mecanismo para que non se puideran mover, sobre a súa cabeza caía unha gota de forma intermitente que lle perforaba a tapa do cranio e lle podrecía os miolos. Ás portas do Convento, como se coñece popularmente, celebrábase unha feira documentada no ano 1525, comezando a súa decadencia a partir da Desamortización do ministro Mendizábal de 1836, ata a súa desaparición no 1889 tal como recolleemos do desaparecido periódico *El Eco de Galicia* do 20 de febreiro dese ano en que pasa a celebrarse en Becerreá.

PENA DA MANTEIGA

Na parroquia de San Pedro (Cervantes). Coñecida tamén como Pena do Unto, do latín *unctum*. Alusión á crema extraída da leite de vaca ou doutros animais no primeiro caso, e gordura interior do corpo dun animal no segundo.

Xunto dela colocábanse as mulleres para vender manteiga e unto ás persoas que ían á feira de Seixas.

PENAMARELA

Pico situado entre Ibias (Asturias) e Murias de Rao (Navia de Suarna). O composto, marela, deriva do latín *amarellus*, en alusión á cor amarela, quizais producido nas penas por algún proceso de oxidación. Malia o anterior, “a marela” era unha cantiga que entoaban as cuadrillas de segadores con toda a forza da voz, en ocasións para competir con outros grupos.

O Penamarela (Navia de Suarna)	
--------------------------------	--



Polo lugar discorre un camiño histórico que aparece documentado no mapa de Tomás López (1777) e que, a pesares da súa imprecisión, obsérvase o seu trazado. Mellor se observa no plano de Francisco Coello (1870) que segue o mesmo itinerario que a pista actual. Di unha canción: “Arriba Pico de Surcio, abaixo Penamarela, máis arriba está Valouta, Deus nos libre desa terra”.

A media ladeira do monte están as coñecidas como PENAS DO RELOXO DO SOL. Trátase de dúas pedras, paralelas entre si, situadas na ladeira que dá cara o, ata non hai moitos anos, asentamento temporal da Braña de Pandozarco. Eran utilizadas polos veciños para saber a hora, que se calculaba dependendo de onde o sol pousara os seus raios. Cando a sombra se apoderaba do sitio, sabían que non tardaría en botarse a noite, polo que procedían a recoller o gando para metelo nas cortes, e eles nas casas.

O topónimo Pena Marela tamén se atopa na parroquia de Mosteiro (Navia de Suarna).

Penas dos Mouros (Cervantes)



PENA DO MEDEIRO DO POMBO

En Ousón (Becerreá). Un medeiro é un grupo de monllos de centeo, trigo, etc., colocados de pé uns contra os outros, que se fai na leira despois de segar. O pombo, latín *columba palumbus*, é unha ave da familia dos colúmbidos.

En Galicia hai dous tipos de pombais: o pequeno, caseiro, onde aniñan algunhas parellas domésticas e que comunmente se chaman pombeiros, e o pombal rural illado no que viven as pombas semiselvaxes que adoitan procurarse o alimento por si mesmas. Estaban situados case sempre preto de pazos ou casas economicamente importantes.

PENA DOS MOUROS

Como vimos máis arriba, o segundo elemento do topónimo pode derivar da raíz prerromana **mor*, pedra, pero tamén pode facer alusión á cor moura ou ao ser sobrenatural tan arraizado no imaxinario popular que deu multitude de lendas.

PENA DOS MOUROS

Ao pasar a aldea do Lago, pero xa en terras da parroquia de Vilamane (Becerreá). A finais dos anos trinta ou principios dos corenta do século XX, un mozo e a súa noiva regresaban á aldea despois de pasar o día na feira de Becerreá para vender os produtos da horta. Era á atardecida dun frío inverno. Collidos da man, alixeiraron o paso, a noite non tardaría en caer. E por riba comezaba a nevar. Respiraron aliviados cando non moi lonxe albiscaron o fume que saía das chemineas. Pero pouco durou o gozo, detrás da Pena dos Mouros apareceron uns bandidos. O que era o xefe, acercouse ao mozo e colleulle unha estilográfica á que lle tiña grande estima, que sempre levaba, oufano, no peto da chaqueta. O mozo, forte e con sona de non terlle medo a ninguén, avalanzouse sobre o asaltante. Pero non chegou a alcanzalo, unha

bala disparada por un dos sicarios acabou coa súa vida. Días máis tarde sóubose por boca da moza, que conseguira fuxir, que os salteadores pertencían a unha coñecida banda do Cereixal.

PENA DOS MOUROS

En Savane, parroquia de Quindous (Cervantes), case no límite coas parroquias de Dorna e San Pedro. A pena dálle nome a unha necrópole composta por cinco mámoas ou medorras do período Neolítico. No sitio vivían os mouros que agochaban fabulosos tesouros.

PENA DOS MOUROS

En Riamonte, na parroquia de Vilarello (Cervantes). Hai unha pequena cova onde vivían os mouros que gardaban xoais de ouro e prata. Nas inmediacións hai un castro e varias explotacións mineiras de época romana.

PENA DOS MOUROS

En Robledo de Son (Navia de Suarna). Debaixo da pena, os mouros agocharon un tesouro.

PENA DOS MOUROS

No monte Valongo, entre as parroquias de Moia e Rao (Navia de Suarna). Localizouse unha medorra do período Neolítico en febreiro de 2020.

Tamén fai alusión a este ser fantástico a COVA DOS MOUROS, preto da estrada que vai cara Vilar de Ousón (Becerreá), non moi lonxe do asentamento dos Castros. A galería, de cronoloxía descoñecida, ten un metro de ancho por dous de alto, interrompéndose despois duns vinte metros debido aos cascallos, provenientes dun derrube, que impide continuar. Dise que durante a Guerra da Independencia foi utilizada polos guerrilleiros galegos que loitaban contra as tropas napoleónicas, e que despois da Guerra Civil foi usada polos guerrilleiros antifranquistas.

COVA DOS MOUROS

En Abrente, parroquia de Mosteiro (Navia de Suarna). Crese que puído ser utilizada polos romanos como galería de prospección.

MARCO DO MOURO

En Murias de Rao (Navia de Surna). Cítase nun documento do ano 1815 que fala doutro anterior. Sitúase preto da Braña de Pandozarco, no límite con Valouta (León), no Penedo das Valiñas. Ademais do marco de pedra había un pau que servía como orientación á xente durante as nevaradas.

Outras penas fan alusión a este ser fantástico: A Pena dos Mouros, na parroquia de Ribón (Navia de Suarna), galería de prospección de época romana nun pequeno abrigo de cuarcita. A Pena de Fondemouro en Vilachá (Becerreá). Pena do Mouro en Rao (Navia de Suarna). Penedo Mouro en Pin (Navia de Suarna). A Cova dos Mouros nas Pontes de Gatín (Becerreá). A Pena da Moura localízase en San Pedro e Santa María do Castro (Cervantes), citadas no Castastro de Ensenada.

PENA DA MULLER

Topónimo derivado do latín *pinna*, pena, e *mulier, eris*, muller.

PENA DA MULLER

Entre Embernallas e Muñís (Navia de Suarna). Dise que en tempos das Cruzadas unha nai coa súa filla dirixíanse, a pé, cara Embernallas. Nun momento dado, a filla detívose xunto unha pena onde estaba o demo. A nai, que ía por diante, farta de que a filla non acelerara o paso, díxolle: “Se foses pedra, camiñarías máis apresa”. Nese intre, o demo converteu á moza nunha pena. Outra versión conta o que segue: Dúas mulleres de Embernallas, nai e filla, ían á misa a Muñís. Ao pasar por Rigueiro decatáronse de que esqueceran na casa un bolo que lle ofreceran ao santo. Entón, a nai pediulle á filla que volvera por el, mais a filla negouse. A nai, encabuxada, largoulle: “Ogallá te convertas en pedra!”. Cando a nai volvía co bolo, no lugar onde tiña que estar agardando a rapaza había unha pena coa forma

do seu corpo. Agora no sitio xa non existe a pena, tirárona cando fixeron unha pista que vai a Embernallas.

PENAS MULLERES


Entre as parroquias de Cereixedo e San Pedro de Cervantes. En tempos que ninguén lembra, unhas mulleres que viñan de Folgoso por un antigo camiño víronse, de súpeto, arrodeadas por unha manda de lobos. Desesperadas, e cando os lobos xa se ían botar sobre elas, gatuñaron polas verticais penas, decisión que lles salvou a vida.

Na parroquia de Mosteiro (Navia de Suarna), no límite con Asturias, existe outra Pena da Muller.

PENA DE MURIAS

En Murias de Rao (Navia de Suarna). O segundo elemento, Murias, pode facer alusión a un terreo cercado de pedras.

	Pena de Murias (Navia de Suarna)
--	----------------------------------



Pedregal. Elixio Rivas Quintas, en *Contribución ao dicionario galego* (2001), di que é un muro antigo grande. Tamén hai quen o identifica coa cor moura. Segundo o *Vocabulario del bable de occidente* (1932), de Bernardo Acevedo y Huelves e Marcelino Fernández y Fernández, é de orixe céltica, unha variante de camiño, camiño romano ou de carro. Trátase dun colosal afloramento rochoso situado a 1.137 metros de altitude, con cavidades na base, sobre o camiño asfaltado que vai cara a braña de Pandozarco. Asociada a unha explotación mineira de época romana.

Dise que os mouros agochaban eiquí un carro e dous xugos de ouro. Os veciños, para evitalos, tiñan que arrodear por Pandozarco. Tamén hai un burato que se se tira unha pedra soa como se tocase en metal.

Pero a lenda de máis sona entre os veciños, que teñen por unha historia real, aconteceu durante as Guerras Carlistas do século XIX. Cóntase que cando unha partida carlista fuxía das forzas liberais, e por medo a que estas se apoderaran do tesouro que levaban, decidiron agochalo na Pena de Murias. A pesares de que foron moitos os forasteiros que o buscaron, nunca lograron dar con el. Tamén andiveron na súa procura os veciños pero, ata o de agora, sen éxito. Iso si, saben que non está lonxe de onde buscan e que, máis tarde ou máis cedo, ha aparecer. Esa seguridade dálla unha referencia que, ao parecer, deixaron os carlistas por se algunha vez tiñan que volver a buscalo. Dise que o tesouro está no único lugar da pena dende onde se divisa o campanario da igrexa de Rao.

Outra Pena de Murias sitúase en Trabado, parroquia de Cereixedo (Cervantes). Tesón de Murias en Vilaquinte (Cervantes). Murias do Camín é unha aldea da parroquia de Ribón (Navia de Suarna), onde tamén atopamos o orotopónimo Picón de Murias. O Marco de Muria, en Folgueiras (Navia de Suarna), cítase como límite de freguesías no Catastro de Ensenada.

PENA DA NOVIA

Entre as aldeas de Bustelo, parroquia do Castro, e Trigais, parroquia de San Pedro de Cervantes. Novia ou noiva vén do latín *novius*, de *novus*, novo.

Xunto dela casou unha mouroa que custodiaba un tesouro. Non moi lonxe atópase a necrópole megalítica da Pena dos Mouros.

PENA DO OSO

En Piornedo, parroquia de Donís (Cervantes). Alusión a unha pena frecuentada polo oso, do latín *ursus*, o plantígrado de gran tamaño que, como vimos na Pena da Boullosa, foi extinguido dos Ancares no ano 1941 despois de miles de anos vivindo neste territorio. Na actualidade xa volven a verse, agora como especie protexida.

	Pena da Novia (Cervantes)
--	---------------------------



No mes de agosto de 2016 documentáronse varias penas con gravuras de factura artificial con representacións de coviñas.

PENA DO PAU

En Coro, parroquia de Rao (Navia de Suarna). Pau, latín *palus*, anaco de madeira, alongado e cilíndrico.

Na pena vivía o Renubeiro, un ser maligno enviado pola Morte para espaxear a desgraza por onde pasaba. Para escorrentalo, a xente plantaba sabugueiros e recurría ás meigas.

PENA DA PANZA

En Penamaior (Becerreá). Do latín *pantex*, *-icis*. Pola súa forma semella unha barriga ou ventre moi avultado.

Disque debaixo hai unha ermida cun túnel que comunica coa igrexa de Santa María de Penamaior. Durante a Guerra da Independencia, o cura salvouse de caer nas mans dos soldados franceses porque escapou pola gruta.

PENA PARTIDA

En Castelo (Cervantes). Do latín *partiri*, e este de *pars*, *partis*, dividir algo en dúas partes, separar algo doutra cousa.

En Vilouta (Becerreá), está o MARCO DA PARTIDA. Segundo unha versión, que cremos a correcta, alude a que no sitio se “partían” (dividían) dúas freguesías tal como recolle o Catastro de Ensenada. Pero tamén se di que no lugar os monxes de Penamaior “partían” as colleitas dos veciños quedándose coa parte que lle correspondía ao mosteiro.

PENA DA PASCUA

Na parroquia de Vilouta (Becerreá). O composto deriva do latín vulgar *pascua*, este do latín *pascha*, este do grego *páscha*, e este do hebreo *pesah*, pasto, herba de alimento para o gando, que aparece moitas veces con ese significado nos documentos medievais. A Pascua é, na relixión católica, a festa na que se lembra a resurrección de Cristo, tamén a festa máis solemne dos hebreos en memoria da liberdade do cativeiro de Exipto.

Ata ben entrado o século XX, no lugar reuníanse para xantar os pastores que coidaban do gando na Serra do Pico.

PENA PELICEIRA

En Peliceira, parroquia de Rao (Navia de Suarna). Alusión a unha curtidora de peles, do latín *pellis*.

Segundo unha noticia recollida do desaparecido *El Norte de Galicia* do 1 de setembro de 1920, por Peliceira estaba proxectado que pasara o ferrocarril, que proveniente de Monforte de Lemos atravesaba parte da comarca dos Ancares con destino a Asturias. Recálcase que *“bajo el punto de vista comercial e industrial, producirá beneficios incalculables a Galicia y Asturias, por cuánto se economizarán del recorrido actual por León 300 kilómetros, con la ventaja de que dicho ferrocarril pasará por la boca de la mina de carbón de Peliceira, hoy inexplorada por falta de caminos, por los bosques de Cervantes, donde surgirán multitud de industrias derivadas de la madera...”*.

PENA DA PENOA

Nas inmediacións do castro de Robledo, na parroquia de Son (Navia de Suarna). Estamos ante unha repetición de pedra.

Trátase dunha pena pola que se guiaban os de Robledo para calcular que hora era cando o sol, ao poñerse, daba nela.

PENA DA PORQUEIRA

En Barcia (Navia de Suarna). O segundo elemento pode facer alusión a unha muller que vende ou coida dos porcos, latín *porcus*, ou á cortella ou cubil onde viven os animais. Mais o dicionario da RAE define o termo *porquera* especificamente como o lugar ou sitio en que se encaman e habitan os xabarís no monte.

Unha noite un mozo, cando regresaba das festas da Proba, entráronlle ganas de mexar. Foi achegarse á pena cando escoitou un ruído, como uns pés camiñando sobre as follas. Entalecido, non se atreveu a moverse pensando que era un lobo. Xirou un pouco a cabeza e viu que non era o lobo, era a Compañía. Quen facía ruído era un veciño da parroquia, que tamén estivera na festa, ao que non lle dera tempo de fuxir da procesión das ánimas en pena.

PENA DO QUEIXO

No concello de Becerreá. Do latín *caseus*, produto obtido pola maduración da callada do leite.

PENA QUENTE

No Lago, parroquia de Fontarón (Becerreá). O composto do nome vén do latín *calens*, *-tis*, quente.

Situada a carón da estrada que vai a Louxas. Recibe o nome porque, ao contrario do que pode parecer, era o lugar máis frío da zona. Gran parte desapareceu ao ampliar a estrada.



Pena Quente (Becerreá)

PENA REDONDA

En Robledo, parroquia de Rao (Navia de Suarna). A segunda parte do topónimo deriva do latín *rotundus*, de forma circular ou semellante.

Cóntase que na pena os mouros custodiaban un tesouro. Tamén se asegura que despois da Guerra Civil agochábase un fuxido e que pola noite a súa muller leváballe de comer.

PENA DO RISCO

En Trabadelo, parroquia de Muñís (Navia de Suarna). Dous significados para o segundo elemento: Situación ou circunstancia que ameaza a seguridade dunha persoa ou cousa, ou debuxo ou marca. No presente caso encaixa na segunda acepción.

Frei Martiño Sarmiento, no *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1757-1762), di que son as gretas que hai nas penedas a xeito

de nichos e alacenas, sucos e concavidades. Para Carré Albarellos, trazo feito cun obxecto. Para Eladio Rodríguez González, penedo alto e escarpado que é arriscado subirse sobre el; e raia, sinal natural ou artificial que se forma nun corpo. Este mesmo autor fala do *Risco de Salomón*, signo que se aconsellaba contra as aparicións dos espíritos e a Santa Compañía, consistente en dous triángulos “entrambilicados”, formando a figura dunha estrela de seis puntas; para que teña efecto debe ser trazado dunha soa vez e sen levantar o pau. Segundo Elixio Rivas Quintas, na Fonsagrada chaman así ao xogo do *tres en raia*.

A principios do ano 2020 documentouse no sitio unha mámoa e varias penas con gravuras de coviñas ao aire libre.

PENA RUBIA

Pico situado a 1.822 metros de altitude, entre o concello de Cervantes e O Bierzo. Pode facer alusión á cor vermella ou rubia,

Pena Redonda (Navia de Suarna)	
--------------------------------	--



latín *rubeus*, que por algún proceso de oxidación adquiriu esa cor, ou derivar do adxectivo *rupeus*, rochosa.

Ao seu pé hai un manancial onde nace un pequeno curso de auga. Un home de Teixeira (O Bierzo) viu en varias ocasións roupa tendida xunto a fonte, feito estraño xa que nalquel lugar tan abrupto e alonxado era imposible que vivira ninguén. O caso contoullo na Campa de Penarrubia a un veciño da Freita (Cervantes) onde compartían o pasto para o gando. Decidiron vixiar o sitio. Ao anoitecer viron unha muller moi fermosa cun cesto cheo de roupa que se puxo a lavar na fonte que despois colgou nas pólas das árbores. Mais, cando se acercaron, a muller desapareceu. Era un encantamento.

	Pena do Santo (Cervantes)
--	---------------------------



PENA DO SANTO

Na Serra da Fiosa, parroquia de Dorna (Cervantes). Ares Vázquez di que os nomes latinos *Sanctus* e *Sancius* terían como base o participio do verbo latino *sancio*, *sanxi*, *sanctum*, que significa sancionar, consagrar, polo que *sanctus* equivalería a consagrado.

Cóntase que os veciños das aldeas dos arredores acostumaban levar un santo ata o cume cada vez que precisaban da súa axuda (ninguén nos soubo dicir de que santo se trataba). Unha vez na parte máis alta do monte colocábano sobre a pena, poñíanse en círculo arredor da imaxe e facían as peticións. Finalizado o ritual, baixábano de novo para a igrexa mosteiral de Dorna. A tradición asegura que no sitio había unhas cruces gravadas nunha lousa onde se pousaba o santo, ademais da representación da súa figura. A pena que lla dá nome foi destruída ao colocar un vértice xeodésico.

En Lama de Rei, parroquia do Mosteiro (Cervantes), case no límite co concello das Nogais, está o Monte do Santo.

PENA DO SEÑOR SANTIAGO

En San Román de Cervantes. Santiago o Maior, coñecido tamén como o Zebedeu, foi discípulo de Xesús. Segundo a tradición foi no ano 33 cando pisou por primeira vez a *Gallaecia* para evanxelizala. Será no ano 813 cando o ermitán Paio descubra a suposta tumba no monte Libredón, onde se levanta a actual catedral compostelá. Hai quen conxectura que os restos venerados na catedral son os de Prisciliano, o famoso heresiarca galego do século IV.

Disque recibe o nome porque a imaxe do Santiago Apóstolo aparecía na pena todas as mañás. Farto de ir buscalo todos os días para devolvelo á igrexa, o cura ordenou poñerlle unhas cadeas suxeitas a unha argola para que non puidese escapar. Asegúrase que cando venderon o santo aínda levaba postas as cadeas.

PENA DA SOMBRA

O composto denuncia a escuridade, a falta de luz. Tamén unha imaxe escura que proxecta un corpo opaco, interceptando os raios do sol. En Galicia, A Sombra é a aparición fantasmagórica da imaxe dunha persoa ausente ou defunta. Tamén recibe este nome a doenza causada pola aparición dun morto, como a anemia, o raquitismo, o aire, etc.

PENA DA SOMBRA

En Sarceada (Becerreá). Actuaba como reloxo, indicando, en función de como lle dese o sol, os distintos quefaceres que tiñan que realizar os veciños: hora de xantar, recoller o gando, etc.

PENA DA SOMBRA

En Bazal (Cervantes). Cumpría funcións semellantes á anterior. Cando se pousaba a sombra sobre a pena indicaba que se aproximaba a noite e era hora de recoller o gando.

Pena Tallada (Cervantes)



PENA TALLADA

Entre as parroquias do Mosteiro, San Pedro e Vilasante (Cervantes). O composto deriva do latín *taleare*, cortar.

O nome dállo unha gran rocha cunha fenda cortada artificialmente de máis de quince metros (ver Castro da Pena Tallada). Ademais de a un castro, dálle nome a unha explotación aurífera a ceo aberto de época romana situada nas inmediacións.

O microtopónimo Pena Tallada tamén se atopa na parroquia de Vilouta (Becerreá), no límite co concello de Láncara. O Marco da Pena Tallada en Castelo (Cervantes).

PENA DO TESOURO

Na parroquia de Rao, próxima ao límite con Asturias. O segundo elemento deriva do latín *thesaurus*, es este do grego *thesaurós*.

Dise que hai soterradas unha barras de ouro.

O TESOURO atopámolo en Vilachá (Becerreá). Nunha pena que hai no lugar agóchase unha muller encantada (unha moura) que só sae na Noite do San Xoán transformada nunha galiña e arrodeada por sete pitos de ouro.

En Freixís (Navia de Suarna), citado no Catastro de Ensenada, está o MARCO DA SERRA DO TESOURO.

PENA DOS TRES SEÑORES

En Penamaior (Becerreá). Composto polo número natural tres e o latín *senior*, *-oris*, un término de respecto co que dirixirse a unha persoa superior en idade, dignidade ou cargo.

Leva o nome porque ao parecer xunto a pena reuníanse os abades dos mosteiros de Penamaior e outro que había en Constantín (Baralla) e o señor de Neira. Chámanos a

atención a referencia a un abade dun suposto mosteiro en Constantín xa que, de existir, non se conservan restos. A única referencia pode ser un documento do ano 1179, na venta dunha propiedade entre Baralla e Constantín onde lemos: “*Loco nominato Aer de Abadessa... per terminum de ipsa via antiqua*”. Pero o documento fala claramente dunha muller, non dun “señor”. Pero noutro documento anterior, do ano 961, cítase o mosteiro míxto ou dúplice (de homes e mulleres) de *Sorstua*, situado en territorio do río Navia: “*villa vocabulo Sorstua, discurrente rivu Navie*”. Trátase dunha doazón de dúas irmás, a devota Visteverga e a confesa Teodildi, que ofrecen varias propiedades aos “*fratum vel sororum*” que habitan nese cenobio. Confirman o documento, ademais das anteriores e dous confesos, o bispo Gonzalo de León, Novidio, abade de Samos, e Pantinus, posible abade de *Sorstua*. Lucas Álvarez, en *El Tumbo de San Julián de Samos siglos VIII-XII* (1988), e Freire Camaniel, en *El monacato gallego en la Alta Edad Media* (1998), localizan este mosteiro, con reservas, na zona de Becerreá. Mais Enriqueta López Morán, nun seu artigo,

Peña dos tres Señores (Becerreá)



Monasterios dúplices en la comarca sarriana y anexionados al monasterio de Samos (2015), di que podería tratarse dunha mala transcripción do amanuense e escribir *Navie* por *Narie*, o que suporía situar o mosteiro xunto o río Neira.

PENA DO VAQUEIRO

En Vilaquinte (Cervantes). Citada no Catastro de Ensenada como límite de freguesías. Alusión a un pastor de gando vacún.

Dise que recibe o nome porque un pastor que ía coas vacas, ao pasar unha Noite de Defuntos xunto a igrexa de Vilaquinte, viu que a porta do cemiterio se abría sen que ninguén a empuxase e a campá comezou a tocar soa. Foi tal o medo que colleu que non parou de correr ata chegar á pena. Quen abriera a porta e tocara a campá foran as ánimas da parroquia.

PENA DA VELLA

Na parroquia do Cereixal (Becerreá), no interior do recinto da Escola de Alta Montaña. O composto vén do latín *vetera*. No presente caso actúa como sinónimo de moura, o ser fantástico.

Unha fermosa moura que vivía na Pena do Pico foi expulsada cando quixo casar cun humano. Só lle permitiron levar canda ela a pena onde vivía. Cóntase que algunhas noites escóitase o seu laio polo seu amado que mataran os mouros.

A PENA DE VILAVELLA atópase en Vilanova do Pedregal, parroquia de Noceda (Cervantes). Un día, os mouros, que vivían na pena, mataron unha vaca. Como represalia, xuntáronse os do pobo para ir ata o sitio e matalos. Pero os mouros, cando os viron, fuxiron, pero unha moura, que estaba encinta, non conseguiu escapar. Para salvar a vida, díxolles que lles daría riqueza para eles e os seus fillos. Pero os veciños, crendo que o tesouro estaba na pena, matárona e despois foron na busca do tesouro. Pero non atoparon nada.

En Acevedo, na parroquia de Vilarpandín (Cervantes), atópase a Pena Vella; e o castro do Teso da Vella, que citamos máis arriba, en San Tomé de Cancelada.

PENA DA VERRUGA

En Coea, parroquia de Castañedo (Navia de Suarna). Do latín *verruca*, excrecencia cutánea na capa superficial da pel, tamén a que se forma no toro dunha árbore. Alusión a unha pedra curativa.

Na pena hai un burato que sempre está cheo de auga que, asegúrase, posúe propiedades medicinais para curar as verrugas ou espullas.

O Catastro de Ensenada cita en Santa María do Castro (Cervantes) o Marco da Verruga.

PENA DO VIÑO

En Chan de Lagares, parroquia de San Pedro de Cervantes. O composto vén do latín *vinu*, a bebida alcólica que se fai co zume das uvas.

Xunto dela poñíanse os do Bierzo con garrafóns de viño para venderllo á xente que pasaba polo lugar con destino á feira de Seixas. Nas inmediacións sitúase a necrópole megalítica da Pena dos Mouros.

PENAS DA ALBELA

En Narón, parroquia de Guilfrei (Becerreá), no límite con Toldaos (Láncara). O composto vén da forma preindoeuropea **alb*, monte, altura, ou do latín *albus*, branco.

O albelo é unha forma galega moi usada para designar unha árbore que tamén se chama abidueira, bedul, bidueiro, etc., que corresponde á denominación de *betulla alba*. Tamén se chama albela ao miñato, ave da familia das falcónidas. Algúns historiadores cren que en Biduedo, en Triacastela (presente no itinerario do nobre alemán Von Harff, na súa viaxe a Santiago de Compostela entre os anos 1496 e 1499), se bifurcaba o camiño que ía cara o norte, por Lamas, Folgueira e Monte da Albela.

PENAS DA ANTIGA

Entre Cabanelas e Ferreirúas (Navia de Suarna). Do latín *antiqua*, que existiu hai moito tempo.

Recibe o nome porque ao seu carón, non moi lonxe do Chao do Castro, pasaba un primitivo camiño que comunicaba Busto con Ferreirúas. O composto tamén o atopamos no Camín da Antiga, no concello de Becerreá, alusión á calzada romana da que aínda se conservaban algúns tramos antes da construción da autoestrada A6 que, ademais da vía, destruíu o sitio arqueolóxico do Enciñal. Dende O Cereixal, pasaría preto de Cadoalla, para logo seguir cara Ouselle, nas inmediacións da finca Vilarín, na falda meridional do Castro da Coroa, onde apareceu unha especie de obradoiro de cerámica romana de construción (tégulas, imbrices, baixorelevo...). Dende Ouselle, seguiría cara ó regueiro de Aira Ponte, que cruzaría, para logo seguilo ata practicamente a súa unión co regueiro do Vao, e de alí ata As Pontes de Gatín, xunto a mansión romana de *Pons Neviae*, citada no Itinerario de Antonino, redactado a principios do século III d. C.

PENAS DE CANTARÓN

En Moia (Navia de Suarna). Base céltica **cant*, croio, pedra de pequeno tamaño e de forma arredondada. Caridad Arias di que podería facer mención a unha divindade prerromana co significado

de branca, coruscente, emparentada, de non ser a mesma, coa deusa-naí megalítica *Bre/Vedra*.

En tempos de sequía a xente ía en procesión para pedir que chovera, botando auga bendita sobre a pena. Tamén se conta que sobre a pena había unha cruz que foi levada por un bispo para afastar o demo (outra versión fala dun trasno) que frecuentaba o lugar.

PENAS DA CHISPA

A chispa é unha partícula que salta do lume, do roce entre pedras, metais, etc.

Atopamos este o topónimo nas Cabanas, parroquia de Fontarón (Becerreá), e no Castro e Valgos (Cervantes). As casas non se construían coas súas pedras porque ían parar todos os raios durante as treboadas, atraídos polo ferro que hai debaixo.

PENAS DO COMEAL

No Comeal, parroquia de Vilarello (Cervantes). Do latín *cumulum*, referido á parte alta dunha serra ou dun monte. Lindeiras co Bierzo, atópanse a 1.261 metros de altitude.

Situadas preto da Vía romana XIX que, procedente de *Asturica Augusti* (Astorga) comunicaba con *Lucus Augusti* (Lugo). Na parte da Braña (O Bierzo), a raíz duns lumes acontecidos no ano 2018, saíu á luz un impresionante tramo da vía de máis de dous quilómetros, e no Comeal atópase un *agger* duns 100 metros de longo, o único catalogado pola Xunta de Galicia na comarca dos Ancares.

PENAS DO ENCIÑAL

Na parroquia de Cadoalla (Becerreá). Alusión a unhas penas situadas nun lugar poboado de aciñeiras, do latín vulgar *ilicina*, árbore de madeira dura cuxo froito é a landra.

Os nosos devanceiros, para curar determinadas enfermidades, adoitaban colgar a roupa nas ramas das aciñeiras.

Cando a construción da autostrada A6 no ano 1999, as máquinas e a dinamita arrasaron gran parte dun asentamento de época romana e tramos da Vía XIX, inaugurada no ano 11 d. C. que pasaba polo lugar e que unía as capitais conventuais de *Asturica Augusta* (Astorga) e *Lucus Augusti* (Lugo).

PENAS ENTEIRAS

En Vilagoncide, parroquia de Pin (Navia de Suarna). Do latín vulgar *integrum*, acusativo de *integer*, alusión a unhas penas completas, sen rachar.

Dise que nunha pena había gravado un mapa onde os mouros sinalaban onde gardaban os tesouros. Nun dos sitios marcados, un home de Pin deu cunha ola chea de po de ouro, pero ao cruzar un regato rompeulle e o ouro levouno a corrente ata o río Navia. Houbo unha explotación a ceo aberto de época romana.

PENAS DA MENDIGA

Na parroquia de Moia (Navia de Suarna). Non conseguimos información sobre este nome tan curioso, referido, quizais, a unha persoa que se poñía xunto a pena para pidir esmolas, unha mendiga, do latín *mendicus*.

PENAS DE SAÍN

En Vilartote (Cervantes). Denominábase saín ao aceite de peixe ou á graxa do porco para o alumado doméstico. A Pena de Saín tamén a atopamos en Barcia (Navia de Suarna).

Nestas penas acendíase unha fogueira para alonxar os males que podían afectar ao gando e as colleitas.

PENAS DE TARÁS

En Navia de Suarna. Base **tar*, altura, monte rochoso. *Tara* é, para Caridad Arias, unha deusa megalítica. *Taranis*, segundo Sevilla Rodríguez, era o nome do Xúpiter galo. Para outros autores, esta divindade céltica está testemuñada coa forma *Taranus*. *Taranis*, *Taranus* ou *Tanarus*, próximo ás formas do antigo irlandés *torann*, galés, antigo córnico e bretón *taran*, que significa trono, que indicaría que este debeu ser un deus do trono e por este motivo asemellado a Xúpiter.

PENAS TREIXAIS

Na Balsa, parroquia da Ribeira (Navia de Suarna). Treixal, variante de cereixal, *prunus avium*.

Na Noite do San Xoán, as persoas que padecían do colleitizo (erupcións cutáneas producidas por cobras ou sapos), achegábanse ata a pena porque dicían que o orballo desa noite curábaas. O ritual remataba facendo unha cruz coa cinza do último lume da lareira.

PENAS DE TREMO

Na parroquia de Rao (Navia de Suarna), no límite con Asturias. Para o segundo elemento, Carré Alvarellos, no seu *Diccionario galego-castelán* (1951), ademais de hinchado e tremente, dálle o significado de temperado, quente, termal. Tamén pode vir do verbo latino *tremere*, lugar batido polo vento. Ou tremor, do latín *tremor*, *-oris*, sacudida violenta da superficie terrestre.

PENAS DE TUNA

Na parroquia de Rao (Navia de Suarna), lindeiro con Asturias. O segundo elemento nada ten que ver co grupo de estudantes que cantan e tocan polas rúas, senón que se aplica a varias plantas solanáceas (estramonio) de talos carnosos que medra en zonas montañosas, coñecida tamén como figueira do inferno, figueira tola ou herba do demo. Fr. Martín Sarmiento, na súa *Viaxe* de 1745, di que pola súa acción medicinal no gando, as amatas das bestas curan colocando as follas sobre elas. Pero o seu uso resulta moi perigoso para persoas e animais se se inxiren.

PENEDO DA CAMA

Na parroquia de San Román de Cervantes, na cima dunha dorsal divisoria entre os ríos Quindous e Seixas, ocupando unha valgada entre dous pequenos outeiros. Orixinariamente, cama significaba “leito no chan”.

Peiteado o lugar non atopamos esta pena debido á abundante maleza. Por referencias orais, ao parecer había un sepulcro antropoide. Nas inmediacións apareceron muíños circulares e unha ara de época romana.

PENEDO DA FORCA

Na parroquia de Rao (Navia de Suarna). Forca deriva do latín *furca*, estrutura construída para aforcar.

Nunha ocasión estaba unha velliña soutando castañas cando sentiu unha voz a bradar: “Vaite ao monte, vella, non me soutes as castañas!”. A muller non fixo caso. Axiña apareceu o Busgoso e matouna, pendurándoa dunha forca. Anos despois apareceron no sitio unhas zocas e unha arca que ninguén soubo de quen era.

En Vilouta de Abaixo (Becerreá), preto do dolmen da Pedra Cobertoira, está a Pena Forcada, latín *penna furcata*.

PENEDO FUCHÁN

Na parroquia de Noceda (Cervantes). O composto semella denunciar un lugar onde hai unha cova, gruta ou caverna (fuchó).

Na pena vivía unha vella que tiña unhas chaves de prata que colocaba sobre as persoas que padeceran a mordedela dunha serpe velenosa para curarlle o mal. Pero o favor non era gratuíto, a cambio había que levarlle o primeiro leite que esa mañá dera a vaca máis nova.

PENEDO GRANDE

En Moreira (Cervantes). Grande deriva do latín *grandis*.

Segundo noticia publicada en varios xornais no mes de outubro de 1925, na noite do día 12 os veciños escoitaron un grande estrondo que nun principio atribuíron a un tremor. Pola mañá comprobaron que o ruído producírao unha explosión por un cartucho de dinamita que alguén fixera estourar xunto a pena, suceso que apuxeron a un home de Donís. No mes de outubro de 2016 documentáronse uns petróglifos da Idade do Bronce.

PENEDO DAS MERENDAS

En Murias, parroquia de Rao. O composto vén do latín *merenda*. Nidia alusión a unha pena onde se reunían as persoas para comer.

Na parroquia de Vilachá (Becerreá) atópase A PENA DAS MERENDELAS. En tempos, cando os veciños de Monel, A Muñeiz e Vilar subían co gando, comían xunto a pena toucín, chourizos “ou o que cadrara”.

PENEDO DA TESTA PRETA

En Murias de Rao (Navia de Suarna). Testa, en latín tardío deu cráneo, a parte superior do corpo humano. A última parte do topónimo pode facer alusión a unha cousa apertada ou situada a pouca distancia, mais en portugués denomínase *preta* a algo de cor semellante ao do carbón, ou a unha persoa cuxa cor de pel é negra. En Murias tamén se atopan os Penedos Pretos.

PENEDO DA TRAPA

En Cruzul (Becerreá). Prerromano **trap* ou **tramp*. Pequena porta ou trampa que se pecha con táboas que comunica dúas dependencias. Trampa para cazar feras. Menos probable é que se refira á orde monástica da Trapa, fundada por Armand Jean le Bouthillier de Rancé en 1664, que naceu como unha rama da orde do Císter.

Nun preito do mes de marzo de 1772, Antonio Falcato, de “*San Juan de Agoeira*” (Agüeira), denuncia a Joseph Fernández polo roubo das pedras do foxo para cazar lobos situado nos montes de Valdavara.

O composto atopámolo no Alto da Trapa, Golada da Trapa, Marco da Trapa e Penedo da Trapa (Cervantes). O Penedo da Trapa en Murias do Camín (Navia de Suarna). O Marco da Trapa en Cruzul e Cascallá (Becerreá), e Cereixedo (Cervantes).

PETRÓGLIFO

Un petróglifo, do grego *pétra*, rocha, e *glyphos*, tallado, é un gravado rupestre ao aire libre realizado sobre rochas ou laxes que ten diversas funcións e significados. A maioría dos petróglifos galegos adxudícanse principalmente á Idade do Bronce e parte da do Ferro aínda que hainos de factura medieval e moderna.

Ata o mes de agosto de 2013, este tipo de representacións era inexistente, non só na comarca dos Ancares, senón en toda a zona oriental da provincia de Lugo. Os primeiros localizáronse na Campa do Barreiro (Cervantes). Dende aquelas lévanse documentado 23 grupos (21 en Cervantes e dous en Navia de Suarna), entre eles os do Mustallar que ata o presente son os catalogados a maior altitude de Galicia. Predominan as coviñas, e en menor número as combinacións de círculos concéntricos. Ao tratarse dunha arte simbólica son de natureza inintelixible e co único que xogamos son con hipóteses xa que este sistema de comunicación desapareceu xunto coas persoas que os xeraron, incluso cabe a posibilidade de que o seu significado só sería comprensible a determinados membros daquela sociedade.

No Catastro de Ensenada de mediados do século XVIII recóllense algunhas penas con gravuras que foron utilizadas como marcos que citamos máis arriba.

Petróglifo: Petróglifos da Cabana dos Estremeños (Navia de Suarna)



PICO DE REQUEIXOS

En Vilaquinte (Cervantes). O primeiro elemento deriva do latín *beccu*, cumio dun monte ou parte puntiaguda que sobresaia na superficie dalgunha cousa. O composto está no latín *quattere*, *quassus*, crebantar, en alusión a un terreo que remata en costa para entrar nunha chaira. O requeixo, ademais dunha especie de queixo feito de leite tomado, tamén é a parte interior da palloza onde se almacena a leña no inverno, e lugar na cociña onde se ten a leña para o lume.

Había un encanto que polas noites facía soar unhas chocas, era un ruído tan enxordecedor que as vacas asustábanse e fuxían. Un día xuntáronse os veciños e acenderon un gran lume para queimalo. Cando regresaron á aldea viron como as cortes co gando dentro estaban ardendo.

PICO DE TRES BISPOS

Situado entre o concello de Cervantes e León, a 1.795 metros de altitude sobre o nivel do mar. Bispo vén do latín tardío *episcopus*, e este do grego *epískopos*, que significa supervisor, inspector. Na relixión católica, prelado superior dunha diocese.

Segundo a tradición recibe o nome porque eiquí se reunían os bispos das dióceses de Lugo, Astorga e Oviedo para dirimir os problemas de xurisdición. Trátase dun topónimo metafórico que mediante unha alegoría popular indicaba o lugar de confluencia das dióceses citadas. En Tres Bispos nace un val glaciario onde podemos observar un amplo circo cuberto de colados de bloques. No mes de novembro de 2020, na Campa do Cimbri, nas inmediacións de Tres Bispos, localizouse a medorra con dolmen situada a maior altitude de Galicia.

O PENEDO DO BISPO está na liña divisoria das parroquias da Pobra de Navia e Vilarpandín (Navia de Suarna). Disque estaba encantado, e accedíase por medio dunha escada de ouro. Ao parecer tamén



Pico dos Tres Bispos (Cervantes)

se celebraban con moito boato unha serie de rituais cristiáns que polo topónimo estarían presididos por un bispo.

POBOACIÓNS CO ELEMENTO PEDRA NO NOME

CANTORCIA

Aldea da parroquia de Ribón (Navia de Suarna). Raíz preindoeuropea **cant*, pedra, rocha. Lugar pedroso.

Preto da aldea había unha grande e antiga nogueira. Un bo día, o propietario decidiu arrincala. Cal foi a súa sorpresa cando debaixo das raíces había un pucheiro cheo de po de ouro. Mais a alegría pouco lle durou, o pucheiro partiu e o ouro foi arrastrado pola auga dun regueiro que discorre polo lugar.

CASCALLÁ

Aldea e nome dunha parroquia de Becerreá que ata a súa creación pertencía á antiga freguesía de Nantín. De *quassicaliare*,

do verbo latino *quassare*, romper, alusión a un terreo abundante en cascallos, mestura de area grosa e pedras; ou tamén, segundo Ares Vázquez, unha *villa* de *Cascellianus* ou a casa de *Callianus*. En documentos do ano 1037 cítase como *Cascaliana*, e *Cascallana* no 1284.

Foi couto e granxa do mosteiro de Penamaior. Está documentado que no século XVII, o párroco, Xoán Rodríguez, tiña dous criados e tres criadas. Nas inmediacións da igrexa parroquial de Santa María de Cascallá, no lugar coñecido como A Capilla, apareceron uns sepulcros antropoides que, ao parecer, foron destruídos.

COEA

Núcleo de poboación pertencente á parroquia de Castañedo (Navia de Suarna). Vén de croio, coio, canto rodado, e este da voz celta *crodios*, duro. J. Piel deriva do latín *conus*, pena grande.

Aínda que a maior parte dos autores sitúan o nacemento do emperador romano Teodosio I o Grande (347-395) en Coca (Segovia), hai quen o traslada para Galicia. O historiador Benito Vicetto (1824-1878) lévao para San Salvador de Coea, parroquia de Castro de Rei, pero Amor Meilán (1867-1933) inclínase polo Coea de Navia de Suarna.

En Coea hai unha ermida posta baixo a advocación de Santa Lucía. Contáse que a súa construción débese a que nun monte próximo apareceu a imaxe da Madanela, a seguidora de Xesús, que os veciños trasladaron para a aldea, o que ao parecer non apracía á santa que sempre regresaba para o sitio onde a atoparan, e así unha e outra vez ata que lle construíron a capela onde se conserva a talla.

CORMES

Núcleo de poboación pertencente á parroquia de Morcelle (Becerreá). Parece derivar dunha raíz **cor*, pedra, alusión a un terreo pedroso. O Souto de Cormes, con máis de 55 hectáreas, está poboado de castiñeiros.

CORNEANTES

Aldea da parroquia de Donís (Cervantes). Todo apunta a unha raíz precéltica **corn*, pedra, referido a un lugar pedroso. Segundo Ares Vázquez tamén podería estar relacionado con cornear. Menos probable é que teña a orixe nun antropónimo.

Ao ensanchar a pista, hoxe estrada local asfaltada, que pasa a carón da capela de Santiago, saíron á luz varias tumbas feitas con laxes onde apareceron esqueletos humanos. En Corneantes pidíanlle ao cura que fora a celebrar misa para dicir as letanías e arrenegar o trono. Tamén se celebraban procesións para evitar calamidades. Cando a campá da ermida tocaba soa era sinal de que na aldea ía haber un defunto.

CORO

Na parroquia de Rao (Navia de Suarna). Voz precéltica **cor*, pedra. Coro tiña fama de gustar dos preitos, de aí o dito : “De Coro, trece veciños e catorce avogados”.

LAXO

Núcleo de poboación da parroquia de Rao (Navia de Suarna). Variante de laxe, céltico *lagená*, latín *lagea*, pena de grandes dimensións coa superficie lisa e longa. Nas Penas de Laxo houbo unha explotación mineira de época romana.

MURIAS, MURIAS DO CAMÍN E MURIAS DE RAO

Aldeas das parroquias de Vilamane (Becerreá), e Ribón e Rao (Navia de Suarna): Terreo cercado de pedras. Pedregal. Elixio Rivas Quintas, en *Contribución ao dicionario galego* (2001), di que é un muro antigo grande. Nicandro Ares di que derivaría de *murus*, ou de orixe prerromana, coma o galego morea, co significado de montón de pedras.

PADORNELO

Aldea da parroquia da Ribeira (Cervantes). Diminutivo de padrón ou pedrón, derivado de *petra*, pedra. Lugar pedroso, rochoso. Ou metátese de padronelo, diminutivo de padrón, latín *patronus*, derivado

de *pater*, pai, pero contaminado ás veces con pedrón, de pedra. Nun documento do mosteiro de Carracedo do Bierzo do século XIII a aldea xa figura como Padornelo, e noutro de Lugo como *Patrunello*.

A PEDREIRA

En latín tardío, unha *petraria* era unha *via lapidibus munita*, camiño empedrado que mesmo podería ter a orixe nunha calzada romana.

Na Pedreira de Padornelo (Cervantes) apareceu un machado neolítico descuberto por don José Luis González, de Valgos. Asegurou que cando se empezou a utilizar a maquinaria no campo “desfixéronse moitas tumbas de pedra”. No lugar tamén apareceran outras pezas, entre elas unha posible punta de frecha, que non se conserva. O seu propietario cedeu o achado ao museo etnográfico de Cervantes para a súa exposición (o machado atópase no Concello). Semella que está realizado nunha rocha coñecida como anfíbolita de orixe metamórfica; tamén podería ser outra rocha similar de orixe plutónica: diorita ou granolita. Ten 23 cm de longo, 8 cm de ancho e 7,5 cm no fío lixeiramente curvado. A Pedreira é tamén un núcleo de poboación pertencente á parroquia de Queizán (Navia de Suarna).

PEDRELADA

Aldea da parroquia de Fontarón (Becerreá). Quizais o mesmo significado que pedreira, ou podería ser unha *petra elata*, pedra alta.

Está documentado que no ano 1850 a ferrería dos Mazos, situada en San Martiño de Neira de Rei (Baralla), utilizaba o mineral extraído nas veas de Pedrelada.

PENAMAIOR

Parroquia de Becerreá. Do latín *pinna maior*. (Ver Pena Maior).

PENAMIL

Parroquia de Navia de Suarna. Atópase nunha ladeira da Serra de Pedruñais, sobre o río Navia. O nome quizais proveña dunha *(*Villa*) *Pennamiri*, dun posesor medieval de nome *Pennamirus*.

Hai un castro do que apenas se conservan restos, moi humanizado pola construción da igrexa, o cemiterio, casas, camiños e terras de cultivo. Do antigo asentamento aínda se poden ver as moreas de croios que formaban parte da muralla que o protexía. Mais esas pedras, segundo os veciños, non foron levadas alí polos primitivos moradores, senón por causas naturais. Dise que nunha época indeterminada o lugar foi asulagado por un terrible diluvio, foi tanta a choiva que caeu que o río Navia, que discorre cen metros máis abaixo, subiu tanto o seu caudal que arrastrou ata Penamil as pedras que hoxe en día se poden ver esparexidas polo lugar. Nun radio que non supera os 500 metros de distancia está o asentamento da Torre e as explotación mineiras de época romana de O Preirón, A Medua ou Escanarega e A Preira.

PENASINCEIRA

Núcleo de poboación pertencente á parroquia de Galegos (Navia de Suarna). Do latín *pinna* e *sincerus*. Quizais faga alusión a unha pena con poderes adiviñatorios á que se lle facían preguntas e endexamais se equivocaba. No sitio coñecido como A Viña de Penasinceira houbo unha explotación mineira de época romana.

PENEDO

Na parroquia de Vallo (Navia de Suarna). Pena que actuaba como punto de referencia. No mes de setembro de 2016 localizouse unha pena con petroglifos na Pena dos Cubelos, lugar pertencente a esta aldea.

A PENELA

En Guilfrei (Becerreá). Diminutivo de pena co sufixo *-ela*.

SEIXAS

Aldea da parroquia de San Román de Cervantes. Deriva do latín *saxum*, rocha, penedo, croio, seixo. A palabra seixo xa se le na forma galega actual no mosteiro de Sobrado dos Monxes no ano 932, e en Santiago no 1169.

Ata os anos sesenta do século XX celebrábase unha das feiras máis importantes da comarca dos Ancares. Ademais da capela, no Campo da Feira había dúas tabernas, casa de comidas e funeraria. Segundo *El Áncora, diario católico de Pontevedra* e *El Correo de Galicia* do 12 de xuño de 1903, houbo unha desputa entre varios mozos. Das palabras pasaron aos feitos, tomando a liorta proporcións tan alarmantes que saíron a relucir navallas e pistolas. O Campo da Feira converteuse nun campo de batalla, resultando feridas varias persoas, entre elas o irmán doutro que fora asasinado non facía moito. Un mozo de Dumia recibiu dous balazos no peito, “*quedando moribundo*”. O médico Jaime Pardo practicou as primeiras curas a cinco ou seis dos feridos. Foron detidas tres persoas. *El Norte de Galicia* do 5 de abril de 1906 recolle outra liorta porque un home non aceptou a invitación a un vaso de viño. Este último xornal, con data 29 de agosto de 1902, censura que un dos concelleiros do municipio mantiña na feira un banco para “*clavetear*” zapatos. Interesantes resultan os prezos que había na feira. *El Regional* do 8 de maio de 1900 di que unha vaca de leite pagábase a 250 pesetas, os tenreiros a 100 e 125, as cabras a 8, os cabritos a 5, as galiñas a 1, e unha ducia de ovos a 45 céntimos. Tamén di que a feira que se celebraba o día 1 pasaba ao 3 de cada mes.

TORALLO

Núcleo de poboación situado na parroquia de Agüeira (Becerreá). Partícula prerromana **tor*, altura, rocha. Ou, segundo indica Nicandro Ares, dun posesor de nome *Turalius*.

Antonio Ulloa Regueira, alcumado “Torallo”, foi un guerrilleiro antifranquista que se fugou do Depósito de Becerreá o 7 de decembro de 1936 xunto con outros quince presos. Un dito popular recita: “Os de Horta comen caldo nunha biorta, i-os de Torallo nun fardallo”.

VEIGA DO SEIXO

En Cervantes. O primeiro elemento vén do prerromano **baika*, terreo sempre húmido, chan e fértil. O composto deriva do latín *saxum*, rocha, penedo, croio, seixo. A palabra seixo xa se le na forma galega actual no mosteiro de Sobrado dos Monxes no ano 932, e en Santiago no 1169.

VILACHÁ PEDROSA

Núcleo de poboación pertencente á parroquia de Veiga (Becerreá). *Villa plana petrosa*, alusión a unha poboación edificada sobre un terreo de características pedrosas. Nas proximidades podemos ver os restos dunha explotación aurífera de época romana.

VILANOVA DO PEDREGAL


Na parroquia de Cereixedo (Cervantes). Do latín *villa nova* determinado polo latín *petricale*, sitio abundante en pedras, de *petra*.

En Vilanova había unha praca de médico na porta do estanco que dicía: “Consulta martes, venres e días de feira”, actividade que compartía con menciñeiros, compostores, sabias, etc., que adoitaban ter máis pacientes que o propio médico.

PONTE

Do latín *ponte*, estrutura construída para comunicar dous lugares separados por unha corrente de auga ou un accidente do terreo.

Ponte de Cruzul (Becerreá)



As pontes eran fundamentais para asegurar a continuidade de calzadas e camiños.

PONTE DE CRUZUL

En Cruzul (Becerreá). O historiador Manuel Murguía (1833-1923) consideraba que o nome é equivalente ao de *Crozón*, na Bretaña francesa. López Santos derivao dun improbable *Sancta Crux*. A tese de Monteagudo, da que participa Nicandro Ares, postula o xentilicio *Craeci-urius*, derivado de *Craec-ius*. Citado como *Crezur* nun documento dos anos 1232 e 1325, e *Crezul* no 1434. É a única ponte da provincia de Lugo vinculada ao período Neoclásico, podendo considerarse como a primeira infraestruturas da enxeñaría civil moderna, de vital importancia para as comunicacións da provincia de Lugo coa Meseta. Foi proxectada polo enxeñeiro Carlos Lemaur, nomeado polo Marqués de la Ensenada como director de obras do Camiño Real entre Benavente e A Coruña, en substitución do enxeñeiro José Crame. Construída polos seus sucesores Balthasar Ricaud e Bartolomé Amphoux, pertencía ao Camiño Real de Acceso a Galicia, importante obra de enxeñaría desenvolvida durante o reinado de Carlos III, co obxectivo de unir Madrid con Lugo, A Coruña e Ferrol.

Esta infraestruturas camiñeira está intimamente ligada á Guerra da Independencia (1808-1814). Aínda que en Galicia a ocupación do exército napoleónico foi breve (menos dun ano) debido á forte oposición da Igrexa, da pequena nobreza (fidalguía) e, sobre todo, do campesiñado que, utilizando a estratexia da guerra de guerrillas, frustráronos dende o primeiro momento da invasión. As xentes do lugar apoderáronse de máis dun milleiro de fusís que os soldados franceses agochaban xunto a ponte. Dise que foi voada para empecer o paso das tropas napoleónicas, mais iso só é unha lenda. Cóntase que anos despois, cando a raíña Isabel II se enterou do custo da ponte, asomouse ao balcón do seu palacio en Madrid e, mirando cara a serra de Guadarrama, asombrouse de non ver dende alí tan custosa obra.

As imaxes e fotos históricas das pontes da comarca dos Ancares anteriores aos anos sesenta do pasado século XX son escasas. Desá ausencia hai que exceptuar a ponte de Cruzul, o que demostra a importancia e o prestixio que tiña entre as xentes do concello de Becerreá. A primeria imaxe da ponte figura no libro de Adam Noel

Letter from Portugal and Spain, editado en Londres no ano 1809. No libro, o xeneral británico sir Jhon Moore relata que ao día seguinte de pernoctar nas Nogais, camiño de Lugo, chegou á ponte de Cruzul onde os franceses preparaban a súa voadura. Noel fai un debuxo onde figuran catro arcos en vez dos tres cos que conta na actualidade, feito que leva á conclusión de que se puído reconstruír posteriormente, perdendeo un dos arcos. Hai que destacar que, como puído comprobar o mesmo Noel, a ponte non foi voada (como conxectura algún investigador e a tradición) polos ingleses para retardar o paso das tropas invasores dos mariscais Soutl e Ney cando se retiraban cara A Coruña, o que leva a pensar que, no caso de que a lámina citada a plasmara fidedignamente, foi reconstruída debido a outras causas. Unha lámina do século XIX representa a retirada do exército inglés pola ponte de Cruzul, perseguido polos franceses. No *Semanario pintoresco español* do 21 de abril de 1850 aparece un debuxo da ponte.

PONTE DAS PONTES DE GATÍN ou PONTE DO DEMO

Nas Pontes de Gatín, parroquia de Liber (Becerreá). O composto fai alusión a unha **(villa) Gattini*, dun propietario medieval que atendía

Ponte das Pontes de Gatín (Becerreá)



polo nome de *Gattinus* ou *Cattinius*. No ano 1167 Fernando II couda o mosteiro de San Salvador de Cancelada “*ex parte de Gatin per fundum de Pina Ausendi*”, e no 1178 “*sicut dividit a pontibus de Gattin*”.

Nas súas inmediacións apareceron muíños circulares, moedas, tégulas e anacos cerámicos de clara filiación romana. Eiquí estaba a mansión romana de *Pons Neviae*, citada no Itinerario de Antonino, situada a carón da Vía romana XIX que, procedente de *Asturica Augusta* (Astorga) comunicaba con *Lucus Augusti* (Lugo). Desta importante infraestrutura consérvanse bos tramos en Ransinde e A Braña (O Bierzo), e O Comeal (Cervantes). No medio do único arco consérvase un miliario que debeu pertencer á Vía romana XIX que pasaba polas inmediacións, logo reutilizado en tempos de Carlos III para insculpir unha inscrición viaria que di: “*El edificio/este puente/por orden del/protector/de los caminos/ del pueblo/[...] roto/[...] el [...]*”.

Pero, quen construíu a ponte? A razón dínos que persoas humanas, pero xa se sabe que eiquí en Galicia... Cóntase que nunha ocasión un forte temporal asolou a comarca, provocando unha nunca vista enchenta do Navia, ata o punto de facer imposible atravesar o río. Unha muller que tiña que pasar urxentemente ao outro lado para que unha curandeira (hai quen fala dunha bruxa que habitaba na Cova da Moura, que existe) sandara ao seu fillo que padecía unhas altísimas febres, achegouse ata a ribeira para suplicar axuda ao Todopoderoso, mais quen se lle apareceu non foi outro que o mesmo díaño quen, sempre disposto a “axudar”, lle preguntou que lle daría a cambio de asegurarlle o paso cara a outra ourela. A muller, disposta a dálo todo para salvar a vida do seu fillo, respondeulle que o que lle pidise. O díaño construíu a ponte, pero a muller tivo que entregarlle a súa alma.

Outra versión di que un mozo, que vivía na marxe esquerda do río, estaba namorado dunha rapaza que vivía na marxe oposta. Como non había maneira de cruzar o río para estar xuntos, fixeron un pauto co demo a cambio de que este lles construíra unha ponte para poder disfrutar do seu amor. O díaño, a cambio, díxolles que lle tiñan que entregar o primeiro ser vivo que nacera na casa da parella. Celebrouse a voda e a moza quedou embarazada ao



Ponte Vella (Navia de Suarna)

pouco tempo. Mentres, o diaño facía o imposible para que non nacera ningún animal para así asegurarse que o primeiro ser vivo nacido na casa fora o neno que esperaban. Co que non contou o demo foi coa palleira anexa á vivenda. O destino quixo que nela nacera unha camada de gatiños (daí o nome de Gatín). Entón, o home colleu o primeiro gatiño nacido (hai quen di que era negro) e levoullo ao diaño ata a ponte onde llo entregou, burlando deste xeito o fatal destino que lles tiña preparado. Dende aquelas tamén é coñecida como A Ponte do Demo.

PONTE VELLA

Na Proba de Navia. Salva o río Navia. Medieval, do século XIII ou XIV. Consta dun arco apuntado construído en lousa. Sebastián de Miñano, no seu *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal* (1827), atribúelle unha orixe romana, época que tamén recolle Amor Meilán na súa *Geografía del Reino de Galicia, provincia de Lugo* (1928). Ata mediados dos século XVIII, para cruzala había que pagar o pontádego que, segundo o Castastro de Ensenada, lle producía ao conde de Altamira 88 reás de vellón ao ano.

PORTA DO SOL

Na Serra de Pin (Navia de Suarna). O composto deriva do latín *sol*, *solis*, referido á estrela arredor da cal xira a Terra e outros membros do noso sistema planetario. O sol foi unha deidade solar dos romanos.

Trátase de dúas penas de xisto que estaban coroadas por unha gran laxe en forma de lintel que lle daba aparencia dunha porta ou trilito. Recibe o nome porque no verán, ao solpor, o sol sitúase xusto entre ambas pedras. Era o momento elixido polas persoas sobre as que botaran o mal de ollo para desfacer o maleficio pasando entre elas.

REGO DA PEDRA ALBA

En Guilfrei (Becerreá). Rego deriva do latín *rigu*, e alba de *albus*, branco.

Hai unha muller moi fermosa que só aparece na Noite do San Xoán. Se algunha persoa consegue vela e obedece os seus mandatos farase rico, pero senón chama a outros mouros para que a maten.

A Porta do Sol (Navia de Suarna)



REFLEXOS NAS PENAS OU UN OVNI?

Hai máis de 40 anos aconteceu un suceso en Becerreá que case pasou desapercibido. Houbo que esperar 24 anos para coñecer o que pasou ás oito da tarde do día 2 de abril de 1969. Unha persoa que viaxaba no seu coche pola antiga N-VI viu, á altura do quilómetro 476, ao pé duns outeiros, un obxecto que identificou como “unha nave espacial tripulada” en forma de obús, duns seis metros de lonxitude e totalmente iluminada. Cando detivo o coche para ver mellor o obxecto, xa desaparecera. Segundo se puído saber no ano 1993, en que o *Mando Operativo Aéreo* (MOA) desclasificou os arquivos OVNI, trece días despois do avistamento a testemuña narrou por carta o acontecido á Subsecretaría de Aviación Civil. Segundo o informe do MOA, carécese de datos puntuais do avistamento, ademais a zona é rica, continúa, en penas graníticas con forte compoñente en mica e moi erosionadas o que lles proporciona uns contornos arredondados de múltiples formas. Conclúe o informe que o fenómeno observado suxire unha ilusión óptica orixinada polo reflexo do sol nunha rocha granítica. Versión non compartida polos ufólogos que fan fincapé en que a investigación do MOA foi “unha chapuza” xa que as descrições que se verquían no informe non se corresponden coas citadas pola testemuña o que leva a pensar que os investigadores visitaron o sitio equivocado e non o Alto do Campo de Árbore, identificado claramente polo

Relevo de Vilarín (Becerreá)



observador. Nós non quitamos nin poñemos, pero si podemos asegurar que nin na zona nin en varios quilómetros á redonda hai unha soa pena granítica.

Non foi o único “avistamento”. No mes de novembro de 1954, o veciño de Becerreá, don Ramón Ortiz, asegurou ver outro que pasou “a una velocidad vertiginosa”. A finais dese mesmo mes, outro ovni foi visto en Friol e en Lugo.

RELEVO DE VILARÍN

No ano 1999, a raíz das obras da autovía A6, na finca Vilarín, parroquia de Ouselle (Becerreá), atopouse un relevo realizado en granito no que se representan, de perfil e camiñando un detrás do outro, un touro coa cabeza ergueita, unha vaca e un xato. A peza foi reutilizada na construción dun forno dunha olería datada no século III d. C. O relevo semella de finais do século I ou da primeira metade do II d. C. Crese que formaría parte dun friso dun edificio que podería ter relación cun culto oriental adicado á divindade Mitra, deus de orixe persa da luz solar, cuxo culto foi adoptado polos romanos no ano 60 a. C., competindo co cristianismo ata o século IV. Era unha relixión misteriosa, organizada en sociedades secretas, formadas exclusivamente por homes.

TESO DO MILAGRE

En Dorna (Cervantes). Do latín *miraculum*, pode facer alusión a un lugar onde se practicaban certos rituais destinados a curar determinadas enfermidades, tanto físicas coma psíquicas.

Descoñecemos que acontecemento extraordinario lle deu nome ao lugar. A única referencia proporcionounola unha muller de Quindous que nos dixo que alí subían os monxes do desaparecido mosteiro de Dorna para rezar.

BIBLIOGRAFÍA

Amigo González, A.

En Lucensia: *Cervantes (Lugo) un concello con lenda*. 2002.

Aparicio Casado, B.

Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos: mitología popular gallega. 1999.

**Archivo de la Real
Chancellería de Valladolid**

mecd.gob.es/cultura/archivos

Ares Vázquez, N.

Estudos de toponimia galega. 2013.

Arqueotoponimia

arqueotoponimia.blogspot.com

Cabeza Quiles, F.

Os nomes de lugar. 1992.

Cabeza Quiles, F.

Os nomes da terra. 2000.

Caridad Arias, J.

Toponimia céltica de Galicia. 2006.

Rodríguez Castelao, A.

As cruces de pedra na Galiza. 1949.

Castro, M., Freire, L., Prunell, A.

Guía das árbores de Galicia. 1989.

Coedo Novo, J. L.

Os Ancares. 1997.

Coromines, J., Pascual J. A.

Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico. 1980-1991.

CPI plurilingüe de Navia de Suarna

Fardel de tradición. 2004.

De Llano Cavado, P.

Arquitectura popular en Galicia. Razón e construción. 1996.

Diccionario da Real Academia Galega
academia.gal/diccionario

Feijoo Ares, V.

Las motivaciones de los nombres de las piedras en Galicia. Cultos, ritos y leyendas. 2014.

Ferreira Priegue, E.

Los caminos medievales de Galicia. 1988.

Fraga Vázquez, G.

A orde do Císter na diócese da provincia de Lugo. 1998.

Fraguas y Fraguas, A.

La Galicia insólita. 1973.

Galicia Encantada

galiciaencantada.com

Galiciana. Biblioteca dixital de Galicia

biblioteca.galiciana.gal

García Fernández-Albalat, B.

Guerra y religión en la Gallaecia y la Lusitania antiguas. 1990.

Garrido, G. A.

Aventureiros e curiosos. Relatos de viaxeiros estranxeiros por Galicia, séculos XV-XIX. 1994.

González Reboredo, X. M.,

Rodríguez Campos, X.
Antropología y etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares. 1990.

Instituto da lingua galega

ilg.use.es

Instituto Xeográfico Nacional

Cartografía.

Linares García, J.

Os mouros no imaxinario popular galego. 1990.

Lisión Tolosana, C.

Antropología cultural de Galicia. 2004.

López Pombo, L.

Lucenses de cuna y vínculo. 2003.

Mámoas, petróglifos e castros da comarca dos Ancares

arqueoancares.blogspot.com

Martínez Salazar, A.

Algunos temas gallegos. 1948.

Méndez Ferrín, X. L.

Consultorio dos nomes e apelidos galegos. 2007.

Ministerio de Defensa

Cartografía do Exército de Terra

Moralejo Lasso, A.

Toponimia gallega y leonesa. 1997.

Moure Salgado, X.

Tradicións e lendas sobre a morte na comarca dos Ancares. 2013.

Moure Salgado, X. e Carpenleira, P.

Cervantes, un concello con historia. 2019.

Navaza Blanco, G.

Fitotoponimia galega. 2006.

Nomenclátor de Galicia

xunta.gal/nomenclator

PARES. Portal de Archivos Españoles

pares.mecu.es

Patrimonio da Comarca dos Ancares

arqueoloxiadosancares.blogspot.com

Reza, X. B.

Vivir en Ancares. 2002.

Rivas Quintas, E.

Onomástica persoal do Noroeste hispánico. 1991.

Rodríguez Colmenero, A.,

Álvarez Asorey, R. D.

Vía romana XIX: unha viaxe dende Lugo aos Ancares, seguindo as pegadas de Roma. 2008.

Rodríguez González, E.

Diccionario enciclopédico gallego-castellano. 1958-1961.

Santos Díaz, M.

Os Ancares, a gran serra galaico-leonesa. 2001.

Sobrado Correa, H.

Las tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860. 2001.

Taboada Chivite, X.

Ritos y creencias gallegas. 1982.

Vaqueiro, V.

Guía da Galiza máxica, mítica e lendaria. 1998.

Villa-Amil y Castro, J.

Crónica general de España, provincia de Lugo. 1886.

Xunta de Galicia


mapas.xunta.gal/visoires/pba/



DEPUTACIÓN
DE LUGO



OS ANCARES LUCENSES
RESERVA DA BIOSFERA



Patrimonio dos Ancares



CONCELLO DE CERVANTES



CONCELLO DE BECERREÁ



CONCELLO DE
NAVIA DE SUARNA